



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 31 DE XULLO DE 2024**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as once horas e un minuto do día trinta e un de xullo de dous mil vinte e catro, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona María Dolores Pan Lesta, e asisten:

### **Polo grupo municipal de UxC:**

D. DANIEL MALLO CASTRO  
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS  
D.<sup>ª</sup> MARÍA CARMEN PAN MATOS  
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO  
D. DAVID LÓPEZ SABORIDO  
D.<sup>ª</sup> MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR

### **Polo grupo municipal do PP:**

D.<sup>ª</sup> DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ (que se ausenta do salón de sesións no momento que se expresa nesta acta)  
D.<sup>ª</sup> PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN  
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ  
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

### **Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:**

D. DIEGO ALCANTARILLA REI  
D.<sup>ª</sup> MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS  
D.<sup>ª</sup> PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY  
D.<sup>ª</sup> ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

### **Polo grupo municipal do BNG:**

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ (que se ausenta do salón de sesións no momento que se expresa nesta acta)  
D.<sup>ª</sup> MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES

### **Polo grupo municipal do AV:**

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO  
D. MANUEL CASTRO UZAL

### **Concelleira non adscrita:**

D.<sup>ª</sup> MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro do grupo político do BNG, D. Brais Cubeiro Fernández.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.<sup>ª</sup> Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto o secretario accidental, D. Fernando Manuel Garrido Negreira.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 31 de xuño de 2024, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video\_202407310901330000\_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 30 DE MAIO DE 2024, Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 6 DE XUÑO DE 2024 E Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 27 DE XUÑO DE 2024**

**Acceso á videoacta – 00:00:38 horas**

De conformidade co previsto no artigo 108.2 do Regulamento orgánico municipal, pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas correspondentes á sesión ordinaria do día 30 de maio de 2024, á sesión extraordinaria do día 6 de xuño de 2024 e á sesión ordinaria do día 27 de xuño de 2024, das que se remitiu copia coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas correspondentes á sesión ordinaria do día 30 de maio de 2024, á sesión extraordinaria do día 6 de xuño de 2024 e á sesión ordinaria do día 27 de xuño de 2024, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas da sesión ordinaria do día 30 de maio de 2024, da sesión extraordinaria do día 6 de xuño de 2024 e da sesión ordinaria do día 27 de xuño de 2024.

## **2. PARTE RESOLUTIVA**

### **2.1. PROPOSTA DE ALCALDÍA DE DECLARACIÓN DE NULIDADE DO ACTO ADMINISTRATIVO DA CONTRATACIÓN VERBAL DO SERVIZO DE TRACTO SUCESIVO E DE COMPETENCIA MUNICIPAL DENOMINADO XESTIÓN SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO PRESTADO POLA EMPRESA AUGASERVI, S.L. E DE CONTINUACIÓN COA PRESTACIÓN DO DITO SERVIZO POLA CITADA EMPRESA**

**Acceso á videoacta – 00:01:11 horas**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 19 de xullo de 2024 (CVD: H+zCIRxaQZRY5qnl8bX), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión ordinaria de data 24 de xullo de 2024, que transcrita di:

**“PROPOSTA DA ALCALDIA**

Visto que por resolución de alcaldía número 203/2024 de 22 de febreiro resolveuse incoar o expediente de revisión de oficio en relación co SERVIZO DE XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, SL..

Visto o informe de secretaría de 27.02.2024 (CVD: 38vq2PmkEkg/Zs4rkRW) có asunto *Revisión de oficio da contratación do servizo municipal de auga e sumidoiro prestado pola empresa Augaservi, S.L.*

Vista a sesión plenaria de 04.03.2024 na que se acorda ratificar a resolución de alcaldía número 203/2024 pola que se resolve incoar o expediente de revisión de oficio en relación co SERVIZO DE XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, SL así como comunicar á empresa Augaservi, S.L. que coa incoación do procedemento de revisión de oficio da contratación da xestión do servizo municipal de auga e sumidoiro considerase iniciado o procedemento de extinción do contrato

Visto o escrito de alegacións presentado por AUGASERVI, SL o 14.03.2024 (número de rexistro de entrada REGAGE24e00019865018).

Visto o informe-proposta emitido pola interventora municipal en data 03.04.2024 (CVD: bIX50okDSwA3KvCbEHLv), favorable á solicitude de ditame preceptivo e vinculante ao Consello Consultivo de Galicia.

Vista a resolución de alcaldía número 431/2024 de 4 de abril pola que se resolveu solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a emisión pola vía de urxencia do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L. .

Visto o Ditame número CCG 173/2024 emitido o 22.05.2024 polo Consello Consultivo de Galicia e con entrada no rexistro xeral na mesma data (núm. de entrada 20249000001377), favorable á declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L.

Visto o informe-proposta emitido pola interventora municipal de data 10.07.2024 (CVD: BhkH8Kst43Mbw9qsYLKc) que se transcribe a seguir:

### **<< INFORME- PROPOSTA ACORDO**

**ASUNTO:** Informe-proposta de intervención referido á declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L.

#### **I) ANTECEDENTES DE FEITO**

1º.- En relación á prestación do servizo de xestión municipal de auga e sumidoiro pola empresa AUGASERVI S.L. correspondente ao 4º trimestre de 2022 constan os seguintes antecedentes:

1º.a.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Réxime interior de data 09.10.2023 de aprobación de facturas e gastos.

1º.b.- Informe de intervención referencia LMR-facturas OMISIÓN DE FISCALIZACION- TEDEC 2023/T003/004547 asinado pola interventora o 04.12.2023 (I9bI5hqsINtRs5+IBXrI)

1º.c.- Solicitud de data 04.12.2023 (CVD: c6UIMFxmHmsmoAcsQYxt) de informe ao que se refire o artigo 28.2.c do real decreto 424/2017, do 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local .

1º.d.- Informe emitido en contestación á solicitude de intervención asinado o 09.02.2024 (CVD: 0YpQeFgmFndihx9A7bND) polo Ingeniero de Caminos Municipal Jefe de la Sección de Servicios

1º.e.- Informe de intervención referencia LMR-facturas AUGASERVI, S.L. OMISIÓN DE FISCALIZACION-TEDEC 2023/T003/004547 asinado o 15.02.2024 (OZZR8wpeQgUM6D+zWsEx).

2º. En relación á prestación do servizo de xestión municipal de auga e sumidoiro pola empresa AUGASERVI S.L. correspondente ao 1º trimestre de 2023 constan os seguintes antecedentes:

2º.a.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Réxime interior de data 18.09.2023 (CVD: StUWUBbZGfQplv/YfxMH) de aprobacion de facturas e gastos.

2º.b.- Informe de intervención referencia LMR-facturas OMISIÓN DE FISCALIZACION- TEDEC 2023/G003/001613 asinado o 29.09.2023 (xKIK5vpd57m/ZDZBgki4)

2º.c.- Solicitudes de data 03.10.2023 (CVD: iVpU9eiEMv5N4IFgH+dD) e de data 29.12.2023 (CVD: kuSyyXd14CaG72sTle4y) de informes ao que se refire o artigo 28.2.c do real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local .

2º.d.- Informes emitidos en contestación ás solicitude de intervención asinados, respectivamente, o 27.12.2023 (CVD: Aw9Qwf8znJt9AFWKGOBU) e o 09.02.2024 (CVD: AfrsDL+q5Ssvb+ryPYW9) polo Ingeniero de Caminos Municipal Jefe de la Sección de Servicios

2º.e.- Informe de intervención referencia LMR-facturas AUGASERVI, S.L. OMISIÓN DE FISCALIZACION-TEDEC 2023/T003/003781 asinado o 09.02.2024 (CVD: disJ9WPF6bAT1CYAyAZ2)

3º. En relación á prestación do servizo de xestión municipal de auga e sumidoiro pola empresa AUGASERVI S.L. correspondente ao 2º trimestre de 2023 constan os seguintes antecedentes:

3º.a.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Réxime interior de data 04.12.2023 (CVD: QDp3oiftxjTp5aSaK+RB) de aprobacion de facturas e gastos.

3º.b.- Informe de intervención referencia LMR-facturas OMISIÓN DE FISCALIZACION- TEDEC 2023/T003/004601 asinado por esta intervención o 12.12.2023 (/rizEteeZzl8n5FQaFbO).

3º.c.- Solicitud de data 12.12.2023 (CVD: : pGt5NhNyileSA5gzzLo8) de informe ao que se refire o artigo 28.2.c do real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local .

3º.d.- Informe emitido en contestación á solicitude de intervención asinado o 09.02.2024 (CVD: e40O86vPakwyALjuc9sm) polo Ingeniero de Caminos Municipal Jefe de la Sección de Servicios

3º.e.- Informe de intervención referencia LMR-facturas AUGASERVI, S.L. OMISIÓN DE FISCALIZACION-TEDEC 2023/T003/004601 asinado o 09.02.2024 (CVD: lefZRvYpI7ICIIBaXN6A)

4º.- O 29.12.2023 a concelleira de economía, facenda e réxime interior asina (CVD: CVD: tdfwAj6S+oxlFcfIS9Ct) providencia pola se solicita que se informe sobre a viabilidade xurídica da proposta de resolución de alcaldía:

*“ (...)En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO: Primeiro: Aboar ás seguintes empresas a metade da débeda que teñen co Concello de Cambre, deixando a outra metade a expensas do pronunciamento a intervención municipal e do Consello Consultivo”.*

En contestación á citada providencia a interventora o 15.01.2024 asina (CVD: 0NVk9qfPDAV59oyZRdYp) informe referencia LMR 2/2024 e a secretaria, na mesma data, asina (CVD: rNI4Gu+s++shkND1zsEO) o informe correspondente.

5º.- O 21.02.2024 a concelleira de economía, facenda e réxime interior asina (CVD: kVBtupacRI2Jsy1x81DC) providencia pola na que se solicita que se proceda, por parte da intervención municipal, a tramitar o expediente de revisión de oficio a fin de poder proceder ao pago que lle corresponda á empresa polo servizo prestado e garantir que non abandonen este servizo esencial ata a adxudicación do servizo cuxos pliegos están en redacción.

6º.- O 22.02.2024 dítase (CVD: PjAUznPOYTvOqD7qjJ0e) resolución de alcaldía número 203/2024 pola que se resolve incoar o expediente de revisión de oficio tendo en conta o argumentado pola interventora municipal nos seus informes en relación co SERVIZO DE XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, SL.

7º.- O 27.02.2024 a secretaria asina (CVD: 38vq2PmkEkg/Zs4rkRW) informe có asunto *Revisión de oficio da contratación do servizo municipal de auga e sumidoiro prestado pola empresa Augaservi,S.L.*

8º.- O 28.02.2024 (CVD: pBo2AAeaWkcrwiJqApTf) o alcalde asina oficio có asunto *Trámite de alegacións ao expediente de revisión de oficio do SERVIZO DE XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L* o cal se notifica o 29.02.2024 con número de rexistro de saída 202400000000806

9º.- Xustificante do sistema notifica.gal de posta a disposición con data e hora 29/02/2024 09:17:56.

10º.- Xustificante do sistema notifica.gal de aceptación con data e hora 29/02/2024 09:22:40, polo que o período de alegacións abrangueu dende o 01.03.2024 ata o 14.03.2024 (ambos inclusive).

11º.- Sesión plenaria de 04.03.2024 na que se acorda ratificar a resolución de alcaldía número 203/2024 pola que se resolve incoar o expediente de revisión de oficio tendo en conta o argumentado pola interventora municipal nos seus informes en relación co SERVIZO DE XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, SL. así como comunicar á empresa Augaservi,S.L. que coa incoación do procedemento de revisión de oficio da contratación da xestión do servizo municipal de auga e sumidoiro considerase iniciado o procedemento de extinción do contrato.

12.º- O 14.03.2024 con número de rexistro de entrada REGAGE24e00019865018, AUGASERVI, SL presenta escrito de alegacións ao expediente de revisión de oficio iniciado por resolución de alcaldía número 203/2024 de 22 de febreiro.

13.º.- Sesión plenaria de 01.04.2024 pola que se aproba o recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 288.627,94 euros na que se inclúen as facturas correspondente á XESTIÓN SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS correspondentes ao 4º trimestre de 2022 (fra. Número 46 de 10.03.2023 por importe de 100.442,77 €), ao 1º trimestre de 2023 (fra. Número 95 de 13.06.2023 por importe de 92.600,17 €) e ao 2º trimestre de 2023 (fra. Número 151 de 19.09.2023 por importe de 95.585,00 €).

14.º.- Informe-proposta emitido pola interventora municipal de data 03.04.2024 (CVD: bIX50okDSwA3KvCbEHLv) favorable á solicitude de ditame preceptivo e vinculante ao Consello Consultivo de Galicia.

15.º.- Resolución de alcaldía número 431/2024 de 4 de abril pola que se resolveu solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a emisión pola vía de urxencia do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L.

16.º.- Sesión plenaria de 20.05.2024 pola que se aproba o recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 2.106.930,04 euros na que se inclúe, entre outras, a factura AUGASERVI S.L. correspondente ao 3º trimestre de 2023 por importe de 115.997,07 €.

17.º.- Ditame número CCG 173/2024 emitido o 22.05.2024 polo Consello Consultivo de Galicia e con entrada no rexistro xeral na mesma data (núm. de entrada 20249000001377) favorable á declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L.

## II) FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Primeiro.- A normativa aplicable estaría constituída por:

- Constitución de 1978.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (coas modificacións sucesivas). (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto refundido de disposicións vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir factura que corresponde aos empresarios e profesionais
- Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.
- Informe de fiscalización do Consello de Contas de Galicia dos recoñecementos extraxudiciais de crédito aprobados polas entidades locais de Galicia exercicio 2018
- Bases de execución do orzamento para o exercicio 2023 prorrogado

**Segundo.- O Tribunal de Xustiza da Unión Europea considera a contratación verbal como a infracción máis grave do dereito comunitario (Sentenza do 11 de xaneiro de 2005 (Stad Ache):**

*“37 En efecto, el citado planteamiento tendría como resultado convertir la aplicación de las normas comunitarias pertinentes en facultativa, según la voluntad de cada entidad adjudicadora, cuando, por el contrario, dicha aplicación es obligatoria si se cumplen los requisitos previstos en estas normas. **Una facultad de este tipo podría provocar la infracción más grave del Derecho comunitario en materia de contratos públicos por parte de una entidad adjudicadora. Disminuiría sensiblemente la tutela judicial eficaz y rápida que desea la Directiva 89/665 y perjudicaría a los objetivos perseguidos por la Directiva 92/50, a saber, la libre circulación de los servicios y que en esta materia exista una competencia abierta y no falseada en todos los Estados miembros”***

Tal e como establece o art.103 da Constitución, a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa dacordo con os principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito. Así pois, as autoridades e o persoal ao servizo da mesma están obrigados ao debido respecto da normativa de aplicación nos diversos ámbitos de actuación dentro das competencias públicas polo que se insta a ao seu cumprimento.

**Terceiro.- De conformidade có artigo 28.1 do RD 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector publico local, nos supostos nos que a función interventora fose preceptiva e omitírase, non se poderá recoñecer a obrigación, nin tramitar o pago, nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza e resolva dita omisión nos termos previstos no citado artigo.**

No informe de intervención referencia referencia LMR-facturas AUGASERVI, S.L. OMISIÓN DE FISCALIZACION-TEDEC 2023/T003/004547 asinado o 15.02.2024 (OZZR8wpeQgUM6D+zWsEx) referido á prestación do servizo de auga e sumidoiro no 4º trimestre de 2022 conclúin:

**“(../...) IV) CONCLUSIÓN**

1.- **Advirto por escrito** que o xefe de obras e servizos do Concello de Cambre non se pronuncia claramente (afirmativa ou negativamente, sen ningún tipo de condicionante) en canto a se as prestacións foron ou non realizadas efectivamente e se os prezos facturados respectan ou non o prezo de mercado polo que, se ben as facturas foron asinadas polo Alcalde e ou concelleiro/s delegado/a, éstos deberán ter en conta este feito aos efectos de valorar a continuidade do procedemento ben únicamente coa documentación que obra nos expedientes ou ben consideran necesario que sexa incorporada algunha xustificación documental adicional. En todo caso e en cumprimento do artigo artículo 18.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades del Sector Público Local dispone que:

*“ El órgano interventor conocerá el expediente con carácter previo al acuerdo de liquidación del gasto o reconocimiento de la obligación. En este momento deberá quedar documentalmente acreditado que se cumplen todos los requisitos necesarios para el reconocimiento de la obligación, entre los que se encontrará, en su caso, la acreditación de la realización de la prestación o el derecho del acreedor de*

*conformidad con los acuerdos que autorizaron y comprometieron el gasto así como el resultado favorable de la comprobación material de la inversión.”*

**Reitérase** que, ao abeiro da RPT actualmente en vigor, é función do xefe de servizos a *Supervisión de los servicios prestados por empresas para el Ayuntamiento*. No apartado B do seu informe asinado o 09.02.2024 (CVD: 0YpQeFgmFndihx9A7bND) refire que “...*Mientras no se formalice una nueva contratación, deberán ser los servicios jurídicos los que indiquen si el contrato, al estar caducado, es nulo o ineficaz, y determinar si el contratista, tendría derecho al abono de los gastos realizados en la ejecución de los trabajos, para evitar un enriquecimiento injusto de la Administración...*”. Obviamente, para que os servizos xurídicos poidan pronunciarse ao respecto debe quedar acreditado se se prestaron os servizos facturados ou non.

**2.-** A contratación no sector público ten carácter formal por canto o artigo 37.1 da LCSP prohíbe a contratación verbal salvo que o contrato teña, conforme ao sinalado no artigo 120.1 do mesmo texto legal, carácter de emerxencia.

**O acto administrativo da contratación verbal** do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado **SERVIZO DE XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO** prestado pola empresa **AUGASERVI, S.L.** é nulo de pleno dereito dado que foi ditado sen tramitar procedemento algún, sen expediente de contratación, sen licitar, sen formalizar contrato e sen cumprir tampouco nin unha soa das formalidades esixibles sequera aos contratos menores. (*artigo 47.1.e Lei 39/2015, de 1 de outubro: Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes... Los dictados prescindiendo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido*).

Só os actos anulables son convalidables (artigo 52 Lei 39/2015, de 1 de outubro), non así os actos nulos de pleno dereito nos que só cabe a revisión de oficio para declarar a súa nulidade radical. **Constátase pois a necesidade de proceder á iniciación dun procedemento administrativo de revisión de oficio regulado no artigo 106 da Lei 39/2015, por remisión do artigo 41 da LCSP:**

*“1. Las Administraciones Públicas, en cualquier momento, por iniciativa propia o a solicitud de interesado, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma, si lo hubiere, declararán de oficio la nulidad de los actos administrativos que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo, en los supuestos previstos en el artículo 47.1.*

*(...)*

*3. El órgano competente para la revisión de oficio podrá acordar motivadamente la inadmisión a trámite de las solicitudes formuladas por los interesados, sin necesidad de recabar Dictamen del Consejo de Estado u órgano consultivo de la Comunidad Autónoma, cuando las mismas no se basen en alguna de las causas de nulidad del artículo 47.1 o carezcan manifiestamente de fundamento, así como en el supuesto de que se hubieran desestimado en cuanto al fondo otras solicitudes sustancialmente iguales.*

*4. Las Administraciones Públicas, al declarar la nulidad de una disposición o acto, podrán establecer, en la misma resolución, las indemnizaciones que proceda reconocer a los interesados, si se dan las circunstancias previstas en los artículos 32.2 y 34.1 de la Ley de Régimen Jurídico del Sector Público sin perjuicio de que, tratándose de una disposición, subsistan los actos firmes dictados en aplicación de la misma.*



5. Cuando el procedimiento se hubiera iniciado de oficio, el transcurso del plazo de seis meses desde su inicio sin dictarse resolución producirá la caducidad del mismo. Si el procedimiento se hubiera iniciado a solicitud de interesado, se podrá entender la misma desestimada por silencio administrativo.”>>

As conclusións dos informes referencias LMR-facturas AUGASERVI, S.L. OMISIÓN DE FISCALIZACION- TEDEC 2023/T003/003781 asinado o 09.02.2024 (CVD: disJ9WPf6bAT1CYAyAZ2) e LMR-facturas AUGASERVI, S.L. OMISIÓN DE FISCALIZACION- TEDEC 2023/T003/004601 asinado o 09.02.2024 (CVD: lefZRvYpl7ICIIlBaXN6A) referidos, respectivamente, á prestación do servizo de xestión municipal de auga no primeiro e segundo trimestre de 2023, maniféstanse en termos similares polo que non se reproducen en aras á brevidade.

**Cuarto.- Ao abeiro do artigo 6.2 da LBRL “Los Tribunales ejercen el control de legalidad de los acuerdos y actos de las entidades locales” polo que, sen perxucio da presunción de validez e eficacia dos actos administrativos ditados conforme ao procedemento esixible e polo órgano competente, non pode perderse de vista que a interpretación que do ordenamento xurídico acometan os xulgados e tribunais será a que haxa de prevalecer, máis aló da visión dos órganos administrativos consultivos así como dos órganos de control externo das Administracións Públicas**

A necesaria e previa revisión de oficio ven amparada polo Fundamento Xurídico Primeiro da STSJ Galicia 5671/2022 (Nº de Recurso: 7016/2022, Nº de Resolución: 290/2022) de 19.07.2022 o cal dispón o seguinte (\* a negrita e o subliñado é propio):

“(…/…) En consecuencia, ante supostos coma o presente, de ausencia total de actividade administrativa contractual, debemos diferenciar **dúas fases, unha primeira de declaración de nulidade de todo o actuado, e unha segunda de recoñecemento de obrigas da administración para evitar o seu enriquecemento inxusto, se hai lugar a elas.**

(…/…)

Ante unha nulidade de pleno dereito, a propia administración tiña como mecanismo de reacción autónomo a revisión de oficio de actos nulos de pleno dereito. Neste sentido, se ben o TRLCSP refire só os actos de preparación e adxudicación, isto faise para establecer determinadas especialidades, sen que impida acudir con carácter xeral ao art. 106.1. LPACAP.

(…/…)

**Só unha vez que se declara a nulidade de pleno dereito de todo o actuado, por inexistencia absoluta de procedemento de contratación, é cando hai que reparar as consecuencias que afecten negativamente a terceiros de boa fe, e cuxo contexto normativo pode ser o REC. Pero iso debe corresponder a unha fase ulterior do camiño administrativo.**

Esta actuación para emendar o mal feito en casos de ausencia de procedemento de contratación, como presuposto do aboamento das obras ou servizos é o que late na recente STS nº 722/2022, de 13 de xuño( ROJ: STS 2426/2022 - ECLI:ES:TS:2022:2426 ) en cuxo FX 3º dá conta da previa revisión de oficio ante ausencia absoluta de procedemento, a partir da cal se fixa unha indemnización polas obras efectivamente realizadas, excluíndose determinadas cantidades coma determinados tipos de xuro ao non se tratar dunha situación contractual.

No caso de autos, **o Concello obviou non só o procedemento administrativo de contratación de forma groseira, senón o relativo á declaración de nulidade por el mesmo de oficio, que é a**

**chave para a apertura do procedemento para o recoñecemento extraxudicial de créditos con orixe precisamente nunha actuación sen título ou con título nulo** que non obstante é fonte de obrigas para a administración ao terse recibidos bens ou servizos en proveito da administración, sempre que se acrediten determinadas circunstancias.

Por esta razón debemos chegar á conclusión de que **o Concello obviou un trámite previo que é preciso para activar o REC**, polo que en ambos expedientes acumulados debe declararse a nulidade de pleno dereito de todo o actuado, abrangendo loxicamente todos os pagos feitos.

Estamos ante un caso en que a administración local fuxe cara adiante, cunha nova ilegalidade consistente en recoñecer un crédito sen seguir un procedemento con todas as garantías de forma e de fondo, para tratar de tapar a ilegalidade anterior de encargo de servizos e obras á marxe da contratación administrativa

(.../...)

**Convalidar o mal feito esixe previamente recoñecer o que se fixo mal, e en termos xurídicos iso acádase mediante a revisión de oficio**, que faltou nos dous expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito, e por iso deben ser declarados nulos de pleno dereito, non xa por incorrecta articulación do REC como indica o xuíz de instancia senón por adoeecer incluso do paso previo, que é a declaración de nulidade de pleno dereito do previamente actuado por contravir groseiramente a normativa sobre contratación administrativa.

(.../...)

É por isto que a sentenza debe ser revogada neste punto, ao non constar a existencia de procedemento de contratación administrativa previo que xustifique acudir ao REC. Dado que iso non foi probado, non resulta acreditada a existencia de contratación, co que se obvian total e absolutamente os procedementos debidos, o que debe conducir á conclusión de que, igual cá no resto de supostos, debía ter acudido a administración previamente á revisión de oficio de tamaño despropósito -pois estamos ante un suposto de nulidade de pleno dereito por omisión absoluta de procedemento-, para posteriormente declarar, aí si, mediante REC, e sempre cumprindo cos requisitos de tramitación e de fondo, cal debía ser o alcance e contido das cantidades a pagar aos empresarios que se prestaron a realizar as obras ou servizos sen contrato, no caso de que concorran os requisitos xurisprudenciais do enriquecemento inxusto, incluído, por suposto, o de boa fe en quen considera que está obrando conforme a dereito realizando as prestacións sen contrato (.../...)”.

**Quinto.- Nos casos de nulidade por infracción de principios da contratación pública como os de igualdade e non discriminación a facultade de revisión de oficio debe prevalecer sobre os límites á revisión.**

O Consello Consultivo de Castela e León no ditame 393/2019, do 30 de outubro indica que nos casos de nulidade por infracción de principios da contratación pública como os de igualdade e non discriminación, debe prevalecer a facultade de revisión sobre os dereitos que poida ter o interesado ou outras facultades limitativas das facultades de revisión, nos seguintes termos:

“(…) La transcendencia del vicio de nulidad concurrente, motivada por la infracción de los principios de la contratación como los de igualdad y no discriminación, consagrados además en la Constitución, y que pueden haber impedido una mayor concurrencia de licitadores, obliga a que la facultad de revisión deba prevalecer en este caso sobre los derechos que pudiera tener el interesado u otras circunstancias limitativas de las facultades de revisión.(...)”

A Comisión Xurídica Asesora da Comunidade de Madrid no seu ditame número 404/2022, do 27 de marzo de 2022 pronúnciase nos seguintes termos: (a negrita é propia)

*“(...) Procede, por tanto, acordar la revisión de oficio del contrato no sin antes precisar, respecto de los límites que el artículo 110 de la LPAC establece para el ejercicio de las facultades de revisión, que en el presente caso no ha transcurrido en absoluto un tiempo que permita limitar el ejercicio de la facultad revisora, ni tampoco se evidencia ninguna circunstancia que haga su ejercicio contrario a la equidad, a la buena fe, al derecho de los particulares o a las leyes. **Antes, al contrario, se han incumplido de forma palmaria las previsiones legales en perjuicio del interés general y de terceros, posibles licitadores(...)**”*

**Sexto.- Tendo en conta o artigo 56 do da 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas así como o disposto no artigo 28.1 do RD 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local non parecen resultar de aplicación as medidas provisionais no presente suposto.**

Asemade, a sala do Contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no Fundamento xurídico Primeiro da STSJ Galicia 5671/2022 (Nº de Recurso: 7016/2022, Nº de Resolución: 290/2022) de 19.07.2022 establece que (\* a negrita e o subliñado é propio):

*“(.../...) Estamos ante un caso en que a administración local fuxe cara adiante, cunha nova ilegalidade consistente en recoñecer un crédito sen seguir un procedemento con todas as garantías de forma e de fondo, tratar de tapar a ilegalidade anterior de encargo de servizos e obras á marxe da contratación administrativa.*

**Non pode haber recoñecemento de crédito a favor dun particular se non hai causa que o xustifique. E a causa neste caso non pode ser outra que a inexistencia de contratación administrativa válida, e tal feito tiña que ser declarado pola propia administración pola vía da revisión de oficio de actos nulos de pleno dereito.** Esta declaración era necesaria porque daba a medida de cal tiña que ser o ámbito precisamente do recoñecemento extraxudicial de crédito, que por outra parte tiña que facerse, nese momento si, como indica o xuíz de instancia no FX 5º, é dicir, no contexto xurisprudencial que impón a doutrina do enriquecemento inxusto en canto ao fondo, e coa tramitación dun expediente administrativo con todas as garantías en canto á forma. O xuíz anula os recoñecementos de crédito por ausencia todos estes elementos, e aí leva razón, só que previamente era necesario que o Concello declarase a nulidade de pleno dereito do actuado para, como se dixo, establecer o ámbito sobre o que se podía proxectar o REC. (.../...)

**Sétimo.-** No que **respecta ao devengo de xuros de demora** cabe precisar que por aplicación do artigo 42.1 da LCSP a declaración de nulidade da contratación verbal “llevará en todo caso consigo a del mesmo contrato, que entrará en fase de liquidación, debendo restituirse las partes recíprocamente las cosas que hubiesen recibido en virtud del mismo y si esto no fuese posible se devolverá su valor. La parte que resulte culpable deberá indemnizar a la contraria de los daños y perjuicios que haya sufrido”.

Conforme a normativa anterior, cando se declara a nulidade da contratación irregular, non se paga o “prezo” dun contrato inexistente, dado que se procede á restitución de prestacións in natura e, na súa falta, o abono da cantidade equivalente, así como ao abono, no seu caso, da correspondente indemnización. O procedemento de revisión de oficio (como, no seu caso, o de recoñecemento extraxudicial de crédito), como vía para o efectivo recoñecemento dunha obriga que satisfaga o abono duns servizos prestados sen contrato formal excluíría a aplicación dos artigos establecidos na normativa sobre contratación pública en materia de demora e pago de intereses (art. 198.4 da LCSP).

De feito e sen ánimo de exhaustividade cabe citar:

- O Fundamento de Dereito cuarto da sentenza número 355 do 18.05.2018 emitida pola Sección terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid no Procedemento Ordinario 256/2017: (\* o subliñado é propio):

“(…/…)no pueden concederse intereses de demora al recurrente en la forma establecida en la legislación administrativa en materia de contratación cuando aquella no ha sido respetada, siendo así que ello no puede imputarse únicamente a la Administración, ya que la recurrente - que además como contratista habitual debía de conocer las formalidades de la contratación administrativa- aceptó el encargo realizado por la Administración en la forma que lo hizo sin procedimiento de selección del contratista ni publicidad, eludiendo la observación de los requisitos formales de la normativa de contratación pública que le podrían perjudicar tales como la licitación pública en concurrencia competitiva, y la selección del contratista de acuerdo con los principios de congruencia, transparencia e implícitamente de igualdad para que todos puedan participar en el proyecto de selección de contratista lo que si bien no le impide cobrar la prestación de los servicios (habiéndose efectivamente prestado y acreditado el encargo) sí determina la imposibilidad de percibir intereses de demora por retraso en el pago en la forma establecida en la legislación de contratos que no ha sido respetada. En tal sentido hemos de recordar lo razonado , entre otras, en la STS de 2 de julio de 2004 que señala, entre otros extremos que: “(…/…)”

Y no obsta en nada a lo anterior el que se pudiera producir un desequilibrio entre la obligaciones de los contratantes, pues, por un lado, era una situación conocida para ambos, por otro, el contratista también se beneficia al percibir el importe de unas obras fuera del contrato, y por tanto sin la competencia de otras empresas, y sin presentar el oportuno previo proyecto y las fianzas procedentes, y en fin, porque se trata de una situación de hecho, que han posibilitado tanto la Administración como el contratista, en cuanto los dos tienen prohibido realizar obras fuera de las previstas en el contrato”.

Siendo por tanto necesario, al no haber existido el trámite de fiscalización previa establecido en el art. 83.2 a) de la Ley 9/1990 de 8 de noviembre , reguladora de la Hacienda de la Comunidad de Madrid, la convalidación del expediente y del gasto por el Consejo de Gobierno de la Comunidad de Madrid, la fecha de inicio ordinaria de devengo de los intereses de demora sería la del transcurso del plazo de treinta días desde la fecha de tal convalidación según lo dispuesto en el art. 216.4 del TRLCSP, (…/…)”

- O Fundamento Xurídico segundo da STS 2426/2022 de 13.06.2022 (Nº de Recurso: 5437/2020, Nº de Resolución: 722/2022):

*“(…/…) 9.- De acuerdo con lo razonado, no acogemos las denuncias de la parte recurrente sobre infracción por la sentencia impugnada de los artículos 35.1 y 200.4 de la Ley 30/2007, de 30 de octubre de Contratos del Sector Público, y 42.1 y 198.4 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, ni procede en consecuencia el reconocimiento de intereses de demora en el período reclamado por la parte recurrente, que se inicia el 12 de junio de 2011, a los 60 días siguientes a la terminación y ocupación de las obras realizadas fuera de proyecto .*

*Por tal razón, al no resultar procedentes los intereses de demora en el período que reclama la parte recurrente, no es necesario el examen sobre la aplicación del tipo de interés que determina el artículo 7.2 de la Ley y 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen*

*medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, si bien cabe señalar al respecto, a mayor abundamiento, que el ámbito de aplicación de la citada ley, según dispone su artículo 3.1, se circunscribe a los pagos efectuados como contraprestación en las operaciones comerciales realizadas entre empresas, o entre empresas y la Administración, de conformidad con lo dispuesto en la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público y, como hemos razonado con anterioridad, en aplicación de los criterios jurisprudenciales de la Sala, no cabe calificar como contraprestación contractual sujeta a la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público, el pago a la recurrente de la indemnización fijada por la resolución de 19 de mayo de 2015 del Director gerente del Servicio Andaluz de la Salud.*

*En este sentido, la Exposición de Motivos de la Ley 3/2004, después de señalar que la norma legal tiene por objeto incorporar al derecho interno la Directiva 2000/35/CE, del Parlamento Europeo y del Consejo, de 29 de junio de 2000, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, precisa que "el alcance de esta directiva está limitado a los pagos efectuados como contraprestación en operaciones comerciales entre empresas y entre éstas y el sector público. No regula las operaciones en las que intervienen consumidores, los intereses relacionados con otros pagos como los efectuados en virtud de la legislación en materia de cheques y letras de cambio ni los pagos de indemnizaciones por daños (.../....) ".*

- O Fundamento Xurídico Primeiro da STSJ Galicia 5671/2022 (Nº de Recurso: 7016/2022, Nº de Resolución: 290/2022) de 19.07.2022:

*"(.../...)Esta actuación para emendar o mal feito en casos de ausencia de procedemento de contratación, como presuposto do aboamento das obras ou servizos é o que late na recente STS nº 722/2022, de 13 de xuño( ROJ: STS 2426/2022 - ECLI:ES:TS:2022:2426 ) en cuxo FX 3º dá conta da previa revisión de oficio ante ausencia absoluta de procedemento, a partir da cal se fixa unha indemnización polas obras efectivamente realizadas, excluíndose determinadas cantidades coma determinados tipos de xuro ao non se tratar dunha situación contractual.(.../...)"*

- O fundamento de dereito CUARTO da sentenza número 333/2023 do 09.11.2023 do JUZGADO DE LO CONTENCIOSOADMINISTRATIVO Nº 2 de Santa Cruz de Tenerife:

*"(.../....) **CUARTO.- Sobre los intereses moratorios reclamados decir lo siguiente:***

*Aplicando la doctrina expuesta al presente caso, no cabe sino reconocer el interés legal desde la fecha de la reclamación administrativa, no aplicando el previsto en la Ley 3 /2004 de lucha contra la morosidad.*

*Procedería así seguir el criterio seguido hasta la fecha por este Juzgado en el sentido de no aplicar a los casos de contratos irregulares cuyo gasto no está convalidado, el interés de la ley de contratos, por cuanto dicha anormalidad, no solo se deriva de la falta de forma, sino del importe del contrato, sin marco jurídico que lo ampare y sin conformidad expresa de la Administración sobre dicho servicio, extremo éste último de capital importancia y a ponderar en cada caso concreto(.../....) "*

**Oitavo.- En relación ás alegacións presentadas por AUGASERVI, S.L. o 14.03.2024 (número de rexistro de entrada REGAGE24e00019865018) é o seguinte:**

**Oitavo.1º.-** A prohibición da contratación verbal, salvo nos casos de emerxencia, non é unha novidade da actual LCSP senón que xa estaba prevista no artigo 55 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o TRLCAP.

**Oitavo.2º.-** En data 12 de decembro de 1991 foi formalizado o contrato administrativo para a xestión do servizo municipal de auga e rede de sumidoiros entre o Concello de Cambre e D. José Manuel Otero Díaz (*nome comercial Fontanería Otero*) por un prazo de dez anos prorrogables por períodos de tempo anuais, e ata un máximo de tres anos.

De conformidade có artigo 11 do Prego de condicións económico-administrativas e técnicas que rexeron no concurso para a contratación da xestión do servizo municipal de auga e sumidoiro: *“El contrato al que se refiere este pliego de condiciones se entenderá en todo caso a riesgo y ventura del adjudicatario”* polo que non cabe dúbida da súa calificación como contrato de xestión de servizos públicos (*denominado contrato de concesión de servizos públicos pola actual LCSP*).

O 11.02.2005 e estando próxima a data de remate do período contractual (*o período de 10 anos + 3 anos de prórroga remataba o 21.02.2005*), o concelleiro delegado da área de Infraestructuras, Transportes, Seguridade Cidadá e Protección Civil ditou a resolución número 113/2005 pola que adxudicou á entidade Aguaservi, SL, polo procedemento negociado sen publicidade do artigo 159.2a) TRLCAP, a xestión do servizo municipal de auga e rede de sumidoiros do Concello de Cambre durante o tempo preciso para a adxudicación dun novo expediente de contratación por concurso, e en calquera caso, por un período máximo de seis meses.

O 12.08.2005 o concelleiro delegado da área de Infraestructuras, Transportes, Seguridade Cidadá e Protección Civil comunicou á Aguaservi, SL (non se lle deu formato de resolución como alega a mercantil) con número de rexistro de saída 5483 de data 09.09.2005 que: *“(…) a día de hoxe aínda no se atopa en tramitación o correspondente expediente para a contratación plurianual do servizo, e que o contrato rematará o vindeiro 21 de agosto, comunícolle que deberá continuar coa xestión deste servizo público ata que se produza a súa nova adxudicación, co fin de evitar que os veciños de Cambre se vexan privados dun servizo de cumprimento obrigatorio para os concellos (...)”*

Non consta que dende dita data o Concello licitase a contratación do servizo.

Á vista dos feitos expostos, resulta que o último dos contratos celebrados (o subscrito en data 21 de febreiro de 2005)- e sen entrar no exame da legalidade de dita contratación- expirou polo transcurso do prazo máximo de duración previsto nel o 21 de agosto de 2005, se ben por comunicación do quen foi concelleiro delegado de infraestructuras, transportes, seguridade cidadá e protección civil de data 12 de agosto de 2005 comunicouse a Augaservi, S.L. que debería continuar coa xestión deste servizo público ata que se producira a súa nova adxudicación.

Cómpre ter en conta que o contrato no seu día celebrado definiuse como un contrato de xestión de servizo público, e nestes contratos, na data na que se comunicou a continuación da xestión do servizo (2005), dita continuidade veuse admitindo(nos contratos de concesión de servizos públicos) en base ao disposto no Regulamento de servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, en cuxo artigo 128.1.1º establece como unha das obrigas do concesionario a de:

*“1.ª Prestar o servizo do modo disposto na concesión ou ordenado posteriormente pola Corporación concedente, mesmo no caso de que circunstancias sobrevindas e imprevisibles ocasionaren unha subversión na economía da concesión, e sen máis interrupcións que as que se produciron no suposto de xestión directa municipal ou provincial.”*

Este principio de continuidade ten reflexo actualmente, polo que respecta ao contrato de concesión de servizos, no artigo 288 da LCSP que ao regular as obrigas do concesionario, especificase que deberá *“a) Prestar o servizo coa continuidade convida e garantir aos particulares o dereito para utilizalo nas condicións que fosen establecidas e mediante o abono, no seu caso, da contraprestación económica comprendida nas tarifas aprobadas.”*

Co eventual mandato do órgano de contratación ao anterior concesionario para a continuación da prestación, non se outorga unha prórroga, non prevista no contrato, senón que se trata de definir unha situación xurídica que garanta a continuidade da prestación do servizo polo tempo mínimo e indispensable para poder enlazar co novo contrato . A causa, polo tanto, é a de manter a continuidade do servizo ata a obtención do novo contratista ( o que require unha actuación por parte da Administración tendente a licitar e adjudicar o contrato). Así, o Tribunal Supremo en Sentenza do 18 de novembro de 1986, reiterando o sinalado na Sentenza do 22 de marzo de 1985, sinala:

*“( ... ) no se está ante un caso de prórroga expresa o tácita del contrato con plena aplicación de la cláusula 9.ª que excluye la revisión, sino ante una situación excepcional en que, denunciado el contrato en la forma legalmente establecida y pactada, la Administración por razones de interés público unidas a la necesidad de continuidad del servicio -y mientras no se seleccione al nuevo contratista- impone coactivamente la permanencia del anterior con unas consecuencias equiparables a las producidas cuando la Administración hace uso de las facultades que forman el contenido del «ius variandi», con la ineludible contrapartida de la compensación económica a favor del contratista o concesionario de un servicio público (...)”*

A continuación do concesionario na prestación do servizo máis aló do prazo fixado no correspondente contrato, prórrogas contractuais incluídas, é nos contratos de xestión de servizo público (hoxe concesión de servizos) unha imposición de obrigas de servizo público da Administración aos concesionarios ata tanto o novo prestador do servizo se faga cargo do mesmo. Trátase así, dunha potestade fundada na necesidade de manter, en todo caso, a continuidade do servizo, no periodo de “ínterin” existente entre finalización e adxudicación do novo contrato - como determina a Sentenza do Tribunal Supremo de data 18.11.1986- non é propiamente unha prórroga (expresa ou tácita), senón ante unha situación excepcional que require a continuidade do servizo por razóns de interese público.

Agora ben, esta continuidade só é admisible se se limita ao estritamente necesario e por un tempo limitado. É dicir, debe limitarse no tempo ao estritamente imprescindible ao constituír unha patente infracción da regulación dos contratos públicos, que non pode aceptarse, e que só pode xustificarse por causas ineludibles de interese público.

Trátase, polo tanto, dunha continuación provisional e limitada no tempo, sen que poida transgredirse o limite infranqueable imposto polo necesario respecto á causa que motiva á adopción dunha medida deste calado, polo que lóxicamente, e como se expuso, toda orde de continuidade debe vir acompañada dunha actuación por parte do Concello en orde a licitar a contratación do servizo . Xa que logo, adocencen de eficacia aqueles acordos, decisións ou medidas cuxa execución ou prolongación no tempo implique a desnaturalización da causa ou do fin perseguido co exercicio de dita potestade exorbitante, xa que a continuidade non pode server como un mero pretexto para dar cobertura xurídica a unha situación irregular e meramente transitoria que se prolongue no tempo.

No suposto examinado, atopámonos cunha orde de continuidade na xestión do servizo público que, lonxe de ser unha medida excepcional e temporal, mantense durante máis de 18 anos superando con moito o prazo de duración do contrato suscrito no ano 2005( que se fixaba en seis meses) sen que o Concello durante este tempo licitase o servizo. Esta permanencia ou continuidade de dita orde ao longo destes 18 anos é o que determina que se produciu

unha tácita e nova adxudicación ao mesmo contratista con ausencia das directrices, principios e criterios establecidos na normativa comunitaria europea e que hoxe se recollen na LCSP, e iso por canto a comunicación de continuidade, deveu ineficaz por perda da súa causa , porque os actos administrativos deben server ao fin en consideración do cal a norma configura a potestade que o acto exercita, polo que se desaparece unha das condicións esixidas polo ordenamento xurídico ( neste caso , a temporalidade limitada), desaparece a causa e polo tanto o acto deixa de ser eficaz por aplicación do principio *cesante causa cessat effectus* , xa que non pode considerarse unha medida temporal indefinida. Do contrario, desnaturalizárase a causa e fin da potestade, xa que logo, non existe cobertura legal que ampare a situación actual da prestación do servizo polo que se trata dunha contratación verbal.

O servizo vense prestando por Augaservi, S.L. sen a cobertura do pertinente contrato escrito adxudicado de conformidade co establecido na lexislación de contratos do sector público, polo que trátase, como se indicou, dunha contratación verbal.

Non se trata, polo tanto, da continuidade dun contrato xa extinguido, senón da continuidade na prestación do servizo una vez extinguido o contrato a través dunha nova adxudicación tácita (verbal) ditada prescindido de todos os trámites legais esixidos e cunha clara erosión aos principios que deben rexer a contratación pública de libre concorrència, publicidade, igualdade e transparencia. Estaríamos, polo tanto, ante a adxudicación verbal dun contrato anteriormente extinguido sen suxeición a procedemento algún ante o que cabe lembrar que o artigo 37 da LCSP proscribe a contratación verbal. Iso supón una infracción grave do ordenamento xurídico e unha causa de nulidade de pleno dereito. A prohibición de prórrogas tácitas, está expresamente recollida no artigo 29 da LCSP que non as considera admisibles “en ningún caso”.

A Comisión Xurídica Asesora da Comunidade de Madrid en ditames números 460/2022, de 12 de xullo de 2022, 398/2022, de 20 de xullo de 2022, 327/2023, de 22 de xuño de 2023; 340/2023, de 22 de xuño de 2023; 191/2023, de 13 de abril de 2023; e 404/2022, de 27 de xullo de 2023, todos eles referidos a procedementos de revisión de oficio de contratacións verbais do Concello de Valdemoro, conclúe a procedencia da revisión de oficio para declarar a nulidade das contratacións verbais, sinalando nas súas consideracións, entre outras cousas, que non se pode entender que se estea ante prórroga de contratos previamente adxudicados en tanto que se superara xa a duración dos mesmos e as súas prórrogas , lembrando ademais que o artigo 29 da Lei de Contratos do Sector Público exclúe a prórroga tácita; sinala que en todos os casos se trata de adxudicacións verbais de contratos anteriormente extinguidos, sen suxeición a procedemento algún.

Tamén a Comisión Xurídica Asesora de Cataluña no seu ditame 206/2013, de 6 de xuño, emitido con ocasión da revisión de oficio da prestación do servizo de limpeza dun complexo educativo máis aló da duración inicial, sen contrato-, coa omisión da contratación prescrita legalmente, sinala que os artigos da LCSP- de 2007, no caso que se analiza- que se infrinxiron son, como mínimo, os seguintes: en relación coa fase de preparación do contrato, os artigos sobre o expediente de contratación e sobre os pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas; en relación coa fase de selección do contratista, os artigos sobre a convocatoria das licitacións e sobre a formalización, así como, adicionalmente, o artigo que establece a prohibición da contratación verbal excepto que o contrato teña carácter de emerxencia , na medida en que entende que se produciu una contratación tácita ou verbal.. Así mesmo, considera que que “ *se constata que se habría eludido totalmente el procedimiento de contratación, ya que se rebasaría el límite de los contratos menores previsto para los contratos de servicios, se habría infringido la normativa de contratación verbal, con intención de evitar la aplicación de las normas de contratación administrativa pertinente*”, e que, polo tanto, existe una vulneración especialmente relevante do procedemento de contratación pública, de maneira que a ausencia total de procedemento determina a invalidez do acto.



Os actos tácitos carecen dunha manifestación expresa, non obstante, certa conducta adoptada pola Administración demostra a existencia dunha vontade administrativa específica. Dito doutra forma, hai feitos que determinan inequivocamente a existencia dunha concreta declaración de vontade por parte da Administración, circunstancias que configuran un verdadeiro acto administrativo. Neste sentido, o acto xurdido á vida xurídica prescinde, extraordinariamente dunha forma ordinaria de manifestación. Non obstante, a declaración de vontade da Administración produciuse por “*facta concludentia*” ( por feitos concluíntes). En suma, existen actuacións da Administración que expresan aquiescencia e en tal sentido determinan de forma inequívoca unha concreta declaración de vontade (*tanto de AGUASERVI, S.L. que realizou a prestación como do propio Concello xa que as facturas presentadas pola mercantil contan coa conformidade do concelleiro/a delegado/a e/ou do Alcalde, do que se desprende a aceptación polo Concello e recoñecemento de que os servizos foron prestados, o que resulta coherente coa aquela encomenda verbal*) . Neste sentido cómpre traer a colación, entre outras, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 14 de xuño de 2016, onde se define este tipo de actos (os tácitos) como aqueles nos que falta a exteriorización expresa da Administración, pero ante a conducta administrativa se presume racionalmente a existencia dunha vontade que produce efectos xurídicos.

Polo anterior, non cabe dúbida da existencia dun acto administrativo tácito de encargo verbal, que como tal, constitúe un acto administrativo de adxudicación por moito que o acto se exteriorizara ou manifestara de maneira verbal non escrita, e polo tanto, un acto administrativo revisable.

**Oitavo.3º.-** A actuación do Concello consistente na adxudicación tácita (e verbal), permitindo a prestación material do servizo municipal de auga e sumidoiros, non só contravindo a prohibición legal de contratar verbalmente senón, ademais, sen a necesaria cobertura xurídica formal ao non proceder en máis de 18 anos á convocatoria dun procedemento de licitación pública destinado á adxudicación e posterior formalización do correspondente contrato con arranxo ao disposto na normativa de contratación pública supón, dada a gravidade dos incumprimentos (reitérase o sinalado no fundamento de dereito 2º en canto a que se trata da infracción máis grave do dereito comunitario) unha actuación administrativa calificable como nula de pleno dereito ao terse prescindido total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, isto é, da tramitación do oportuno expediente de contratación destinado á selección dun novo contratista, dotando así de cobertura xurídica formal á prestación do servizo.

En efecto, a contratación pública ten un marcado carácter formalista , o que se traduce no necesario cumprimento dunha serie de esixencias procedementais destinadas a disciplinar a preparación (arts. 115 e ss LCSP), adxudicación (arts. 131 e seguintes LCSP) e posterior formalización dos contratos públicos (arts. 36,37 e 153 LCSP)-tanto administrativos como privados en virtude da doutrina dos actos separables-.

E é que no ámbito da contratación administrativa, a lexislación é especialmente rigorosa ao esixir o cumprimento dos trámites en garantía non só do interés público, senón tamén do respecto a principios tan esenciais neste ámbito como son os de publicidade e libre concorrência, así como os de igualdade e non discriminación.

De tal sorte que, cando se omite totalmente dito procedemento ( ou, no seu caso, algún dos seus trámites esenciais) só pode calificarse como nula de pleno dereito de acordo co artigo 47.1 letra e) LPACAP.

No presente suposto conséntase de maneira patente a ausencia de calquera procedemento de contratación pública. Resulta de xeito evidente que se prescindiu por completo da tramitación legalmente prevista para a adxudicación e formalización do contrato. Non é que se omitisen algúns trámites nun procedemento de licitación pública, senón que, sinxelamente, o mesmo é inexistente, polo que prescindíuse total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, ao executarse *de facto* unha prestación material sen a necesaria cobertura xurídica formal, e sen proceder a tramitar o correspondente procedemento de licitación co que dotar desa cobertura xurídica formal á prestación do dito servizo, vulnerándose con iso os máis básicos principios da contratación pública ( artigos 1,28,29,37,116 e demais concordantes da LCSP)

Nestes casos de ausencia das normas de preparación e adxudicación do contrato, o vicio afecta a principios elementais da contratación, como a igualdade, libre concorrencia, a publicidade e a transparencia.

De tódolos xeitos, de sosterse un criterio distinto e manter a eficacia do acto comunicación do que foi concelleiro delegado de infraestruturas, trasnportes, seguridade cidadá e protección civil de data 12 de agosto de 2005, este acto administrativo sería igualmente nulo de pleno dereito xa que polo transcurso do tempo supuxo unha adxudicación directa do contrato prescindido total e absolutamente do procedemento legalmente establecido polo que concorrería tamén a causa de nulidade de pleno dereito establecida no artigo 47.1 e ) da LPACAP

**Oitavo.4º.-** A existencia dunha contratación verbal non permitida pola normativa contractual xa foi advertida de xeito reiterado polos anteriores interventores municipais, a lo menos dende o ano 2014, tal e como se desprende dos informes que constan no expediente tedec número 2019/G003/001864 có asunto *Recurso contencioso-administrativo procedemento ordinario nº 0000146/2019 interposto por AUGASERVI, S.L. contra o Concello de Cambre*. Así pódense citar, sen ánimo de exhaustividade (e por citar algún dos que figuran no dito expediente): Informe da Interventora dona IEA de data 21 de abril de 2014; informes do interventor don FJUA de datas 8 de outubro de 2015, 30 de setembro de 2016, 14 de febreiro de 2017, 18 de maio de 2017, 18 de xullo de 2017, 13 de novembro de 2017, e 29 de decembro de 2017, informe do interventor don MRH-S de data 26 de decembro de 2018. Nos ditos informes tamén consta que por dona IEA e por don FJUA fíxose á recomendación de licitar a xestión do servizo. Incluso, existen informes do que foi interventor don FJUA posteriores a dita data nos que se insta o inicio do procedemento administrativo de adxudicación do contrato do servizo de auga e sumidoiro.

**Oitavo.5º.-** Na documentación presentada por AUGASERVI, S.L. no rexistro xeral do Concello de Cambre o 07.12.2018 (núm. de rexistro de entrada 201890000002996) recoñécese a existencia dun contrato verbal, dunha situación irregular así como a nulidade dos actos: (\* o subliñado é propio)

*(.../...)ALEGACIONES*

*PRIMERA.- NULIDAD DEL ACTO POR VULNERACIÓN DEL PROCEDIMIENTO LEGALMENTE PREVISTO*

*El 12 de diciembre de 1991, se firmó, entre el Ayuntamiento de Cambre y la empresa AUGASERVI, S.L., contrato administrativo para la gestión del servicio municipal de agua y red de suministros. Este contrato establecía una duración de diez años, prorrogables por períodos de tiempo anual hasta un máximo de tres años.*

*Transcurrido el plazo y con fecha 1 de febrero del 2005, el concejal delegado del área de Infraestructuras, Transportes, Seguridad Ciudadana y Protección Civil resolvió adjudicar por el procedimiento sin publicidad del artículo 159.2 a) del TRLCAP a la entidad AUGASERVI, S.L. la gestión del servicio municipal de agua y red de suministros del Ayuntamiento de Cambre, hasta que no se procediera a la adjudicación de un nuevo expediente de contratación, y por un período máximo de seis meses.*

*Desde aquel entonces, el contrato administrativo se encuentra caducado. Por ello, se decidió, mediante contratación verbal al amparo de lo dispuesto en la normativa para los contratos de "carácter de emergencia", continuar ejecutando el pliego de condiciones que regula el contenido del contrato administrativo entre las partes.*

*(.../...)*

Es decir, la normativa solo prevé este supuesto excepcional de contratos administrativos verbales para casos en los que existan causas de acontecimientos catastróficos, situaciones que supongan grave peligro o de necesidades que afecten a la defensa nacional. Ninguno de estos supuestos es el que ha dado lugar a que, actualmente, las partes se encuentren en esta situación.

Consecuentemente, la entidad AUGASERVI, S.L. lleva más de diez años prestando el servicio de gestión de agua en el Ayuntamiento de Cambre al amparo de un pliego de condiciones resultante de un contrato público administrativo caducado, que no se encuentra en vigor, y que ha sido prorrogado de manera fraudulenta, sin que por parte del Ayuntamiento, durante todo este transcurso de tiempo, se incoara nuevo expediente de contratación pública para regularizar la situación.

Todo ello conlleva a que el Ayuntamiento de Cambre lleve estos años sin formalizar el contrato correspondiente tal y como la normativa se lo exige, actuando fuera del marco del procedimiento legalmente previsto a tal efecto, por lo que todo acto dimanado de la aplicación de dicho pliego de condiciones es nulo, al amparo de lo dispuesto en el artículo 39 de la LCSP, con remisión al artículo 47.1 apartado e) de la Ley 39/2015. (.../...) “

**Oitavo.6º.-** Ademáis do anterior, é preciso advertir da existencia de actos da Administración que poñen de manifesto a existencia do encargo realizado (ademais da orde de continuidade anteriormente referida). Así, consta no expediente relacionado, 2019G003/001864 (no documento que se describe como “2019 07 09 XULGADO CONTENCIOSO NUM 2 PO 146 2019 AUGASERVI DOCUMENTACION.pdf) copia de notificación de Resolución da Alcaldía de data 23 de abril de 2019 na que se acordou desestimar o recurso de reposición presentado por D. José Manuel Otero Díaz, en representación e AUGASERVI, S.L. ,e aprobar unha penalización regularizada segundo a oferta realizada polo adxudicador do servizo de 101.391,76 € resultante de aplicar o coste do metro cúbico de auga á diferenza de metros cúbicos que supoñen o 70% realizado e o 75% que debeu terse considerado coa oferta do contratista; tamén mencionar as Resolucións que se veñen adoptando relativas a bonificacións da facturación da taxa por subministración de auga nas que se acorda, entre outras cousas “ *Notificar a presente resolución á empresa Augaservi, S.L. para que proceda a modificar as tarifas aplicables, a partir da facturación correspondente.....”*

Constan tamén escritos dirixidos a Augaservi, S.L. nos que lle comunican a presentación de comunicacións previas para a execución de acometidas á rede pública, para que efectúen a correspondente conexión á rede pública de abastecemento de auga.

Así, como exemplo destas , pode citarse escrito do concelleiro delegado da área de urbanismo , obras e servizos de 9 de outubro de 2023 (núm. rexistro saída 202300400001163) dirixido a Augaservi, S.L. que, anonimizado, di:

“REFERENCIA.....: Urbanismo

ASUNTO.....: Presentación de comunicación previa para unha acometida á rede pública de abastecemento de auga

EXPEDIENTE.....: 2023/U026/000296

A medio do presente escrito, e visto o informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, con data do 5 de outubro de 2023, ponse no seu coñecemento que:

*Por M R D, con DNI núm. \*\*\*7000\*\*, presentouse unha comunicación previa para a execución dunha acometida á rede pública de abastecemento de auga na nave sita no lugar de-----, parroquia de Sigrás, o que se lles comunica para o seu coñecemento e para que efectúen a correspondente conexión á rede pública de abastecemento de auga cando proceda, previa comunicación a vostedes por parte da interesada, así como para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, executen ou dirixan as obras nese tramo, de conformidade coas condicións específicas do anexo 6, modelo de comunicación previa de obras, da Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos.”*

E no escrito do concelleiro delegado da área de urbanismo, obras e servizos dirixido a Augaservi, S.L. con rexistro de saída do 27 de outubro de 2023 ( núm. rexistro 202300400001221) afirmase que o mantemento e conservación da rede de sumidoiros correspóndelle a Augaservi, S.L. Así o dito escrito , anonimizado, di (o subliñado é propio):

*“Departamento: 12*

*Expediente: 2023/Q001/000248*

*Asunto: Rede de sumidoiros que desborda en Ponte-A Xira.*

*Logo de ver o escrito presentado por don M G C, o día 21 de decembro de 2023, con número de rexistro de entrada 202399900008049, mediante o que comunica que na rúa Ponte (A Xira) hai unha rede de sumidoiros que desbroda de xeito moi habitual, o que provoca que a estrada quede anegada de auga que despide mal cheiro e que acaba chegando ao río,*

*Tendo en conta que o mantemento e conservación da rede de sumidoiros correspóndelle a Augaservi, S.L.,*

*A medio da presente,*

*SOLICITA, se proceda de xeito inmediato, á comprobación da rede de saneamento en Ponte-A Xira, para evitar que a mesma desborde, quedando anegada a estrada. Unha vez realizada a comprobación, deberá presentarse no Concello un informe detallando o realizado, para poder contestar ao veciño.”*

Existen, polo tanto, actos expresos da Administración que acreditan a existencia do encargo realizado (de feito, no último dos escritos transcritos se recoñece que o mantemento e conservación da rede de sumidoiros corresponde a Augaservi, S.L.) , que, como tales, poden someterse a un procedemento de revisión de oficio por causa de nulidade de pleno dereito.

**Oitavo.7º.-** O Tribunal Supremo esixe que concurran unha serie requisitos coa finalidade de que o alegar un enriquecemento inxusto non se convirta nun fácil medio de eludir as esixencias formais e procedementais establecidas para asegurar os principios de igualdade e libre concorrència que rexen na contratación administrativa, entre os cales figura que o desequilibrio "ha de estar constituído por prestacións do particular que *no se deban a su propia iniciativa ni revelen una voluntad maliciosa del mismo*, sino que tengan su origen en hechos, dimanantes

de la Administración pública, que hayan generado razonablemente en ese particular la creencia de que le incumbía un deber de colaboración con dicha Administración”.

A este respecto cabe destacar que a sentenza de 12.11.2021 da sala do contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Nº de Recurso: 7071/2021; Nº de Resolución: 444/2021) maniféstase nos seguintes termos (\* a negrita e o subliñado é propio):

“(…/…) **B. 1. Sobre a concorrencia da boa fe.**

*O primeiro dos elementos analizados polo órgano de instancia é a boa fe do particular que actúa para a administración (FX III.3.1.) Neste sentido, a sentenza entende que non pode haber boa fe porque a empresa non pode ignorar, dada a súa entidade, que está obrando á marxe do dereito, ao non haber contratación regular.*

*Certamente no tráfico empresarial e da contratación pública é dificilmente imaxinable que nin unha soa empresa que actúe no mercado e moito menos quen nalgunha ocasión tivese contratado algunha vez coa administración poidan ignorar, aplicando a máis mínima dilixencia, que actúa á marxe do procedemento legal, salvando o caso moi excepcional de particulares que non tivesen hábito de contratación coa administración e fosen requiridos por esta, ou que existise erro sobre o carácter excepcionalmente urxente do contrato ou que fose por cantidades tan nimias que fose razoable a dúbida da necesidade de procedemento formalizado. Pero dende logo, nunca con cantidades do estilo das que estamos estudando, de máis de 40 mil euros mensuais, sostidas no tempo ao longo de oito meses, ou se temos en conta a referencia que consta en autos, mesmo de anos.*

*En consecuencia, debemos de coincidir co xuíz de instancia en que concorre culpa da vítima, sen ninqunda dúbida.*

*A seguinte cuestión a desentrañar é se resulta relevante a concorrencia de culpas que alega a parte apelante, para recoñecer a viabilidade da institución e a resposta ha de ser negativa. En opinión da Sala a concorrencia de culpas o que é realmente é a proba da coautoría no ilícito administrativo, pero a mala fe coordinada de ambas partes non pode ter como efecto eximir na necesaria boa fe da parte que pretende valerse da institución, que lembremos ten por razón de ser indemnizar un dano que o empobrecido pola disposición patrimonial non ten o deber xurídico de soportar. **Quen obra sabendo que fai o que non debe facer non pode pretender ser indemnizado por iso co argumento de que a contraparte tamén sabía que facía o que a lei non lle permite.***

*En consecuencia, non se pode apreciar a concorrencia da necesaria boa fe como presuposto de aplicación da institución. (…/…)”*

Máis recentemente a sentenza número 333/2023 do 09.11.2023 do JUZGADO DE LO CONTENCIOSOADMINISTRATIVO Nº 2 de Santa Cruz de Tenerife pon de manifesto o seguinte (\* a negrita e o subliñado é propio):

“(…/…) **QUINTO.- Beneficio Industrial.**

*Igualmente se ha considerado en las últimas resoluciones y en base al ingente número de recursos basados en facturas impagadas procedentes de contratos ilegales, y con el fin de desincentivar tal práctica, el no reconocimiento del beneficio industrial, por lo que se considera adecuado proceder a tal deducción*

(...)/(...)

Dice la STS 462/2013 de 11 de enero, recurso 5892/2012 “(…)/(…) **Ahora bien, cuando el artículo 1106 CC regula la indemnización de perjuicios lo hace en relación con el incumplimiento de las obligaciones, regulado en el artículo 1101, y como se ha razonado antes, el efecto del incumplimiento de una obligación y el efecto de la nulidad de un contrato, del que, en su caso, pudiera nacer una obligación, no son equiparables. De lo contrario, se llegaría a la situación paradójica de que desde el punto de vista de las obligaciones nacidas del contrato la anulación de éste y su validez generarían iguales efectos, pues si la anulación del contrato y en consecuencia la de las obligaciones derivadas del mismo, produce en cuanto a estos el efecto de establecer como indemnización por su incumplimiento el deber de abono del lucro cesante que se hubiese obtenido del cumplimiento de la obligación, a la postre la parte perjudicada por la anulación del contrato percibiría de la contraria el mismo beneficio que si el contrato hubiese sido válido; y ello sin la carga sinalagmática que representa para ella el cumplimiento de las prestaciones del contrato. Sin negar que el artículo 65 cuestionado determine el deber legal de indemnizar, no solo daños, sino también perjuicios, lo que no cabe es que, para la identificación de éstos, con todo el problematismo que ello pueda acarrear, dichos perjuicios puedan establecerse acudiendo al régimen legal de algo diferente a la nulidad de la obligación, como es su incumplimiento.**

La invalidez y la resolución del contrato son instituciones diferentes a las que no cabe duda que el legislador ha querido dar una regulación diferenciada. La invalidez del contrato supone que la obligación no ha llegado a nacer válidamente y la resolución del contrato supone privar de efectos a una obligación válidamente nacida al mundo del derecho.

De todo lo anterior se desprende que, sin negar que además del daño deban indemnizarse los perjuicios, y que estos sean diferenciables de aquellos, esa identificación y prueba no puede consistir en la de los perjuicios derivados del incumplimiento de una obligación existente, que es precisamente lo que se hace al considerar como tales perjuicios el lucro cesante ligado al incumplimiento de obligación.”

En el mismo sentido STSJCL 636/2013 de 15 de abril recurso 796/2011.

Entiendo que en base a dicha doctrina, **no cabe hablar de una culpa exclusiva y automática de la Administración, sino que dicha culpa habrá de fijarse en cada expediente de contratación y a la luz especialmente que la mayor o menor diligencia desarrollada por el contratista.**

Como se ha expuesto **la falta de diligencia del contratista se antoja concurrente en el presente caso, al no haber aportado por aquél ni un solo elemento de prueba vinculante para las partes acreditativo de la existencia de la contratación, incumplimiento con ello las reglas más básicas exigibles a un ordenado comerciante en su actuación en el tráfico jurídico, sea con relación a la Administración o con cualquier operador privado (.../....)** “

O Consello Consultivo de Castilla y León señala tamén sobre este particular no seu ditame 282/2016, de 28 de xullo o seguinte: (\*a negrita e o subliñado é propio)

“(…/…) **Para aplicar el límite derivado de la buena fe** o el principio de confianza legítima para proteger una situación concreta digna de tal protección en un supuesto de revisión de oficio es **necesario que el interesado desconozca la ilegalidad de la actuación de la Administración y que no haya actuado de forma imprudente al desconocerla.** Esta exigencia es coherente con el

fundamento de la protección de la confianza en la seguridad jurídica que solo ampara a quien está en la creencia de la legalidad de la actuación administrativa y en la medida en que dicha creencia se mantenga.

En este sentido, el nivel de diligencia exigible dependerá de la persona del interesado, sin que pueda ser exigible el mismo nivel de diligencia, por ejemplo, a un experto en el asunto de que se trate que a un completo desconocedor del régimen jurídico de una materia. (.../...)"

Asemade, o Consello Consultivo de Andalucía no ditame 40/2022, de 27 de xaneiro expón o seguinte: **(\*a negrita e o subliñado é propio)**

*"(.../...) Así, este Órgano ha señalado en reiteradas ocasiones que **el contratista que consiente una irregular actuación administrativa, prestando por su parte unos servicios sin la necesaria cobertura jurídica sin oposición alguna, se constituye en copartícipe de los vicios de que el contrato pueda adolecer, dando lugar a que recaigan sobre el mismo las consecuencias negativas de tales vicios.** En esta dirección el Consejo Consultivo ha insistido en que resulta improbable que quien contrata con la Administración desconozca, por mínima que sea su diligencia, que no puede producirse una contratación prescindiendo de todo procedimiento."*

Tal e como se desprende dos escritos presentados por AUGASERVI, SL o 07.12.2018 (núm. de rexistro de entrada 20189000002996) e o 14.03.2024 (núm. de rexistro de entrada REGAGE24e00019865018), ésta é perfectamente coñecedora da situación irregular na que está a actuar no Concello de Cambre. Polo tanto, no suposto examinado non se acredita documentalmente a boa fé da empresa prestadora do servizo polo que non se aprecia a concorrencia dunha das esixencias que a xurisprudencia do Tribunal Supremo fixa para poder aplicar directamente a doutrina do enriquecemento inxusto (entre outras, sentenzas de 12 de decembro de 2012 (STS 8362/2012 - ECLI:ES:TS:2012:8362 ), 12 de maio de 2008 (ROJ:STS 2465/2008-ECLI:ES:TS:2008:2465 Recurso: 478/2007), e 17 de outubro de 2023 ROJ: STS 4480/2023 - ECLI:ES:TS:2023:4480).

**Novenoº.-** Os actos administrativos xeradores de gasto público están suxeitos a unha dobre condicionalidad. A Administración ha de estar habilitada pola Lei para producir o acto, pero ao propio tempo a actuación administrativa só pode desenvolverse dentro dos medios financeiros poñer ao dispor do xestor pola Lei orzamentaria. Iso comporta a suxeición do procedemento a unha dobre legalidade: dunha parte, a que denominamos legalidade administrativa, necesaria para ditar o correspondente acto ou resolución administrativa polo órgano competente axustándose ao procedemento establecido a tales efectos; e doutra parte, a legalidade financeira, que implica a necesidade de que o acto administrativo que xere unha obrigación económica a cargo da Administración do Estado conte coa debida cobertura orzamentaria e produciuse dacordo con as normas que disciplinan a execución do gasto público.

Os aspectos ou facetas en que se desenvolve o principio de legalidade administrativa concrétnanse en cada unha das normas sectoriais que especificamente regulan os distintos tipos de gastos, como pode ser, en materia de contratación pública, a vixente LCSP e as súas normas de desenvolvemento. Polo que respecta ao principio de legalidade financeira, son as previsións do TRLFL, do RD 500/1990 de 20 de abril e o RD 424/2017, entre outros, as que prevén que que o gasto debe de ser aprobado, comprometido e recoñecido ou liquidado dacordo có disposto no seu articulado.

É na fase de recoñecemento da obriga onde concorre unha das especialidades máis importantes das obrigacións públicas, que a diferencian das privadas, e que deriva dunha das características singulares do crédito público, consecuencia da chamada “regla do servizo feito”. Así o artigo 59 do RD 500/1990, de 20 de abril dispón que:

- “1. Previamente al reconocimiento de las obligaciones habrá de acreditarse documentalmente ante el Órgano competente la realización de la prestación o el derecho del acreedor de conformidad con los acuerdos que en su día autorizaron y comprometieron el gasto.*
- 2. Las Entidades locales establecerán, en las bases de ejecución del presupuesto, los documentos y requisitos que, de acuerdo con el tipo de gastos, justifiquen el reconocimiento de la obligación (...).”*

A base 23ª das de execución do orzamento 2023 prorrogado ao exercicio 2024 dispón o seguinte:

*“(...)As facturas deberán contar coa sinatura do alcalde ou, en caso de delegación, do concelleiro delegado da área correspondente que tivese autorizado ou disposto o gasto realizado, e que acredite a recepción de conformidade, así como a sinatura do técnico municipal ou persoal competente acreditando a correcta execución. No caso de que o importe da factura sexa superior a cinco mil euros (5.000,00 euros), a área deberá solicitar o seu informe (...)”*

As facturas documentos números 23 46 (prestación servizo auga e sumidoiro 4º trimestre 2022), 23 95 (prestación servizo auga e sumidoiro 1º trimestre 2023) e 23 151 (prestación servizo auga e sumidoiro 2º trimestre 2023) carecen da sinatura de técnico municipal (únicamente están asinadas polo alcalde ou polo concelleiro delegado). Asemade, os informes asinados o 09.02.2024 (CVD: 0YpQeFgmFndihx9A7bND, AfrsDL+q5Ssvb+ryPYW9, e40O86vPakwyALjuc9sm) polo Ingeniero de Caminos Municipal Jefe de la Sección de Servicios non se pronuncia claramente (afirmativa ou negativamente, sen ningún tipo de condicionante) en canto a se as prestacións foron ou non realizadas efectivamente. Para que esta intervención poida exercer axeitadamente o seu traballo, os informes técnicos deben ser concluíntes pois non está entre as miñas funcións facer cábalas en relación ao que os técnicos municipais poidan querer dicir nos mesmos pero sí está entre as súas funcións, especificamente no caso do posto de JEFE DE SECCIÓN DE SERVICIOS Código: AL151700006, a supervisión dos servizos prestados por empresas para o concello:

*“DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Dirigir la Unidad técnica de Servicios ejerciendo las funciones de Ingeniero Superior Municipal, dirigiendo y supervisando los trabajos del personal adscrito a dicha unidad. Responsable del mantenimiento de las infraestructuras urbanísticas de todo tipo y de servicios municipales. Informes técnicos sobre Proyectos de Urbanización. Elaboración de informes, proyectos y propuestas relacionadas con su sección. Supervisión de los servicios prestados por empresas para el Ayuntamiento.”*

Únicamente se lle pide que informe se os servizos están o non realizados, é dicir, só caben dous opcións: ou están realizados ou non o están. Esta falta de claridade unida ao feito de que as facturas carezcan da sinatura do técnico municipal o único que consegue é sembrar dúbidas a esta intervención a cerca da correcta realización dos traballos facturados.

Reitero a necesidade de acreditar a realidade da prestación facturada pois a corrección do prezo e a súa adaptación ao mercado é consecuencia directa desta, é dicir, a pregunta é simple: unha vez rematado o período contractual ¿realmente se estiveron a executar as prestacións nos mesmos termos e amplitude?. É aquí o quid da cuestión por canto se a resposta fose negativa e se estiveron a executar menos prestacións que as contratadas, o feito de tomar como referencia o prezo de adxudicación non garante que éste sexa igual ou inferior ao actual prezo de mercado.



Polo anterior, de declararse a nulidade o importe a percibir por AUGASERVI, SL o será en concepto de indemnización e corresponderase có valor da prestación efectuada, é dicir, có custo reais, pero non coas demais compensacións típicas dun contrato validamente celebrado por canto o empresario debe quedar indemne mais non pode obter un lucro equivalente ao dun contrato válido. Así pois, a fixación desta deberá realizarse seguindo un procedemento contradictorio, o cal podería concluír a improcedencia de abonar conceptos tales como o beneficio industrial nos casos nos que, como é o caso de AUGASERVI, SL, non se aprecie boa fe por parte de quen coñece que está obrando ao marxe do dereito.

**Décimo.-** O Ditame número 84/2023 emitido o 31.03.2023 polo Consello Consultivo de Galicia refírese ao órgano competente nos seguintes termos: (\* o subliñado é propio)

“(…/…)Dunha banda, e segundo o establecido no artigo 41.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26.2.2014 (en diante LCSP), será competente para declarar a nulidade do acto do adxudicación do contratos o órgano de contratación, cando se trate de contratos dunha Administración pública. No presente caso, pretende revisarse un acto de adxudicación dun contrato realizado pola alcaldía do concello (que asinou a correspondente folla de pedido da obra), órgano que acorda iniciar o procedemento de revisión, e que deberá resolver definitivamente.(…/…)”

Tendo en conta o criterio do Consello Consultivo de Galicia e habida conta que a prestación se ven realizando de forma irregular dende hai máis de 18 anos e dada a súa contía, a competencia para a resolución da revisión corresponde ao Pleno da Corporación.

**Décimoprimeiro.-** A resolución de alcaldía número 431/2024 de 4 de abril resolveu solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a emisión pola vía de urxencia do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L

O Ditame número CCG 173/2024 emitido o 22.05.2024 polo Consello Consultivo de Galicia e con entrada no rexistro xeral na mesma data (núm. de entrada 20249000001377) o cal é do seguinte tenor literal:

<< (…/…)Cuarta.. (…/…)

Pois ben, tanto dos informes da Secretaría e da Intervención, como das propias facturas, da proposta, e finalmente da resolución da Alcaldía pola que se acorda a remisión do expediente, resulta clara, inequívoca e pacificamente a existencia dunha orde verbal para a continuación do servizo unha vez finalizado o prazo legal de duración e as súas prórrogas. Este recoñecemento expreso é proba máis que suficiente da existencia do encargo verbal, e en consecuencia da esixencia dun acto administrativo, que como tal, poderá ser sometido a un procedemento de revisión de oficio para verificar se está viciado de nulidade de pleno dereito. (…/…)

**Quinta.**

Entrando xa no exame do fondo do asunto, a proposta de resolución remitida propugna a nulidade do acordo de adxudicación ditado con ausencia total do procedemento previsto na normativa de aplicación, artigo 47.1.e) da LPAC, por infracción do previsto no artigo 37 da LCSP, que prohibe as contratacións verbais fóra dos casos de emerxencia, e tamén do previsto no artigo 173.5 do Real decreto lei 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e artigo 39.2.b) da

LCSP, que considera causa de nulidade de pleno dereito nos contratos a carencia ou insuficiencia de crédito.

O informe da secretaria, a proposta da Intervención, e as resolucións da Alcaldía (tanto a de inicio coma o acordo de remisión do expediente a este órgano) constatan a total inexistencia de procedemento de licitación e de acto formal de adxudicación, e o carácter verbal da encomenda. A propia empresa recoñece nas súas alegacións a existencia dunha situación irregular do servizo *"en cuanto que se viene prestando en prórroga sin que medie la correspondiente declaración, y se viene haciendo además hace 19 años, y esa situación no es achacable a mi mandante a quien se le ha venido obligando a la prestación del servicio"*.

Do exposto pode concluírse de forma manifesta e evidente e sen gran esforzo argumental, a ausencia total do procedemento legalmente establecido, sen que sexa preciso analizar polo miúdo os trámites establecidos na normativa de contratación. Abonda con indicar que, de acordo co citado artigo 37 da LCSP, as entidades do sector público non poderán contratar verbalmente, salvo que o contrato teña carácter de emerxencia. No mesmo sentido, das alegacións da mercantil e do resto dos informes obrantes no expediente, resulta unha conformidade neste extremo.

En consecuencia, o xuízo deste órgano consultivo é favorable á revisión de oficio proposta polo concello.

## CONCLUSIÓN

Por todo o anteriormente exposto, a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, por unanimidade dos seus membros, ditamina:

**Que informa favorablemente a proposta de resolución á que o presente expediente se refire". (.../...)**

>>

Polo exposto, en base aos antecedentes mencionados e á lexislación aplicable, de conformidade có previsto no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, inicialmente e sen perxucio do que dispoña a Sra. Alcaldesa no que respecta á continuidade do servizo a cal, en todo caso, requerirá informes de secretaría e intervención, fórmulase a seguinte:

### **" PROPOSTA DE ACORDO**

**Primeiro.-** Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L. A contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L atópase incurso en causa de nulidade de pleno dereito de conformidade co disposto polo artigo 47.1.e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas por terse ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido e dado o incumprimento dos artigos 28, 36, 37, 116, 117, 131, 132, 151, 154, DA3ª da LCSP; dos artigos 213 e 214 do TRLFL e dos artigos 7, 8, 10 do Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

**Segundo.-** Notificar, para os efectos oportunos, o presente acordo á empresa AUGASERVI, S.L.

**Terceiro.-** Remitir certificación deste acordo ao Consello Consultivo de Galicia. >>

Visto que o 15.07.2024 remitín un correo electrónico á interventora ao que acheguei unha proposta de alcaldía rectificada aos efectos de incluír a orde de continuidade no servizo ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo que se deriva do grave trastorno ao servizo público provocado pola declaración de nulidade.

Visto o informe de intervención referencia LMR CONTINUIDADE AUGASERVI / 2024 có asunto *Informe de intervención complementario ao informe-proposta referido á declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L.* asinado por esta intervención o 17.07.2024 (CVD: 4BVtVG0t0q+jDYEJAjE0) coas seguintes conclusións:

#### “(.../...) IV) CONCLUSIÓNS

De conformidade có exposto, queda acreditado que a **situación irregular do servizo** de conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre é a **consecuencia directa de dous circunstancias:**

- A **inactividade do equipo de goberno con competencia en materia de contratación** do Concello de Cambre dado que, a pesar das reiteradas advertencias da intervención e da secretaría en orde a proceder á licitación do contrato extinguido, respondeu cunha absoluta inactividade vulnerando os principios rexen a contratación pública de igualdade, libre concorrència, publicidade e transparencia.
- A **connivencia da mercantil AUGASERVI, S.L. no mantemento dunha situación irregular** da que era plenamente coñecedora e coa que se beneficiou de prestar un servizo sen ter competir en igualdade de condicións con outros licitadores.

**Advirto por escrito** que a valoración da concorrència dun grave trastorno ao servizo público deberá examinarse con cautela e de forma **excepcional**, en función do caso concreto, **evitando que o interese xeral poida converterse, sen máis, nun comodín que permita dar cobertura xenérica para continuar a execución do contrato público, a pesar á declaración de nulidade.** Igualmente, é preceptivo que a orde de continuidade se **limite ao tempo imprescindible** polo que debe iniciarse de xeito inmediato e sen exceder dun prazo de 15 días hábiles, o oportuno expediente de contratación. Coa finalidade de garantir a existencia de crédito axeitado e suficiente, unha vez que pola alcaldía se defina o programa de actuación coas medidas e os tempos previstos para cada unha delas e con carácter previo á dictar a oportuna resolución, **solicítase** a esta intervención a **emisión do certificado de existencia de crédito** xa que, se ben a data de sinatura deste informe o crédito a nivel de bolsa de vinculación ascende a 635.631,53 €, o correcto é que o crédito que resulte necesario esté retido (RC).

En calquera caso, **as facturas que se deriven a orde de continuidade serán obxecto de reparo suspensivo por aplicación do artigo 216.2.c) do TRLFL.** Asemade, **de ningún xeito poderán contemplar revisión de prezos** xa que o artigo 42.3 da LCSP refírese á “...continuación de los efectos de aquel y bajo sus mismas cláusulas...” e o feito de que a mercantil AUGASERVI SL estivese a emitir facturas que foron aceptadas e abonadas polo Concello de Cambre demostra a existencia dun “acordo de voluntades” entre ambas partes. (.../...)”

Vista a nota informativa da secretaria accidental do día 18.07.2024 (CVD: qzBFLJJ5ni9YWWEKw3i1) que, entre outras cousas, di:

“(...)”

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.-** Como presuposto, é obrigado sinalar que a nulidade da contratación verbal do servizo citado nos antecedentes o foi por concorrer a causa de nulidade de pleno dereito contida no artigo 47.1 e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común (actos dictados prescindido total e absolutamente do procedemento legalmente establecido). É dicir, a nulidade de pleno dereito da contratación verbal o foi pola causa máis grave.

Así, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea considera a contratación prescindido total e absolutamente do procedemento legalmente establecido (como é a contratación verbal) como a infracción máis grave do dereito comunitario ( Sentenza de 11 de xaneiro de 2005 (Stad Halle).

Polo tanto, a actual situación é consecuencia da actuación dos órganos de goberno do Concello consistente no encargo verbal, permitindo a prestación material do servizo de conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, non só contravindo a prohibición legal de contratar verbalmente senón, ademais, sen a necesaria cobertura xurídica formal- ao non proceder á convocatoria dun procedemento de licitación pública destinado á adxudicación e posterior formalización do correspondente contrato conforme ao disposto na normativa de contratación pública o que supón, dada a gravidade dos incumprimentos (reitérase o sinalado anteriormente verbo de que se trata da infracción máis grave do dereito comunitario) a nulidade da dita contratación verbal

E é que a situación na que se atopa a prestación do servizo ten a súa orixe na falta de licitación da súa contratación, isto é, da tramitación do oportuno expediente destinado á selección dun novo contratista, dotando así de cobertura xurídica formal á prestación do servizo, e iso pese ás advertencias feitas tanto por Secretaría e Intervención verbo da necesidade de proceder a súa contratación de acordo cos principios de igualdade, libre concorrència, transparencia e publicidade e a través dos procedementos legalmente establecidos, coa necesaria concorrència de todos os posibles licitadores interesados.

Así, pola secretaria xeral, nas notas informativas emitidas en relación- entre outros- a expedientes relativos a aprobación de facturas presentadas por AUGASERVI S.L. por este servizo, que a contratación (verbal) realizada contraviña a normativa de aplicación, que constituía unha transcendente irregularidade xurídica ao supoñer a omisión total e absoluta do procedemento legalmente establecido e constituír unha causa de nulidade de pleno dereito.

Tamén se informou reiteradamente pola secretaria xeral da necesidade de proceder a contratación de, entre outras, esta prestación. A título exemplificativo, poden citarse as notas informativas da secretaria xeral números 7/2022 e 25/2022.

Así, por exemplo, na nota informativa de secretaría 25/2022, do 4 de outubro do 2022 sinalouse o seguinte:

### **“NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA 25/2022**

Remitido a Secretaría expediente TEDEC 2022/G003/001828 , en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por esta Secretaría fanse as seguintes consideracións:

No expediente examinado consta informe de intervención de fiscalización JUA NUM 376/2022-REPARO 121-R (CVD:SKCz/cftlzxh1/ngAZJe) de diversas facturas que nel se relacionan polos conceptos e contías que se indican. No dito informe do Sr. Interventor se fiscaliza de disconformidade con efectos suspensivos, en relación coas facturas que indica nas que se fan as observacións que nel constan. Sinálase en dito informe, no punto 1 do apartado “Observaciones” que “...A día de hoy la empresa AGUASERVI S.L. (antes Fontanería Otero) presta en precario el contrato de gestión del servicio municipal de agua potable y alcantarillado)

Esta intervención viene reparando facturas por idéntico motivo de forma reiterada así como instando el inicio del procedimiento administrativo de adjudicación del contrato del servicio del agua y alcantarillado, sin que tenga a la fecha conocimiento de la tramitación efectiva del oportuno expediente de contratación.(.../....)”

Esta Secretaría comparte el criterio desfavorable de la Intervención municipal e informa que la prestación del servicio municipal de agua potable y alcantarillado debe contratarse a través de los procedimientos y formas de adjudicación establecidos en la legislación vigente, resultando además, que el artículo 37 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de contratos del sector público (LCSP), prohíbe la contratación verbal, al establecer que “Las entidades del sector público no podrán contratar verbalmente, salvo que el contrato tenga, conforme a lo señalado en el artículo 120.1, carácter de emergencia”. El artículo 99.2 de la LCSP dispone que no podrá fraccionarse el objeto de un contrato con finalidad de disminuir o contornar el mismo y eludir así los requisitos de publicidad o los relativos a los procedimientos de adjudicación que corresponda. Por tanto infórmase que la contratación (verbal) realizada contravenía la normativa de aplicación, ya que las contrataciones verbales están prohibidas expresamente por la legislación vigente, lo que constituye una trascendente infracción jurídica, al suponer una omisión total e absoluta del procedimiento legalmente establecido, y que constituye una causa de nulidad de pleno derecho, por lo que, de acuerdo con el artículo 28 del Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, corresponde a la intervención municipal apreciar la posibilidad y conveniencia de la revisión de los actos citados con infracción del ordenamiento.

En todo caso infórmase de la necesidad de proceder a la contratación de las diversas prestaciones regulares que requiera el Concello (considerando la excepcionalidad de la contratación menor, los límites cuantitativos de hasta 40.000 euros para contratos de obras y 15.000 euros cuando se trate de contratos de suministro o de servicios-, la prohibición de fraccionamiento de los contratos, la duración máxima de un año para los contratos menores y la prohibición de su prórroga, así como la improcedencia de acudir a esta modalidad para satisfacer necesidades previsibles y recurrentes), y siempre que se atope debidamente justificada por el servicio correspondiente a la necesidad de la contratación y el importe aproximado de las prestaciones, de acuerdo con los principios de publicidad, libre concurrencia, igualdad y transparencia, y a través de los procedimientos regulados en la citada Ley, debiendo en todos los casos constar en el expediente debidamente justificada la necesidad e idoneidad de la contratación así como la justificación del precio del mismo. La Comisión consultiva de contratación administrativa de la Junta de Andalucía en su informe 9/2009, de 15 de junio, señala que:“(.../....) Los órganos de contratación han de ser conscientes de la indisponibilidad de las normas rectoras de la contratación pública; regla jurídica vinculada a la satisfacción del interés general y que opera como garantía de los principios básicos de publicidad, libre concurrencia y transparencia. Además, los métodos de contratación abierta y competitiva, en los que se aplican adecuadamente los descritos principios, permiten mayor concurrencia y la obtención de beneficios por ofertas más ventajosas, cuestión esta última que afecta a la eficiente utilización de los recursos públicos en un periodo como el actual, caracterizado por importantes restricciones presupuestarias.(.../....)”.

Es lo que expongo en esta nota informativa que es el resultado del análisis de los documentos examinados y no abarca aspectos que, por su naturaleza requieren un examen más cuidadoso del expediente, por lo que las consideraciones hechas podrán ampliarse en un informe emitido de acuerdo con lo dispuesto en la normativa de aplicación.”

También por la intervención municipal se emitieron informes de reparo motivado por la ausencia de procedimiento de contratación, instando el inicio del procedimiento administrativo de adjudicación, tal y como expone a Sra. interventora en los informes relacionados con los antecedentes.

A la vista de lo anteriormente expuesto resulta que tanto por la Secretaría como por la Intervención municipal se veuse informando a los órganos gestores del Concello de la situación irregular en la que se encontraba la prestación del servicio así como de la necesidad de proceder a su contratación previa licitación a través de los procedimientos previstos en la normativa vigente, ya que la empresa –AGUASERVI S.L.– no fue seleccionada previa a la correspondiente licitación, lo que supone una contradicción con el principio de legalidad en el ámbito de la contratación pública, que exige la tramitación de un procedimiento con las debidas garantías que aseguren la participación de los posibles licitadores y el acierto de la Administración Pública.

Isto é, pese ás reiteradas advertencias de nulidade feitas por secretaría e as indicacións de Secretaría e Intervención da procedencia de tramitar o procedemento de contratación, a actitude pasiva dos órganos de goberno do Concello que teñen atribuída a competencia en materia de contratación é a orixe da actual situación, pois coñecendo que o anterior contrato se extinguira así como a necesidade de proceder a súa contratación, non adoptaron con tempo suficiente as decisións necesarias para garantir a continuidade do servizo, licitándoo; situación que podería terse evitado coa licitación e contratación do servizo.

O feito de manter a prestación sen licitar constitúe unha infracción moi grave do ordenamento xurídico, ao supoñer unha adxudicación directa prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, cunha flagrante, patente e palmaria erosión dos principios básicos que rexen a contratación pública de igualdade, libre concorrència, publicidade e transparencia.

E tamén cómpre ter en conta a actitude do contratista (verbal) que tamén favoreceu a dita contratación verbal, obtendo un contrato sen concorrència nin competencia. Á falta de acreditación da boa fé do contratista refírese a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 12 de novembro de 2021 e á Sentenza número 333/2023, do 9 de novembro de 2023 do Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Santa Cruz de Tenerife. O Consello Consultivo de Andalucía sinala sobre este particular no seu ditame 40/2022, de 27 de xaneiro de 2022 o seguinte:

“(…/…) Así, este Órgano ha señalado en reiteradas ocasiones que el contratista que consiente una irregular actuación administrativa, prestando por su parte unos servicios sin la necesaria cobertura jurídica sin oposición alguna, se constituye en copartícipe de los vicios de que el contrato pueda adolecer, dando lugar a que recaigan sobre el mismo las consecuencias negativas de tales vicios. En esta dirección el Consejo Consultivo ha insistido en que resulta improbable que quien contrata con la Administración desconozca, por mínima que sea su diligencia, que no puede producirse una contratación prescindiendo de todo procedimiento”.

Hai que lembrar que a contratación administrativa é eminentemente formal, en garantía dos citados principios de igualdade, libre concorrència, publicidade e transparencia no gasto público. Por iso a ausencia de procedemento de contratación no suposto examinado conlevou a nulidade radical, e pode dar lugar a exacción de responsabilidades dos que participaron nesas irregularidades.

Pois cando a Lei establece uns procedementos para a formalización dos contratos, non só son garantía de transparencia e limpeza no proceso de contratación pública, senón tamén de seguridade entre as partes na determinación das prestacións e os dereitos recíprocos nados destes procedementos. Cando as partes prescinden de todas estas garantías, sen prexuízo das responsabilidades nas que poidan incurrir, tamén están renunciando á seguridade que proporciona a vía legal e asumindo o risco de que, ao cabo, non se poidan acreditar estes convenios verbais e as formas de actuación e pago non documentadas.

Atopámonos, polo tanto, cunha situación irregular, cun contrato nulo, ilegal, derivado dun encargo verbal nulo por incurrir na infracción máis grave do dereito en materia de contratación pública, e que podería terse evitado licitando a contratación do servizo. Neste punto, cabe lembrar o criterio da Xunta Consultiva de contratación do Estado en relación a estas situacións, segundo o cal, a solución a este tipo de problemas (Informe do 10 de decembro de 2018, expediente 86/18) estriba nunha dilixencia reforzada dos órganos de contratación e nun concepto ao que a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), outorga unha gran importancia como é a programación e planificación adecuada da súa actividade contractual, obriga esta de planificación recollida no artigo 28.4, que establece:

“4. Las entidades del sector público programarán la actividad de contratación pública, que desarrollarán en un ejercicio presupuestario o períodos plurianuales y darán a conocer su plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de información previa previsto en el artículo 134 que al menos recoja aquellos contratos que quedarán sujetos a una regulación armonizada”.

Preséntase agora unha situación á que o Concello debe darlle unha solución xa que un dos servizos de prestación obrigatoria en todos os municipios é o de abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de

augas residuais (artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local), e que puido terse evitado.

**Segunda.-** O artigo 42 da Lei de Contratos do Sector Público regula os efectos da declaración de nulidade, sinalando o seguinte:

«1. La declaración de nulidad de los actos preparatorios del contrato o de la adjudicación, cuando sea firme, llevará en todo caso consigo la del mismo contrato, que entrará en fase de liquidación, debiendo restituirse las partes recíprocamente las cosas que hubiesen recibido en virtud del mismo y si esto no fuese posible se devolverá su valor. La parte que resulte culpable deberá indemnizar a la contraria de los daños y perjuicios que haya sufrido.

La nulidad de los actos que no sean preparatorios solo afectará a estos y a sus consecuencias.

Si la declaración administrativa de nulidad de un contrato produjese un grave trastorno al servicio público, podrá disponerse en el mismo acuerdo la continuación de los efectos de aquél y bajo sus mismas cláusulas, hasta que se adopten las medidas urgentes para evitar el perjuicio (...)».

Toda vez que no borrador de proposta que consta no expediente se prevé acordar a continuidade do contrato que previamente se declara nulo, o presente informe centrarase no dito extremo.

Da lectura do apartado terceiro do precepto legal transcrito despréndese que o lexislador apunta a posibilidade de que o interese público module os posibles efectos da invalidez dun contrato inválido (baixo as condicións que sinala), dispoñendo que se a declaración administrativa de nulidade dun contrato produciase un grave trastorno ao servizo público a posibilidade de dispoñer no mesmo acordo a continuación dos efectos de aquel baixo as mesmas cláusulas, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo. Polo tanto, para que se produza ese efecto deben concorrer unha serie de requisitos:

- Que a declaración de nulidade produciase un grave trastorno ao servizo público
- Que o acordo de continuación se adopte no mesmo acordo no que se declara a nulidade do contrato
- Que a continuidade sexa ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo. É dicir, o mantemento do contrato inválido debe limitarse ao tempo necesario para adoptar medidas urxentes que remedien a situación.

Este precepto citado contempla unha medida excepcional que, como tal, debe interpretarse de xeito restritivo, en función do caso concreto, evitando que a invocación do interese xeral poida converterse, sen máis, nun comodín que permita dar cobertura xenérica para continuar a execución do contrato público a pesares da súa declaración de nulidade.

Neste sentido cobra especial relevancia a motivación da orde pola que se dispón a continuidade da prestación, pois deben xustificarse as razóns imperiosas de interese xeral, concepto que veu utilizando abundantemente a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, en base a criterios de proporcionalidade.

Esta medida debe ter un carácter absolutamente provisional e polo tempo estritamente necesario - dí o artigo "hasta que se adopten medidas urgentes para evitar el perjuicio". É por iso que deben marcarse límites máximos temporais, pois o que non resulta admisible é que unha medida de carácter provisional e excepcional faga que se prolongue "sine die" un contrato declarado nulo e, polo tanto, ilegal. Algúns autores propoñen que, ao considerarse unha medida provisional, o procedemento de contratación debería iniciarse no prazo de quince días que prevé o actual artigo 56.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común.

No suposto examinado, polo que respecta á motivación alúdese a un grave trastorno ao servizo público, pero non se especifica nin se contén un plan de actuación no que se concreten as medidas urxentes a adoptar para evitar o prexuízo, que entendo debería acompañarse a unha medida desta natureza (dado o seu carácter excepcional) para constatar o seu carácter provisional, o que impide comprobar a concorrencia deste extremo, polo que sen esta concreción non se consideran cumpridos os requisitos esixidos no artigo 42.3 da Lei de contratos do sector público.

En todo caso á vista da situación actual, que require da adopción por parte dos órganos decisorios do Concello de medidas necesarias tendentes a garantir a continuidade do servizo , tendo en conta que tal situación, como se indicou, ten a súa orixe na falta de licitación do contrato do servizo, e que puido evitarse polo órgano de contratación cunha actuación encamiñada a contratalo, é competencia dos órganos de goberno a adopción baixo a súa exclusiva responsabilidade das medidas necesarias a tal fin.

Iso sen prexuízo das responsabilidades a que, no seu caso, houbera lugar pola contratación “contra legem” e o seu mantemento no tempo.

Sobre este particular, a Comisión Xurídica Asesora da Comunidade de Madrid no ditame 5/2023, de 30 de marzo de 2023 sinala: “La utilización reiterada de la contratación verbal sobre un mismo contrato ya revisado puede determinar responsabilidades de cualquier índole”.

E no ditame 404/2022, de 27 de xullo de 2023 sinala o dito órgano consultivo que:

“(…/ ) No procedería por tanto volver a revisar lo que ya no existe, esto es, la contratación verbal irregular. Todo ello sin perjuicio de las responsabilidades que pudieran derivarse de esta contratación contra legem y su mantenimiento en el tiempo.”

En todo caso é perentorio que se proceda a licitación do contrato- ademais do resto dos que se atopan en precario-, de acordo cos principios de igualdade, libre concorrncia publicidade e transparencia a través dos procedementos regulados na LCSP.

Finalmente cómpre reiterar o sinalado verbo da correcta planificación e programación da contratación pública como medio que, ademais de ser obrigatorio actualmente de conformidade co artigo 28 da LCSP, é crucial para evitar este tipo de situacións radicalmente ilegais que conlevan ademais o risco de que se faga un uso ineficiente dos recursos públicos.

Así o afirma a Axencia Valenciana Antifraude na Recomendación xeral “Planificación: herramienta clave para prevenir los riesgos de corrupción en las organizaciones”, na cal sinala que é “imprescindible que cada organización planifique la manera de gastar los recursos públicos en beneficio de la comunidad, tratando así la contratación como inversión meditada y justificada”, e que “planificar los contratos posibilitará su control interno (especialmente el control financiero permanente) contribuyendo así a minimizar los riesgos de corrupción, sus costes económicos y la ‘parálisis funcional’ al retrasar la ejecución de las prestaciones contratadas con la el consiguiente descrédito reputacional”.

**Visto que o artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local impón a todos os concellos a obriga de prestar, entre outros, o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e o de alcantarillado.**

**Visto que o Tribunal Supremo ven entendendo como servizos esenciais os recollidos no citado artigo 26.**

Visto que estamos, pois, ante **un servizo esencial**, entendendo por este, en palabras do Tribunal Constitucional (STC 185/1995, de 14 de decembro, un servizo “**obxectivamente indispensable para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social dos particulares de acordo coas circunstancias sociais de cada momento e lugar, ou, dito con outras palabras, cando a renuncia a estes bens, servizos ou actividades priva ao particular de aspectos esenciais da súa vida privada ou social**”.

Visto que estamos ante un **servizo de prestación obrigatoria**, cuxo incumprimento, ademais dunha infracción do ordenamento xurídico, impide á veciñanza satisfacer as súas necesidades básicas da súa vida persoal e sociais.



Vistas as graves consecuencias que poden derivarse da non prestación deste servizo e tendo en conta que nos atopamos ante unha situación excepcional, non existindo outra opción posible.

Visto o artigo 42.3 da LCSP segundo o cal se a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise un grave trastorno ao servizo público, poderá dispoñerse a continuación dos efectos de aquel e baixo as mesmas cláusulas, ata que se adopten medidas urxentes para evitar o prexuízo.

Por todo o anterior, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L. A contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado *XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO* prestado pola empresa AUGASERVI, S.L atópase incurso en causa de nulidade de pleno dereito de conformidade co disposto polo artigo 47.1.e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas por terse ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido e dado o incumprimento dos artigos 28, 36, 37, 116, 117, 131, 132, 151, 154, DA3ª da LCSP; dos artigos 213 e 214 do TRLFL e dos artigos 7, 8, 10 do Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

**Segundo.-** Continuar coa prestación do servizo consistente na XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L. nos mesmos termos que se viña desempeñando, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo que se deriva do grave trastorno ao servizo público provocado pola declaración de nulidade.

**Terceiro.-** Notificar, para os efectos oportunos, o presente acordo á empresa AUGASERVI, S.L. e dar traslado, a través da plataforma TEDEC, á Intervención Municipal e á Sección de Obras e Servizos.

**Cuarto.-** Remitir certificación deste acordo ao Consello Consultivo de Galicia.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa. O prazo para interpoñer o recurso de reposición é de un mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015). O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente”.

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen dá lectura extractada da proposta.

Intervenñen o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 19 de xullo de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0)

Abstencións: Once (11), dos/a Sres./a: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Lauda Fernández. Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 19 de xullo de 2024 (CVD: H+zCIRxaQZRY5qnl8bX).

## **2.2. PROPOSTA DE ALCALDÍA DE DECLARACIÓN DE NULIDADE DO ACTO ADMINISTRATIVO DA CONTRATACIÓN VERBAL DO SERVIZO DE TRACTO SUCESIVO E DE COMPETENCIA MUNICIPAL DENOMINADO LIMPEZA VIARIA PÚBLICA PRESTADO POLA EMPRESA EMPREGO SOCIAL, S.L. E DE CONTINUACIÓN COA PRESTACIÓN DO DITO SERVIZO POLA CITADA EMPRESA**

**Acceso á videoacta – 00:15:43 horas**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 19 de xullo de 2024 (CVD: y7TOCmsuurOOzqQEECWz), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión ordinaria de data 24 de xullo de 2024, que transcrita di:

### **“PROPOSTA DA ALCALDIA**

Visto que por resolución de alcaldía número 107/2024 de 5 de febreiro, ratificada por acordo plenario do 25.04.2024, resolvéuse incoar o expediente de revisión de oficio tendo en conta o argumentado pola interventora municipal nos seus informes en relación co servizo de LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L, ao abeiro do cal emitíronse as facturas documento 1- 000251 emitida o 30.06.2023 e número 1- 000302 emitida o 31.07.2023.

Visto o informe de secretaría de 12.02.2024 (CVD: rNI4Gu+s+++shkND1zsEO) co asunto *Revisión de oficio da contratación verbal do servizo de limpeza viaria do Concello de Cambre*.

Visto o escrito de alegacións presentado por EMPREGO SOCIAL, SL o 29.02.2024 (número de rexistro de entrada 202499900001230).

Vista a sesión plenaria de 25.04.2024 na que se acorda ratificar a resolución de alcaldía número 107/2024 pola que se resolve incoar o expediente de revisión de oficio tendo en conta o argumentado pola interventora municipal nos seus informes en relación co servizo de LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L ao abeiro do cal emitíronse as facturas documentos número 1- 000251 emitida o 30.06.2023 e número 1- 000302 emitida o 31.07.2023

Visto o informe-proposta emitido pola interventora municipal en data 25.04.2024 (CVD: 8NKjNHxX8ECIvljXxwyY) favorable á solicitude de ditame preceptivo e vinculante ao Consello Consultivo de Galicia.

Vista a resolución de alcaldía número 536/2024 de 26 de abril pola que se resolveu solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a emisión pola vía de urxencia do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto

administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L

Visto o Ditame número CCG 218/2024 emitido o 19.06.2024 polo Consello Consultivo de Galicia e con entrada no rexistro xeral na mesma data (núm. de entrada 20249000001589), favorable á declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L

Visto o informe-proposta emitido pola interventora municipal de data 10.07.2024 (CVD: vwxo0omDjMwjsV1ydHE5) que se transcribe a seguir:

### **<< INFORME- PROPOSTA ACORDO**

**ASUNTO: Informe-proposta de intervención referido á declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L**

#### **III) ANTECEDENTES DE FEITO**

1º.- A proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 18.09.2023 (CVD: StUWUBbZGfQplv/YfxMH) dispón que pola intervención se proceda á fiscalización previa ao recoñecemento de obrigas nos termos do artigo 213 e seguintes do TRLFL de, entre outras, ás facturas documentos número 1-000251 emitida o 30.06.2023 e número 1- 000302 emitida o 31.07.2023 pola empresa EMPREGO SOCIAL, SL.

2º.- O 29.09.2023 a interventora asina (xKIK5vpd57m/ZDZBgki4) informe con número de referencia LMR-facturas OMISIÓN DE FISCALIZACION- TEDEC 2023/G003/001613 no que conclue:

#### **<< IV) CONCLUSIONÍS**

Esta intervención deduce que, a maiores das infraccións do ordenamento xurídico postas de manifesto no presente informe (artigos 28, 36, 37, 99, 116, 117, 131, 132, 151, 154, DA3ª da LCSP), incorreuse nun suposto de omisión da función interventora (artigos 213 e 214 do TRLFL e artigos 7, 8, 10 do Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local) polo que dacordo có artigo 28 do RD 424/2017, non se poderá recoñecer a obrigación, nin tramitar o pago, nin intervir favorablemente a actuación especificada ata que se coñeza e resólvase esta omisión.

Devólvense os expedientes ao órgano xestor coa finalidade de que incorpore as valoracións e xustificacións ás que se refire o artigo 28.2.c do Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local a efectos de que esta intervención poida constatar se as prestacións se levaron a cabo efectivamente e se o seu prezo axústase ao prezo de mercado. (...)>>

3º.- O 03.10.2023 a interventora asina (CVD: WQRxL/rjGMki+FU5++18) solicitude de informe ao que se refire o artigo 28.2.c do real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local en relación, entre outras, ás facturas documentos número 1- 000251 emitida o 30.06.2023 e número 1- 000302 emitida o 31.07.2023 pola empresa EMPREGO SOCIAL, SL.

4º.- O 15.12.2023 (CVD: 0QCyfy+J27adH5sUPQKI) o Ingeniero de Caminos Municipal Jefe de la Sección de Servicios asina informe có asunto *Expediente TEDEC nº. 2023/T003/003781. Solicitud de Intervención de informe justificativo de las prestaciones realizadas, al que se refiere el artículo 28.2.c del Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno de las entidades del Sector Público Local. Servicio de limpieza viaria pública del Ayuntamiento de Cambre. EMPREGO SOCIAL S.L.*

5º.- O 15.12.2023 a interventora asina (CVD: zE+jAKc0jOOsLm9OsiGK) dilixencia pola que se devolve o expediente ao Ingeniero de Caminos Municipal Jefe de la Sección de Servicios coa finalidade de que se pronuncie claramente (afirmativa ou negativamente, sen ningún tipo de condicionante) en canto a se as prestacións foron ou non realizadas efectivamente e se os prezos facturados respectan ou non o prezo de mercado.

6º.- O 27.12.2023 (CVD: 2ew3wk8yC56LPh3Nof1L) o Ingeniero de Caminos Municipal Jefe de la Sección de Servicios asina informe có asunto *INFORME COMPLEMENTARIO Expediente TEDEC nº. 2023/T003/003781. Solicitud de Intervención de informe justificativo de las prestaciones realizadas, al que se refiere el artículo 28.2.c del Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno de las entidades del Sector Público Local. Servicio de limpieza viaria pública del Ayuntamiento de Cambre. EMPREGO SOCIAL S.L.*

7º.- O 29.12.2023 a interventora asina (v/igWUv7cBiKWTPcgXTC) informe referencia LMR-facturas EMPREGO SOCIAL S.L. OMISIÓN DE FISCALIZACION- TEDEC 2023/T003/003781.

8º.- O 29.12.2023 a concelleira de economía, facenda e réxime interior asina (CVD: CVD: tdfwAj6S+oxlFcfIS9Ct) providencia pola se solicita que se informe sobre a viabilidade xurídica da proposta de resolución de alcaldía:

<< (...)En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO: Primeiro: Aboar ás seguintes empresas a metade da débeda que teñen co Concello de Cambre, deixando a outra metade a expensas do pronunciamento a intervención municipal e do Consello Consultivo >>

En contestación á citada providencia a interventora o 15.01.2024 asina (CVD: 0NVk9qfPDAV59oyZRdYp) informe referencia LMR 2/2024 e a secretaria, na mesma data, asina (CVD: rNI4Gu+s++shkND1zsEO) o informe correspondente.

9º.- O 10.01.2024 a concelleira de economía, facenda e réxime interior asina (CVD: Rpo0dM07qlcy69yytue1) providencia pola na que se solicita que se proceda de forma inmediata a abrir os correspondentes expediente de revisión de oficio, dando audiencia á empresa afectada a fin de que presente as alegacións que considere oportunas.

10º.- O 24.01.2024 a concelleira de economía, facenda e réxime interior asina (CVD: BTM3jUGt8y+U4yIOPmnk) providencia na que indica que:

<< (...)Visto que no día de hoxe se me devolve por parte do xefe da área de obras e servizos o expediente 2023/T003/003781 no que engade como observación que se reitera nos seus informes anteriores en relación co informe emitido pola Interventora Municipal con referencia LMR 6/2024 sobre as facturas de Instelec, Jardincelas e Emso (...) >>

11º.- O 5 de febreiro de 2024 dítase (CVD: G8QeZxWwhp1hsxurtV7r) resolución de alcaldía número 107/2024 pola que se resolve incoar o expediente de revisión de oficio tendo en conta o argumentado pola interventora municipal

nos seus informes en relación co servizo de LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L ao abeiro do cal emitíronse as facturas documentos número 1- 000251 emitida o 30.06.2023 e número 1- 000302 emitida o 31.07.2023.

12º.- O 12.02.2024 a secretaria asina (CVD: rNI4Gu+s++shkND1zsEO) informe có asunto *Revisión de oficio da contratación verbal do servizo de limpeza viaria do Concello de Cambre*.

13º.- O 16.02.2024 (CVD: 1PajPVnioKncQh0bnsIR) o alcalde asina oficio có asunto *Trámite de alegacións ao expediente de revisión de oficio do servizo de LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL S.L* o cal se notifica con número de rexistro de saída 202400000000579

14º.- Xustificante do sistema notifica.gal de posta a disposición con data e hora 16.02.2024 11:07:38.

15º.- Documento xustificante do sistema DEHU Aceptada polo usuario con data e hora 16.02.2024 12:19, polo que o período de alegacións abrangueu dende o 19.02.2024 ata o 01.03.2024 (ambos inclusive).

16º.- O 29.02.2024 con número de rexistro de entrada 202499900001230 EMPREGO SOCIAL, SL presenta escrito de alegacións ao expediente de revisión de oficio iniciado por resolución de alcaldía número 107/2024 de 5 de febreiro.

17º.- Sesión plenaria de 25.04.2024 na que se acorda ratificar a resolución de alcaldía número 107/2024 pola que se resolve incoar o expediente de revisión de oficio tendo en conta o argumentado pola interventora municipal nos seus informes en relación co servizo de LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L ao abeiro do cal emitíronse as facturas documentos número 1- 000251 emitida o 30.06.2023 e número 1- 000302 emitida o 31.07.2023.

18º.- Informe-proposta emitido pola interventora municipal de data 25.04.2024 (CVD: 8NKjNHxX8ECIvljXxwyY) favorable á solicitude de ditame preceptivo e vinculante ao Consello Consultivo de Galicia.

19º.- Resolución de alcaldía número 536/2024 de 26 de abril pola que se resolveu solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a emisión pola vía de urxencia do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L. .

20º.- Sesión plenaria de 20.05.2024 pola que se aproba o recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 2.106.930,04 euros na que se inclue, entre outras, facturas emitidas pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L. correspondentes ao servizo de LIMPEZA VIARIA PÚBLICA .

21º.- Ditame número CCG 218/2024 emitido o 19.06.2024 polo Consello Consultivo de Galicia e con entrada no rexistro xeral na mesma data (núm. de entrada 202490000001589) favorable á declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L.

#### IV) FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.- A normativa aplicable estaría constituída por:**

- Constitución de 1978.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (coas modificacións sucesivas). (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto refundido de disposicións vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir factura que corresponde aos empresarios e profesionais
- Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.
- Informe de fiscalización do Consello de Contas de Galicia dos recoñecementos extraxudiciais de crédito aprobados polas entidades locais de Galicia exercicio 2018
- Bases de execución do orzamento para o exercicio 2023 prorrogado

**Segundo.- O Tribunal de Xustiza da Unión Europea considera a contratación verbal como a infracción máis grave do dereito comunitario (Sentenza do 11 de xaneiro de 2005 (Stad Ache):**

*“37 En efecto, el citado planteamiento tendría como resultado convertir la aplicación de las normas comunitarias pertinentes en facultativa, según la voluntad de cada entidad adjudicadora, cuando, por el contrario, dicha aplicación es obligatoria si se cumplen los requisitos previstos en estas normas. **Una facultad de este tipo podría provocar la infracción más grave del Derecho comunitario en materia de contratos públicos por parte de una entidad adjudicadora. Disminuiría sensiblemente la tutela judicial eficaz y rápida que desea la Directiva 89/665 y perjudicaría a los objetivos perseguidos por la Directiva 92/50, a saber, la libre circulación de los servicios y que en esta materia exista una competencia abierta y no falseada en todos los Estados miembros”***

Tal e como establece o art.103 da Constitución, a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa dacordo con os principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito. Así pois, as autoridades e o persoal ao servizo da mesma están obrigados ao debido respecto da normativa de aplicación nos diversos ámbitos de actuación dentro das competencias públicas polo que se insta a ao seu cumprimento.

**Terceiro.- De conformidade có artigo 28.1 do RD 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, nos supostos nos que a función interventora fose preceptiva e omitírase, non se poderá recoñecer a obrigación, nin tramitar o pago, nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza e resolva dita omisión nos termos previstos no citado artigo.**

No informe de intervención referencia referencia LMR-facturas EMPREGO SOCIAL S.L. OMISIÓN DE FISCALIZACION- TEDEC 2023/T003/003781 asinado o 29.12.2023 (CVD: v/igWUv7cBiKWTPcgXTC) conclúin:

## << (.../...) IV) CONCLUSIÓNS

1.- (.../...)

2.- A contratación no sector público ten carácter formal por canto o artigo 37.1 da LCSP prohíbe a contratación verbal salvo que o contrato teña, conforme ao sinalado no artigo 120.1 do mesmo texto legal, carácter de emerxencia.

**O acto administrativo da contratación verbal** do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado **LIMPEZA VIARIA PÚBLICA** prestado pola empresa **EMPREGO SOCIAL S.L. é nulo de pleno dereito** dado que foi ditado sen tramitar procedemento algún, sen expediente de contratación, sen licitar, sen formalizar contrato e sen cumprir tampouco nin unha soa das formalidades esixibles sequera aos contratos menores. (*artigo 47.1.e Lei 39/2015, de 1 de outubro: Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes... Los dictados prescindiendo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido*).

Só os actos anulables son convalidables (artigo 52 Lei 39/2015, de 1 de outubro), non así os actos nulos de pleno dereito nos que só cabe a revisión de oficio para declarar a súa nulidade radical. **Constátase pois a necesidade de proceder á iniciación dun procedemento administrativo de revisión de oficio regulado no artigo 106 da Lei 39/2015, por remisión do artigo 41 da LCSP:**

*“1. Las Administraciones Públicas, en cualquier momento, por iniciativa propia o a solicitud de interesado, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma, si lo hubiere, declararán de oficio la nulidad de los actos administrativos que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo, en los supuestos previstos en el artículo 47.1.*

(...)

*3. El órgano competente para la revisión de oficio podrá acordar motivadamente la inadmisión a trámite de las solicitudes formuladas por los interesados, sin necesidad de recabar Dictamen del Consejo de Estado u órgano consultivo de la Comunidad Autónoma, cuando las mismas no se basen en alguna de las causas de nulidad del artículo 47.1 o carezcan manifiestamente de fundamento, así como en el supuesto de que se hubieran desestimado en cuanto al fondo otras solicitudes sustancialmente iguales.*

*4. Las Administraciones Públicas, al declarar la nulidad de una disposición o acto, podrán establecer en la misma resolución las indemnizaciones que proceda reconocer a los interesados, si se dan las circunstancias previstas en los artículos 32.2 y 34.1 de la Ley de Régimen Jurídico del Sector Público sin perjuicio de que, tratándose de una disposición, subsistan los actos firmes dictados en aplicación de la misma.*

*5. Cuando el procedimiento se hubiera iniciado de oficio, el transcurso del plazo de seis meses desde su inicio sin dictarse resolución producirá la caducidad del mismo. Si el procedimiento se hubiera iniciado a solicitud de interesado, se podrá entender la misma desestimada por silencio administrativo.”(.../...)”>>*

**Cuarto.- Ao abeiro do artigo 6.2 da LBRL “Los Tribunales ejercen el control de legalidad de los acuerdos y actos de las entidades locales” polo que, sen perxuício da presunción de validez e eficacia dos actos administrativos ditados conforme ao procedemento esixible e polo órgano competente, non pode perderse**

**de vista que a interpretación que do ordenamento xurídico acometan os xulgados e tribunais será a que haxa de prevalecer, máis aló da visión dos órganos administrativos consultivos así como dos órganos de control externo das Administracións Públicas**

A necesaria e previa revisión de oficio ven amparada polo Fundamento Xurídico Primeiro da STSJ Galicia 5671/2022 (Nº de Recurso: 7016/2022, Nº de Resolución: 290/2022) de 19.07.2022 o cal dispón o seguinte (\* a negrita e o subliñado é propio):

*"(…/…) En consecuencia, ante supostos coma o presente, de ausencia total de actividade administrativa contractual, debemos diferenciar **dúas fases, unha primeira de declaración de nulidade de todo o actuado, e unha segunda de recoñecemento de obrigas da administración para evitar o seu enriquecemento inxusto, se hai lugar a elas.***

*(…/…)*

*Ante unha nulidade de pleno dereito, a propia administración tiña como mecanismo de reacción autónomo a revisión de oficio de actos nulos de pleno dereito. Neste sentido, se ben o TRLCSP refire só os actos de preparación e adxudicación, isto faise para establecer determinadas especialidades, sen que impida acudir con carácter xeral ao art. 106.1. LPACAP.*

*(…/…)*

**Só unha vez que se declara a nulidade de pleno dereito de todo o actuado, por inexistencia absoluta de procedemento de contratación, é cando hai que reparar as consecuencias que afecten negativamente a terceiros de boa fe, e cuxo contexto normativo pode ser o REC. Pero iso debe corresponder a unha fase ulterior do camiño administrativo.**

*Esta actuación para emendar o mal feito en casos de ausencia de procedemento de contratación, como presuposto do aboamento das obras ou servizos é o que late na recente STS nº 722/2022, de 13 de xuño( ROJ: STS 2426/2022 - ECLI:ES:TS:2022:2426 ) en cuxo FX 3º dá conta da previa revisión de oficio ante ausencia absoluta de procedemento, a partir da cal se fixa unha indemnización polas obras efectivamente realizadas, excluíndose determinadas cantidades coma determinados tipos de xuro ao non se tratar dunha situación contractual.*

**No caso de autos, o Concello obviou non só o procedemento administrativo de contratación de forma groseira, senón o relativo á declaración de nulidade por el mesmo de oficio, que é a chave para a apertura do procedemento para o recoñecemento extraxudicial de créditos con orixe precisamente nunha actuación sen título ou con título nulo que non obstante é fonte de obrigas para a administración ao terse recibidos bens ou servizos en proveito da administración, sempre que se acrediten determinadas circunstancias.**

**Por esta razón debemos chegar á conclusión de que o Concello obviou un trámite previo que é preciso para activar o REC, polo que en ambos expedientes acumulados debe declararse a nulidade de pleno dereito de todo o actuado, abrangendo loxicamente todos os pagos feitos.**

*Estamos ante un caso en que a administración local fuxe cara adiante, cunha nova ilegalidade consistente en recoñecer un crédito sen seguir un procedemento con todas as garantías de forma e de fondo, para tratar de tapar a ilegalidade anterior de encargo de servizos e obras á marxe da contratación administrativa*

*(…/…)*



**Convalidar o mal feito esixe previamente recoñecer o que se fixo mal, e en termos xurídicos iso acádase mediante a revisión de oficio**, que faltou nos dous expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito, e por iso deben ser declarados nulos de pleno dereito, non xa por incorrecta articulación do REC como indica o xuíz de instancia senón por adoeecer incluso do paso previo, que é a declaración de nulidade de pleno dereito do previamente actuado por contravir groseiramente a normativa sobre contratación administrativa.

(.../...)

É por isto que a sentenza debe ser revogada neste punto, ao non constar a existencia de procedemento de contratación administrativa previo que xustifique acudir ao REC. Dado que iso non foi probado, non resulta acreditada a existencia de contratación, co que se obvian total e absolutamente os procedementos debidos, o que debe conducir á conclusión de que, igual cá no resto de supostos, debía ter acudido a administración previamente á revisión de oficio de tamaño despropósito -pois estamos ante un suposto de nulidade de pleno dereito por omisión absoluta de procedemento-, para posteriormente declarar, aí si, mediante REC, e sempre cumprindo cos requisitos de tramitación e de fondo, cal debía ser o alcance e contido das cantidades a pagar aos empresarios que se prestaron a realizar as obras ou servizos sen contrato, no caso de que concorran os requisitos xurisprudenciais do enriquecemento inxusto, incluído, por suposto, o de boa fe en quen considera que está obrando conforme a dereito realizando as prestacións sen contrato (.../...)”.

**Quinto.- Nos casos de nulidade por infracción de principios da contratación pública como os de igualdade e non discriminación a facultade de revisión de oficio debe prevalecer sobre os límites á revisión.**

O Consello Consultivo de Castela e León no ditame 393/2019, do 30 de outubro indica que nos casos de nulidade por infracción de principios da contratación pública como os de igualdade e non discriminación, debe prevalecer a facultade de revisión sobre os dereitos que poida ter o interesado ou outras facultades limitativas das facultades de revisión, nos seguintes termos:

*“(...) La transcendencia del vicio de nulidad concurrente, motivada por la infracción de los principios de la contratación como los de igualdad y no discriminación, consagrados además en la Constitución, y que pueden haber impedido una mayor concurrencia de licitadores, obliga a que la facultad de revisión deba prevalecer en este caso sobre los derechos que pudiera tener el interesado u otras circunstancias limitativas de las facultades de revisión.(...)”*

A Comisión Xurídica Asesora da Comunidade de Madrid no seu ditame número 404/2022, do 27 de marzo de 2022 pronúnciase nos seguintes termos: (a negrita é propia)

*“(...) Procede, por tanto, acordar la revisión de oficio del contrato no sin antes precisar, respecto de los límites que el artículo 110 de la LPAC establece para el ejercicio de las facultades de revisión, que en el presente caso no ha transcurrido en absoluto un tiempo que permita limitar el ejercicio de la facultad revisora, ni tampoco se evidencia ninguna circunstancia que haga su ejercicio contrario a la equidad, a la buena fe, al derecho de los particulares o a las leyes. **Antes, al contrario, se han incumplido de forma palmaria las previsiones legales en perjuicio del interés general y de terceros, posibles licitadores (...)**”*

**Sexto.- Tendo en conta o artigo 56 do da 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas así como o disposto no artigo 28.1 do RD 424/2017, 28 de abril, polo que se**

**regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector publico local non parecen resultar de aplicación as medidas provisionais no presente suposto.**

Asemade, a sala do Contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no Fundamento xurídico Primeiro da STSJ Galicia 5671/2022 (Nº de Recurso: 7016/2022, Nº de Resolución: 290/2022) de 19.07.2022 establece que (\* a negrita e o subliñado é propio):

*“(.../...) Estamos ante un caso en que a administración local fuxe cara adiante, cunha nova ilegalidade consistente en recoñecer un crédito sen seguir un procedemento con todas as garantías de forma e de fondo, tratar de tapar a ilegalidade anterior de encargo de servizos e obras á marxe da contratación administrativa.*

**Non pode haber recoñecemento de crédito a favor dun particular se non hai causa que o xustifique. E a causa neste caso non pode ser outra que a inexistencia de contratación administrativa válida, e tal feito tiña que ser declarado pola propia administración pola vía da revisión de oficio de actos nulos de pleno dereito. Esta declaración era necesaria porque daba a medida de cal tiña que ser o ámbito precisamente do recoñecemento extraxudicial de crédito, que por outra parte tiña que facerse, nese momento si, como indica o xuíz de instancia no FX 5º, é dicir, no contexto xurisprudencial que impón a doutrina do enriquecemento inxusto en canto ao fondo, e coa tramitación dun expediente administrativo con todas as garantías en canto á forma. O xuíz anula os recoñecementos de crédito por ausencia todos estes elementos, e aí leva razón, só que previamente era necesario que o Concello declarase a nulidade de pleno dereito do actuado para, como se dixo, establecer o ámbito sobre o que se podía proxectar o REC. (.../...)**

**Sétimo.-** No que **respecta ao devengo de xuros de demora** cabe precisar que por aplicación do artigo 42.1 da LCSP a declaración de nulidade da contratación verbal “llevará en todo caso consigo a del mesmo contrato, que entrará en fase de liquidación, debiendo restituirse las partes recíprocamente las cosas que hubiesen recibido en virtud del mismo y si esto no fuese posible se devolverá su valor. La parte que resulte culpable deberá indemnizar a la contraria de los daños y perjuicios que haya sufrido”.

Conforme a normativa anterior, cando se declara a nulidade da contratación irregular, non se paga o “prezo” dun contrato inexistente, dado que se procede á restitución de prestacións in natura e, na súa falta, o abono da cantidade equivalente, así como ao abono, no seu caso, da correspondente indemnización. O procedemento de revisión de oficio (como, no seu caso, o de recoñecemento extraxudicial de crédito), como vía para o efectivo recoñecemento dunha obrigaçión que satisfaga o abono duns servizos prestados sen contrato formal excluíría a aplicación dos artigos establecidos na normativa sobre contratación pública en materia de demora e pago de intereses (art. 198.4 da LCSP).

De feito e sen ánimo de exhaustividade cabe citar:

- O Fundamento de Dereito cuarto da sentenza número 355 do 18.05.2018 emitida pola Sección terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid no Procedemento Ordinario 256/2017: (\* o subliñado é propio):

**“(.../...)no pueden concederse intereses de demora al recurrente en la forma establecida en la legislación administrativa en materia de contratación cuando aquella no ha sido respetada, siendo así que ello no puede imputarse únicamente a la Administración, va que la recurrente - que además como contratista habitual debía de conocer las formalidades de la contratación administrativa- aceptó el encargo realizado por la Administración en la forma que lo hizo sin procedimiento de selección del contratista ni publicidad, eludiendo la observación de los requisitos formales de la**

normativa de contratación pública que le podrían perjudicar tales como la licitación pública en concurrencia competitiva, y la selección del contratista de acuerdo con los principios de congruencia, transparencia e implícitamente de igualdad para que todos puedan participar en el proyecto de selección de contratista lo que si bien no le impide cobrar la prestación de los servicios (habiéndose efectivamente prestado y acreditado el encargo) sí determina la imposibilidad de percibir intereses de demora por retraso en el pago en la forma establecida en la legislación de contratos que no ha sido respetada. En tal sentido hemos de recordar lo razonado, entre otras, en la STS de 2 de julio de 2004 que señala, entre otros extremos que: "(...)/..."

Y no obsta en nada a lo anterior el que se pudiera producir un desequilibrio entre la obligaciones de los contratantes, pues, por un lado, era una situación conocida para ambos, por otro, el contratista también se beneficia al percibir el importe de unas obras fuera del contrato, y por tanto sin la competencia de otras empresas, y sin presentar el oportuno previo proyecto y las fianzas procedentes, y en fin, porque se trata de una situación de hecho, que han posibilitado tanto la Administración como el contratista, en cuanto los dos tienen prohibido realizar obras fuera de las previstas en el contrato".

Siendo por tanto necesario, al no haber existido el trámite de fiscalización previa establecido en el art. 83.2 a) de la Ley 9/1990 de 8 de noviembre, reguladora de la Hacienda de la Comunidad de Madrid, la convalidación del expediente y del gasto por el Consejo de Gobierno de la Comunidad de Madrid, la fecha de inicio ordinaria de devengo de los intereses de demora sería la del transcurso del plazo de treinta días desde la fecha de tal convalidación según lo dispuesto en el art. 216.4 del TRLCSP. (.../...)"

- O Fundamento Xurídico segundo da STS 2426/2022 de 13.06.2022 (Nº de Recurso: 5437/2020, Nº de Resolución: 722/2022):

*"(.../....) 9.- De acuerdo con lo razonado, no acogemos las denuncias de la parte recurrente sobre infracción por la sentencia impugnada de los artículos 35.1 y 200.4 de la Ley 30/2007, de 30 de octubre de Contratos del Sector Público, y 42.1 y 198.4 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, ni procede en consecuencia el reconocimiento de intereses de demora en el período reclamado por la parte recurrente, que se inicia el 12 de junio de 2011, a los 60 días siguientes a la terminación y ocupación de las obras realizadas fuera de proyecto .*

*Por tal razón, al no resultar procedentes los intereses de demora en el período que reclama la parte recurrente, no es necesario el examen sobre la aplicación del tipo de interés que determina el artículo 7.2 de la Ley y 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, si bien cabe señalar al respecto, a mayor abundamiento, que el ámbito de aplicación de la citada ley, según dispone su artículo 3.1, se circunscribe a los pagos efectuados como contraprestación en las operaciones comerciales realizadas entre empresas, o entre empresas y la Administración, de conformidad con lo dispuesto en la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público y, como hemos razonado con anterioridad, en aplicación de los criterios jurisprudenciales de la Sala, no cabe calificar como contraprestación contractual sujeta a la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público, el pago a la recurrente de la indemnización fijada por la resolución de 19 de mayo de 2015 del Director gerente del Servicio Andaluz de la Salud.*

*En este sentido, la Exposición de Motivos de la Ley 3/2004, después de señalar que la norma legal tiene por objeto incorporar al derecho interno la Directiva 2000/35/CE, del Parlamento Europeo y del Consejo, de 29 de junio de 2000, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, precisa que "el alcance de esta directiva está limitado a los pagos efectuados como contraprestación en operaciones comerciales entre empresas y entre éstas y el sector público. No regula las operaciones en las que intervienen consumidores, los intereses relacionados con otros pagos como los efectuados en virtud de la legislación en materia de cheques y letras de cambio ni los pagos de indemnizaciones por daños (.../....) ".*

- O Fundamento Xurídico Primeiro da STSJ Galicia 5671/2022 (Nº de Recurso: 7016/2022, Nº de Resolución: 290/2022) de 19.07.2022:

*"(.../...)Esta actuación para emendar o mal feito en casos de ausencia de procedemento de contratación, como presuposto do aboamento das obras ou servizos é o que late na recente STS nº 722/2022, de 13 de xuño( ROJ: STS 2426/2022 - ECLI:ES:TS:2022:2426 ) en cuxo FX 3º dá conta da previa revisión de oficio ante ausencia absoluta de procedemento, a partir da cal se fixa unha indemnización polas obras efectivamente realizadas, excluíndose determinadas cantidades coma determinados tipos de xuro ao non se tratar dunha situación contractual.(.../...)"*

- O fundamento de dereito CUARTO da sentenza número 333/2023 do 09.11.2023 do JUZGADO DE LO CONTENCIOSOADMINISTRATIVO Nº 2 de Santa Cruz de Tenerife:

*"(.../....) **CUARTO.- Sobre los intereses moratorios reclamados decir lo siguiente:***

*Aplicando la doctrina expuesta al presente caso, no cabe sino reconocer el interés legal desde la fecha de la reclamación administrativa, no aplicando el previsto en la Ley 3 /2004 de lucha contra la morosidad.*

*Procedería así seguir el criterio seguido hasta la fecha por este Juzgado en el sentido de no aplicar a los casos de contratos irregulares cuyo gasto no está convalidado, el interés de la ley de contratos, por cuanto dicha anormalidad, no solo se deriva de la falta de forma, sino del importe del contrato, sin marco jurídico que lo ampare y sin conformidad expresa de la Administración sobre dicho servicio, extremo éste último de capital importancia y a ponderar en cada caso concreto(.../....) "*

**Oitavo.- En relación ás alegacións presentadas por EMPREGO SOCIAL, S.L. o 29.02.2024 (número de rexistro de entrada 202499900001230) :**

Logo de expoñer que é un Centro Social de Emprego e que non ter ánimo de lucro, manifesta que tra-la finalización do contrato suscrito en data 08.01.2007 (finalización que tivo lugar o 07.01.2017) continuou prestando o servizo de limpeza viaria a requerimento do Concello.

**Oitavo.1.-** No apartado segundo alega, polo que respecta ao expediente de revisión de oficio incoado , que non hai un acto expreso e mínimamente formalizado polo que se encarga ao contratista continuar coa prestación do servizo, e non ten que acudirse á revisión de oficio, nin a institución da responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, nin a responsabilidade extracontractual con invocación do principio de enriquecemento inxusto, decantándose pola opción da responsabilidade contractual para dar solución a estos supostos.

En relación á alegada inexistencia de acto expreso, cómpre reiterar as consideracións feitas pola Secretaría municipal no informe de data 12 de febreiro de 2024 obrante no expediente (CVD: NXzH8hMKp/aoRLDUJXnL)

verbo da existencia dun acto tácito, que como tal, pode ser revisado .

Así, sinálase no dito informe o seguinte:

<<(../....) Xa que logo, atopámonos, a xuízo da que subscribe, ante unha **contratación verbal**, prohibida expresamente polo artigo 37.1 da LCSP acordada prescindido total e absolutamente do procedemento legalmente establecido.

E a existencia deste encargo verbal evidenciase pola conducta posterior de ambas as dúas partes, tanto de EMPREGO SOCIAL, S.L. que realizou a prestación, como do propio Concello, xa que segundo se informa pola Intervención municipal as facturas presentadas pola mercantil contan coa conformidade do concelleiro/a delegado/a e/ou do Alcalde, do que se desprende a aceptación polo Concello e recoñecemento de que os servizos foron prestados, o que resulta coherente coa aquela encomenda verbal.

Todo elo pon de manifesto a existencia dun acto administrativo tácito do Concello de encargo verbal das prestacións.

Neste sentido cómpre traer a colación, entre outras, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 14 de xuño de 2016, onde se define este tipo de actos (os tácitos) como aqueles nos que falta a exteriorización expresa da Administración, pero ante a conducta administrativa se presume racionalmente a existencia dunha vontade que produce efectos xurídicos. Textualmente se pronuncia nos seguintes termos:

*“(../....)Acto tácito es aquel en que falta la exteriorización expresa de la voluntad de la Administración, pero ante una conducta administrativa se presume racionalmente la existencia de una voluntad que produce efectos jurídicos. La sentencia de la Sala 3ª, sec. 5ª do lo Contencioso Administrativo de 16/02/1988, es elocuente en este aspecto al declarar:*

*“No pretende esta Sala poner en duda la doctrina jurisprudencial que cita el Ayuntamiento de Madrid en orden a la función revisora de la jurisdicción contencioso-administrativa y a la necesidad de la existencia previa de un acto administrativo para poder interponer un recurso de esta clase, pero ha de recordar también, lo que parece olvidar dicha parte, que en el campo doctrinal **se admite la posibilidad de que dicho acto administrativo pueda ser, además de expreso, que es la regla general, el tácito, que se produce cuando del modo de actuar de la Administración quepa presumir racionalmente la existencia de una voluntad productora de efectos jurídicos, por deducirse de una conducta***

***expresiva al efecto.** Y en este sentido, ha tenido ocasión de pronunciarse este Alto Tribunal en la sentencia de 18/10/1986 al declarar “que en el Preámbulo de la Ley de la Jurisdicción **se habla de acto y no de acuerdo, resolución o providencia o cualquier otro concepto semejante, por ser aquel más extenso y comprender todas las manifestaciones de la actividad administrativa (por lo que el acceso a la jurisdicción no ha de ser posible únicamente cuando la Administración produce actos expresos y escritos, sino también cuando revisten cualquier otras manifestación regulada por el derecho, y son los actos tácitos o presuntos de acción o omisión(../....)”** . ( o subliñado é propio)*

Á existencia dun acto administrativo tácito nun suposto de encargo verbal refírese tamén o ditame do Consello Consultivo de Asturias número 302/2022, de data 15 de decembro de 2022, ao sinalar:

*“(..../....) Ahora bien, partiendo de que el acto administrativo consiste, in essentia, en una declaración de voluntad de una Administración actuando como tal -esto es, en el ejercicio de potestades administrativas y, por ende, en el régimen del Derecho Administrativo-, es claro que en el asunto que nos ocupa: a) se han recibido por la Administración prestaciones que disponían de cobertura presupuestaria y que cuentan con la conformidad del órgano de contratación; b) existe una manifestación de voluntad coincidente entre la mercantil y la Administración respecto a una prestación con un contenido y objeto definidos, de modo que se está en presencia de un acto tácito, con independencia de la ausencia de formalización; c) la actuación en la que se enmarca la antedicha voluntad, expresada informalmente pero reconocida por ambas partes, se halla sometida al régimen exorbitante del Derecho Administrativo (en este caso, la LCSP) y se lleva a cabo como prolongación de una previa relación contractual acordada entre ambas partes, y d) consta la conformidad de la Intervención General con el importe facturado, coincidente con los importes del contrato finalizado. En este contexto, la Instructora del procedimiento sostiene que la apreciación de que “ese encargo verbal tuvo realmente lugar es indiscutible”, y subraya “la presentación de las facturas por los servicios prestados y la aceptación por la propia Administración, que reconoce también que esos servicios han sido realizados, por lo que es claro que nunca se opuso a esa prestación de servicios por la mercantil, lo que a su vez resulta coherente con la existencia de aquella encomienda verbal”. Son cuestiones distintas, en suma, la existencia de una declaración de voluntad y la forma en la que esta se haya exteriorizado, tal como reseñamos en el Dictamen Núm. 298/2022.(..../....)”(o subrayado é propio)*

Polo tanto, como se indicou, existe un acto administrativo tácito de encargo verbal, que como tal, constitúe un acto administrativo de adjudicación por moito que o acto se exteriorizara ou manifestara de maneira verbal non escrita, e polo tanto, un acto administrativo revisable.

Pero é que ademáis do anterior, nos expedientes números 2022/X999/000004 e 2023/X006/000002, constan diversos escritos presentados pola empresa nos que menciona a existencia de correos electrónicos remitidos desde o Departamento de Obras e servizos . Así, a título de exemplo poden citarse algúns:

- escrito con núm. rexistro de entrada 202399900004355 que sinala, entre outras cousas:

*“(..../....)- O mércores día 14 recibíuse, dende o Departamento de Obras e Servizo do Concello , un e-mail solicitando a limpeza da beirarrúa da DP 1702, hai lixo tirado ao carón dun peche vexetal. Ese mesmo día, antes de rematar a xornada, retiraron o residuo e deixaron a zona limpa.*

*- O xoves día 15, recibíuse, dende o Departamento de Obras e Servizo do Concello , un e-mail informando da queixa, dunha veciña da Urbanización A Barcala, dicindo que na maioría das beirarrúas non se limpan as cagadas das andoriñas. Informa que hai moitos niños nos edificios da Urbanización e que ensucian todas as beirarrúas.*

*O venres día 16, á primeira hora, fíxose esta limpeza , tal como se fai constar no apartado correspondente.(..../....)*

- escrito con número rexistro de entrada 202399900004493, que sinala, entre outras cousas:

*“(..../....) – O mércores día 14 enviouse ao departamento de Obras e servizos do Concello, un e-mail propoñendo trasladar a limpeza do sábado, día 24 ao domingo día 25 con motivo da celebración das festas de Anceis. Este ano a cigalada, que é o que máis suciedade xera, faise o sábado polo que, ao noso entender, o domingo faría falla facer unha limpeza. Traslado o servizo ao domingo faríase a limpeza tanto das rutas como da festa.*

*Este mesmo día recibimos a contestación autorizándonos a facer o cambio.*

- O venres día 16 recibíuse, dende O departamento de Obras e Servizo do Concello, un e-mail informando da chamada dunha veciña da Praza da Ría queixándose da falta de limpeza nas escaleiras desa Praza. Unha vez na zona non atopamos suciedade, non obstante si que hai zonas con verdiño por culpa da humidade e de que non le dea sol. Planificarase o antes posible unha limpeza con auga e presión. (..../....)”

- escrito con número rexistro de entrada 202399900004761, no que se expón, entre outras cousas:

“(..../....) O luns día 26 recibíuse, dende o Departamento de Obras e Servizo do Concello, un e-mail informando da queixa dun veciño Da Barcala dicindo que non se pasara a limpar a zona do Parque este Da Barcala, o que está detrás da Rúa Río Mandeo(8J3W+888 Cambre) , que a noite de san Xoán fixeron alí as cacharelas e que quedaron restos que está estendendo o aire. Solicitan a súa limpeza.

Unha vez trasladado o aviso ao encargado do servizo coméntanos que pasou, un operario, a retirar a maior parte dos residuos, pero que as cinzas aínda estaban acesas. Pasaba o mesmo cos restos doutra cacharela que se fixo debaixo da ponte da autopista, á altura do CEPI Portofaro.

Tan pronto como se apagaron as brasas retiráronse todos os restos. De todas formas, de cara a vindeiras ocasións, sería conveniente que nos informaran dos espazos habilitados para facer as cacharelas para poder organizar mellor os medios dos que dispoñemos.

O mércores día 28 recibíuse, dende o Departamento de Obras e Servizo do Concello , un e-mail trasladando o aviso dende cultura da celebración da festa en O Souto, Sigrás, os días 23,24 e 25 de xullo, a fin de que o teñamos en conta.

Solicitan 8 bidóns para colocar ao largo da carpa que van a ter.

O martes día 25 é festivo e non se prestará o servizo de limpeza viaria, polo que farán a limpeza o luns 24, e o mércores 26. En canto á colocación dos bidóns, uns días antes da celebración da festa, poñerémonos en contacto con Cultura para concretar a súa localización...”

- escrito con número rexistro de entrada 202399900005277 no que, entre outras cousas, expón:

- O luns día 17 recibíuse, dende o departamento de Obras e Servizo do Concello, un e-mail informando que na parte da Rúa Arrigada, que queda á mao dereita subindo pola Estrada da Estación, coas construcións dos últimos anos, hai unha maior superficie de beirarrúa, e algún veciño da zona queixouse porque non se limpan estas beirarrúas coma no resto da zona.

Solicítannos que, cos medios dispoñibles na actualidade , e sen que supoña un incremento do prezo no contrato, se inclúa a limpeza destas beirarrúas na rúa Arrigada coa frecuencia que sexa adecuada.

Fai un par de anos faláramos deste tema, precisamente porque eses tramos de beirarrúa non existían cando se licitou o servizo (2006), e as casas que existen son de recente construción. Non obstante, cando se fai a limpeza da Estrada da Estación e da Urbanización Arrigada inténtase revisar esa zona . (..../....)”.

- escrito con número rexistro de entrada 202399900005278 no que, entre outras cousas, se sinala:

“(..../....)- O mércores día 26 recibíuse, dende o departamento de Obras e Servizo do Concello, un e-mail trasladando a solicitude da asociación que está preparando as festas de Pravio, para os días 25,26 e 27 de agosto, para que se faga unha limpeza especial o sábado día 26 pola mañá, para limpar a suciedade do día anterior.(..../....).

- escrito con rexistro de entrada número 202399900005329 no que, entre outras cousas, se expón:

“(..../....)- Ese mesmo luns recibíuse do Departamento de Obras e Servizo do Concello, un e-mail trasladando unha queixa dunha veciña do Temple, zona do Parque Infantil do Barco, Paseo Marítimo.

*Comenta que un operario vai co soprador todos os días ás 07:45 horas, e que lle molesta moito, xa que traballa de noite. Solicita que se busque unha solución a este problema (..../....).”*

No informe do enxeñeiro de camiños municipal, xefe da sección de servizos de data 29 de decembro de 2022 se indica nos antecedentes, entre outras cousas, que:

*“(..../....) 2. El servicio de limpieza pública en el municipio de Cambre finalizó el 7 de enero de 2017, pero por la necesidad ineludible de continuar llevando a cabo el servicio, por orden de la concejala del Área de Servicios y Seguridad Ciudadana, Elisa Pestonit Barreiros, se siguió prestando por la empresa Empleo Social, S.L., utilizándose subsidiariamente, hasta septiembre de 2022, el PPTP y PCAP del Contrato de servicio de limpieza pública en el municipio de Cambre firmado el 8 de enero de 2007.*

*3. Actualmente se está facturando, sin un contrato administrativo formalizado, por orden de los concejales competentes y del alcalde, (..../....)”*

Do anterior despréndese que existen, pois, actos do Concello que acreditan o encargo verbal realizado, que como tales, poden someterse a un procedemento de revisión de oficio por causa de nulidade de pleno dereito.

Atopámonos, polo tanto, ante un encargo verbal de prestacións, ante unha contratación verbal, prohibida expresamente polo artigo 37.1 da LCSP que dispón de xeito taxante que “1. Las entidades del sector público no podrán contratar verbalmente, salvo que el contrato tenga, conforme a lo señalado en el artículo 120.1, carácter de emergencia.”.

Cómpre subliñar que O **Tribunal de Xustiza da Unión Europea** considera a **contratación verbal** como a **infracción máis grave do dereito comunitario** ( Sentenza de 11 de xaneiro de 2005 (Stad Halle):

*“(..../....)36 Sobre la base de estas consideraciones, no puede adoptarse el planteamiento de la Stadt Halle según el cual la Directiva 89/665 no exige tutela judicial cuando no existe un procedimiento formal de contratación pública y la decisión de la entidad adjudicadora de no incoar dicho procedimiento no es recurrible, como tampoco lo es, por otro lado, la decisión por la que se determina si un contrato público está o no comprendido dentro del ámbito de aplicación de las normas comunitarias pertinentes.*

*37 En efecto, el citado planteamiento tendría como resultado convertir la aplicación de las normas comunitarias pertinentes en facultativa, según la voluntad de cada entidad adjudicadora, cuando, por el contrario, dicha aplicación es obligatoria si se cumplen los requisitos previstos en estas normas. Una facultad de este tipo podría provocar la infracción más grave del Derecho comunitario en materia de contratos públicos por parte de una entidad adjudicadora. Disminuiría sensiblemente la tutela judicial eficaz y rápida que desea la Directiva 89/665 y perjudicaría a los objetivos perseguidos por la Directiva 92/50, a saber, la libre circulación de los servicios y que en esta materia exista una competencia abierta y no falseada en todos los Estados miembros. (..../....)”*

A actuación do Concello consistente no encargo verbal, permitindo a prestación material do servizo de limpeza viaria, non só contravindo a prohibición legal de contratar verbalmente senón, ademais, sen a necesaria cobertura xurídica formal- ao non proceder á convocatoria dun procedemento de licitación pública destinado á adxudicación e posterior formalización do correspondente contrato con arranxo ao disposto no normativa de contratación pública supón, dada a gravidade dos incumprimentos( reitérase o sinalado anteriormente verbo de que se trata da infracción máis grave do dereito comunitario) unha actuación administrativa calificable como nula de pleno dereito ao terse prescindido total e absolutamente do



procedemento legalmente establecido, isto é, da tramitación do oportuno expediente de contratación destinado á selección dun novo contratista, dotando así de cobertura xurídica formal á prestación do servizo. (.../....) >>

Ademais, resulta indiscutido que o contrato no seu día subscrito extinguiuse o 7 de xaneiro de 2017, polo que, ao extinguirse en dita data, non consta contrato escrito algún coa empres EMPREGO SOCIAL S.L. para a prestación do servizo.

Non se trata, polo tanto, da continuidade dun contrato xa extinguido, senón da continuidade na prestación do servizo una vez extinguido o contrato a través dunha nova adxudicación verbal ditada prescindido de todos os trámites legais esixidos e cunha clara erosión aos principios que deben rexer a contratación pública de libre concorrência, publicidade, igualdade e transparencia.

Estaríamos, polo tanto, ante a adxudicación verbal dun contrato anteriormente extinguido sen suxeición a procedemento algún ante o que cabe lembrar que o artigo 37 da LCSP proscribida a contratación verbal.

Polo tanto, a continuación da prestación dun servizo unha vez extinguido un anterior contrato, supón una infracción grave do ordenamento xurídico e unha causa de nulidade de pleno dereito. A prohibición de prórrogas tácitas, está expresamente recollida no artigo 29 da LCSP que non as considera admisibles “*en ningún caso*”. Esta contravención do ordenamento xurídico se ven equiparando ao suposto de contratación prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido (así, Informe 2/2021, de 12 de febreiro, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Generalitat de Cataluña).

A Comisión Xurídica Asesora da Comunidade de Madrid en ditames números 460/2022, de 12 de xullo de 2022, 398/2022, de 20 de xullo de 2022, 327/2023, de 22 de xuño de 2023; 340/2023, de 22 de xuño de 2023; 191/2023, de 13 de abril de 2023; e 404/2022, de 27 de xullo de 2023, todos eles referidos a procedementos de revisión de oficio de contratacións verbais do Concello de Valdemoro, conclúe a procedencia da revisión de oficio para declarar a nulidade das contratacións verbais, sinalando nas súas consideracións, entre outras cousas, que non se pode entender que se estea ante prórroga de contratos previamente adxudicados en tanto que se superara xa a duración dos mesmos e as súas prórrogas, lembrando ademais que o artigo 29 da Lei de Contratos do Sector Público exclúe a prórroga tácita; sinala que en todos os casos se trata de adxudicacións verbais de contratos anteriormente extinguidos, sen suxeición a procedemento algún. Así no ditame 404/2022 indica o seguinte:

*“(.../....)En el presente supuesto, no cabe entender que estamos ante una prórroga del contrato previamente adjudicado, en tanto que se había ya superado la duración del mismo. En todo caso, el actual artículo 29.1LCSP/17 excluye la prórroga tácita.*

*Así, estaríamos ante la adjudicación de un contrato anteriormente extinguido, sin sujeción a procedimiento alguno, ante lo que cabe recordar que el artículo 37 LCSP/2017, proscribida la contratación verbal. Por su parte, el artículo 38 de la misma ley, declara la invalidez de los contratos cuando lo sea alguno de sus actos preparatorios o del procedimiento de adjudicación, por concurrir en los mismos algunos de las causas de derecho administrativo a que se refieren los artículos siguientes; disponiendo el artículo 39 las causas de nulidad, remitiéndose a las indicadas en el artículo 47 LPAC y otras específicas como la carencia de crédito, la falta de publicación del anuncio de licitación o la inobservancia de la formalización del contrato.*

*Partiendo de las citadas prescripciones legales, y examinado el expediente contractual que analizamos, resulta evidente que se ha prescindido por completo de la tramitación legalmente prevista para la adjudicación y formalización del contrato.*

*Sobre la procedencia de iniciar un procedimiento de revisión de oficio en el que se declare la nulidad del contrato en supuestos de contratación verbal, resulta muy significativo el dictamen del Consejo de Estado*

*de 21 de diciembre 2011 (expediente 1724/2011) en el que pone de manifiesto que por mucho que la práctica y doctrina anterior hubiese utilizado la vía de la responsabilidad extracontractual de la Administración para evitar un efecto antijurídico (la apropiación por la Administración de unos bienes o servicios sin el correspondiente abono de su precio), lo cierto es que “en la actualidad, a partir de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, se ha instituido una vía precisa y adecuada para alcanzar prácticamente los mismos efectos, la del citado artículo 35.1, que claramente subsume la reclamación objeto del presente expediente en la responsabilidad contractual. Eso sí, para proceder a compensar conforme a lo específicamente regulado ahora en ese artículo 35, hay que decidir previamente si la adjudicación es o no nula de pleno derecho y para ello es necesario seguir el procedimiento específicamente previsto para ello en el ordenamiento. Y es que la Administración no puede partir de que un acto es nulo como fundamento para remediar un daño por haber sido antijurídico sin que haya precedido previa declaración de tal nulidad, por lo que deberá tramitarse el correspondiente procedimiento de revisión de oficio del contrato. Por tanto, con el artículo 35.1 de la Ley de Contratos lo que se produce es que las adjudicaciones realizadas prescindiendo totalmente del procedimiento de contratación son supuestos de nulidad de pleno derecho que deben dar lugar a la declaración de tal nulidad a través de los cauces que para ello tiene el ordenamiento (revisión de oficio) para poder procederse a aplicar las consecuencias -la compensación- que el mismo artículo 35 regula para cuando se produzca tal nulidad”. Ello no obstante, puntualiza el Consejo de Estado, “nada impide, por economía procesal, acumular la declaración de nulidad a la compensación o indemnización que obviamente debe estimarse y aplicarse según los propios criterios ahora descritos en el artículo 35.1 de la Ley de Contratos (sin necesidad de invocar en abstracto el enriquecimiento injusto como principio general del derecho subsumible en un procedimiento de responsabilidad extracontractual) para tramitar simultáneamente el procedimiento de revisión de oficio de la adjudicación del contrato por ser nula de pleno derecho con la compensación por los trabajos realizados prevista en ese mismo artículo para el supuesto de nulidad de pleno derecho de la misma”.*

*Procede, por tanto, acordar la revisión de oficio del contrato no sin antes precisar, respecto de los límites que el artículo 110 de la LPAC establece para el ejercicio de las facultades de revisión, que en el presente caso no ha transcurrido en absoluto un tiempo que permita limitar el ejercicio de la facultad revisora, ni tampoco se evidencia ninguna circunstancia que haga su ejercicio contrario a la equidad, a la buena fe, al derecho de los particulares o a las leyes. Antes, al contrario, se han incumplido de forma palmaria las previsiones legales en perjuicio del interés general y de terceros, posibles licitadores. (.../...)* ( a negrita e o subliñado é propio)

Tamén a Comisión Xurídica Asesora de Cataluña no seu ditame 206/2013, de 6 de xuño, emitido con ocasión da revisión de oficio da prestación do servizo de limpeza dun complexo educativo máis aló da duración inicial, sen contrato-, coa omisión da contratación prescrita legalmente, sinala que os artigos da LCSP- de 2007, no caso que se analiza- que se infrinxiron son, como mínimo, os seguintes: en relación coa fase de preparación do contrato, os artigos sobre o expediente de contratación e sobre os pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas; en relación coa fase de selección do contratista, os artigos sobre a convocatoria das licitacións e sobre a formalización, así como, adicionalmente, o artigo que establece a prohibición da contratación verbal excepto que o contrato teña carácter de emerxencia , na medida en que entende que se produciu una contratación tácita ou verbal. Así mesmo, considera que “ se constata que se habría eludido totalmente el procedimiento de contratación, ya que se rebasaría el límite de los contratos menores previsto para los contratos de servicios, se habría infringido la normativa de contratación verbal, con intención de evitar la aplicación de las normas de contratación administrativa pertinente”, e que, polo tanto, existe una vulneración especialmente relevante do procedemento de contratación pública, de maneira que a ausencia total de procedemento determina a invalidez do acto.

E a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Asturias número 854/2022, de 31 de outubro de 2022 declara a nulidade de pleno dereito da continuidade da prestación do servizo unha vez expirado o contrato, sinalando o seguinte:

*“(.../...)Sentado lo anterior, hemos de señalar que la Sentencia reconoce como las resoluciones municipales carecen de cobertura jurídica, por lo que son contrarias al ordenamiento jurídico y nulas de pleno derecho, estimando por ello que los Acuerdos de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Oviedo de fechas 28 de enero de 2021 y 30 de septiembre de 2021 que **acuerdan la continuidad de la prestación del contrato de servicios, no se encuentran amparadas legalmente, por lo que incurrir en un supuesto de nulidad de pleno derecho conforme a lo dispuesto en el art 47.1 e) de la Ley 39/2015**, y ello es así, toda vez que la posibilidad de continuación del contrato tras su extinción no estaba prevista en el Pliego ni en el contrato. El contrato era de servicio público y no de gestión de servicio público; debiendo traerse a colación la Sentencia de 2 junio de 2021 del Juzgado de lo Contencioso Administrativo nº 2 de Logroño, citada por la juzgadora de instancia, en el sentido que el contrato tenía la calificación de contrato administrativo de servicios, conforme al art 10 del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, y en este a diferencia de la LCSP de 2017, en su art 29.4 no contemplaba expresamente la posibilidad de ordenar a la empresa adjudicataria de la continuidad de forma transitoria, de la prestación del servicio una vez vencido el plazo de duración de contrato, previo cumplimiento de una serie de requisitos, **por la quecuualquier prórroga del contrato, expresa tácita o forzada carece de cobertura jurídica, independientemente del consentimiento y conformidad de ambas partes que no pueden actuar contra legem.(.../...)**”.*(o subliñado e negrita é propio).

**Oitavo.2.-** Na alegación terceira fai referencia a que parece cuestionarse a realidade da prestación do servizo correspondente ás facturas emitidas, e que a prestación do servizo de limpeza viaria consta sobradamente acreditado coa documentación obrante no propio Concello. Alude aos trámites que según indica, teñen as facturas antes de dar a súa conformidade, entre os que menciona

*“ ... (iii) Por parte del Concello de Cambre se revisan los informe desde el departamento de “Obras y Servicios”, y tras la comprobación de los servicios prestados, el servicio técnico da su conformidad a la factura emitida.*

*(iv).- Una vez conformada la factura, desde “Obras y Servicios” se remite la factura conformada a la intervención.*

*Todos los informe emitidos por EMPREGO SOCIAL S.L. han sido comprobados por el Concello de Cambre, quien, a su vez, ha emitido el correspondiente informe técnico a tales facturas, informes que obran en el Concello; tras la emisión favorable del informe técnico se prouce la conformidad de las facturas emitidas. (.../...)*”

En relación a este extremo, reitérase por esta Intervención o sinalado, entre outros, no INFORME DE INTERVENCIÓN referencia LMR-facturas EMPREGO SOCIAL S.L. . OMISIÓN DE FISCALIZACION- TEDEC 2023/T003/003781 asinado o 29.12.2023 (CVD: v/igWUv7cBiKWTPcgXTC) no que na súa conclusión 1. se sinala:

#### **<< IV) CONCLUSIONES**

**1.- Advirto por escrito** que o xefe de obras e servizos do Concello de Cambre non se pronuncia claramente (afirmativa ou negativamente, sen ningún tipo de condicionante) en canto a se as prestacións foron ou non realizadas efectivamente e se os prezos facturados respectan ou non o prezo de mercado polo que, se ben as facturas foron asinadas polo Alcalde e ou concelleiro/s delegado/a, éstos deberán ter en conta este feito aos efectos de valorar a continuidade do procedemento ben únicamente coa documentación que obra nos expedientes ou ben consideran

**necesario que sexa incorporada algunha xustificación documental adicional.** En todo caso e en cumprimento do artigo artículo 18.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades del Sector Público Local dispone que:

*“ El órgano interventor conocerá el expediente con carácter previo al acuerdo de liquidación del gasto o reconocimiento de la obligación.*

*En este momento deberá quedar documentalmente acreditado que se cumplen todos los requisitos necesarios para el reconocimiento de la obligación, entre los que se encontrará, en su caso, la acreditación de la realización de la prestación o el derecho del acreedor de conformidad con los acuerdos que autorizaron y comprometieron el gasto así como el resultado favorable de la comprobación material de la inversión. (.../...)>>*

E no informe desta Intervención de data 15 de xaneiro de 2024, INFORME DE INTERVENCION REFERENCIA LMR 2/2024 có asunto *Informe de intervención á providencia asinada o 29.12.2023 (CVD: tdfwAj6S+oxlFcfIS9Ct) pola concelleira de economía, facenda e réxime interior (CVD: 0NVk9qfPDAV59oyZRdYp)* indicouse verbo do extremo citado que:

<< (.../...) Á vista dos informes recibidos dos diferentes departamentos e dada a gravidade dos incumprimentos normativos, **os informes desta intervención son favorables á revisión de oficio da/s contratación/s verbais ao abeiro das cales prestáronse os servicios mais, se ben no caso de Jardincelas SL. INSTELEC S.L. e Emprego Social S.L.** as facturas foron asinadas polo Alcalde e ou concelleiro/s delegado/a, o xefe de obras e servizos do Concello de Cambre non se pronuncia claramente (afirmativa ou negativamente, sen ningún tipo de condicionante) en canto a se as prestacións foron ou non realizadas efectivamente e se os prezos facturados respectan ou non o prezo de mercado. Esta circunstancia é certamente desconcertante tendo en conta que de conformidade coa descripción identificativa que contempla a RPT en vigor para o posto de JEFE DE SECCIÓN DE SERVICIOS Código: AL151700006 Tipo de puesto: S, correspóndelle:

*“DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Dirigir la Unidad técnica de Servicios ejerciendo las funciones de Ingeniero Superior Municipal, dirigiendo y supervisando los trabajos del personal adscrito a dicha unidad. Responsable del mantenimiento de las infraestructuras urbanísticas de todo tipo y de servicios municipales. Informes técnicos sobre Proyectos de Urbanización. Elaboración de informes, proyectos y propuestas relacionadas con su sección. **Supervisión de los servicios prestados por empresas para el Ayuntamiento.**”*

En consecuencia, **con carácter previo a que o Alcalde inicie o expediente de revisión de oficio relativo ás empresas Jardincelas SL. INSTELEC S.L. e Emprego Social S.L. , éste deberá ter en conta este feito aos efectos de valorar a continuidade do procedemento ben únicamente coa documentación que obra nos expedientes ou ben coa incorporación dalgunha xustificación documental adicional.**

En todo caso o artigo artículo 18.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades del Sector Público Local dispone que:

*“ El órgano interventor conocerá el expediente con carácter previo al acuerdo de liquidación del gasto o reconocimiento de la obligación.*

*En este momento deberá quedar documentalmente acreditado que se cumplen todos los requisitos necesarios para el reconocimiento de la obligación, entre los que se encontrará, en su caso, la acreditación de la realización de la prestación o el derecho del acreedor de conformidad con los acuerdos que autorizaron y comprometieron el gasto así como el resultado favorable de la comprobación material de la inversión.”(..../....) >>*

**Oitavo.3.-** En cuarto lugar Empleo Social que o Concello alega que:

*“Parece cuestionarse la concurrencia de buena fe en las empresas prestadoras de servicios, entre las que se encuentra EMPREGO SOCIAL, S.L., por la prestación de un servicio que no ha salido a licitación pública, extrayendo tal conclusión, exclusivamente, del dato de la existencia de una contratación irregular(..../....) Se alude a la ausencia de buena fe con la finalidad de excluir de la indemnización el beneficio industrial; sin embargo, tal beneficio no debe excluirse pues no quedaría indemne si se le privara del citado concepto. Si la contratación es irregular, la imputación de esa irregularidad ha de atribuirse a la Administración, limitándose EMPREGO SOCIAL, SLU a continuar prestando los servicios por expresa indicación del Concello para no interrumpir un servicio de interés general. (..../....)”*

En relación a esta alegación, sinar que o Tribunal Supremo esixe que concurran unha serie de requisitos coa finalidade de que o alegar un enriquecemento inxusto non se convirta nun fácil medio de eludir as esixencias formais e procedementais establecidas para asegurar os principios de igualdade e libre concurrencia que rexen na contratación administrativa, entre os cales figura que o desequilibrio “*ha de estar constituído por prestaciones del particular que no se deban a su propia iniciativa ni revelen una voluntad maliciosa del mismo, sino que tengan su origen en hechos, dimanantes de la Administración pública, que hayan generado razonablemente en ese particular la creencia de que le incumbía un deber de colaboración con dicha Administración.*”

Remítese a que subscribe en relación a este extremo ao sinalado no informe emitido en data 15 de xaneiro de (CVD: 0NVk9qfPDAV59oyZRdYp) , no que se sinalou , entre outras cousas, o seguinte:

<< (.../...) Asemade, a **obriga de recurrir á revisión de oficio previamente ao recoñecemento de obrigas vese reforzada** polo feito de que **nos expedientes analizados non queda acreditado documentalmente a boa fé por parte da/s empresa/s prestadora/s do/s servizo/s (non basta con afirmar a boa fé da empresa senón que debe acompañarse dunha argumentación razoable)** o cal alcanza, se cabe, máis relevancia no caso de empresas cuns volúmenes de facturación elevados (como pode ser o caso de, entre outras, Jardincelas SL. INSTELEC S.L., TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U., TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A. ou Empleo Social S.L.) as cales, indudablemente, contan cuns equipos de traballo con coñecementos xurídicos e técnicos con experiencia na normativa de contratación pública como demostra o feito de que presten servizos noutras administracións públicas e non só no Concello de Cambre. Cabe recordar que **o Tribunal Supremo esixe** que concurran unha serie requisitos coa finalidade de que o alegar un enriquecemento inxusto non se convirta nun fácil medio de eludir as esixencias formais e procedementais establecidas para asegurar os principios de igualdade e libre concurrencia que rexen na contratación administrativa, **entre os cales figura que o desequilibrio "ha de estar constituído por prestaciones del particular que no se deban a su propia iniciativa ni revelen una voluntad maliciosa del mismo, sino que tengan su origen en hechos, dimanantes de la Administración pública, que hayan generado razonablemente en ese particular la creencia de que le incumbía un deber de colaboración con dicha Administración."**

A este respecto cabe destacar que a sentenza de 12.11.2021 da sala do contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Nº de Recurso: 7071/2021; Nº de Resolución: 444/2021) maniféstase nos seguintes termos (\* a negra e o subliñado é propio):

“(.../...)”

### **B. 1. Sobre a concorrência da boa fe.**

O primeiro dos elementos analizados polo órgano de instancia é a boa fe do particular que actúa para a administración (FX III.3.1.) Neste sentido, a sentenza entende que non pode haber boa fe porque a empresa non pode ignorar, dada a súa entidade, que está obrando á marxe do dereito, ao non haber contratación regular.

Certamente no tráfico empresarial e da contratación pública é dificilmente imaxinable que nin unha soa empresa que actúe no mercado e moito menos quen nalgunha ocasión tivese contratado algunha vez coa administración poidan ignorar, aplicando a máis mínima dilixencia, que actúa á marxe do procedemento legal, salvando o caso moi excepcional de particulares que non tivesen hábito de contratación coa administración e fosen requiridos por esta, ou que existise erro sobre o carácter excepcionalmente urxente do contrato ou que fose por cantidades tan nimias que fose razoable a dúbida da necesidade de procedemento formalizado. Pero dende logo, nunca con cantidades do estilo das que estamos estudando, de máis de 40 mil euros mensuais, sostidas no tempo ao longo de oito meses, ou se temos en conta a referencia que consta en autos, mesmo de anos.

En consecuencia, debemos de coincidir co xuíz de instancia en que concorre culpa da vítima, sen ningunha dúbida.

A seguinte cuestión a desentrañar é se resulta relevante a concorrência de culpas que alega a parte apelante, para recoñecer a viabilidade da institución e a resposta ha de ser negativa. En opinión da Sala a concorrência de culpas o que é realmente é a proba da coautoría no ilícito administrativo, pero a mala fe coordinada de ambas partes non pode ter como efecto eximir na necesaria boa fe da parte que pretende valerse da institución, que lembremos ten por razón de ser indemnizar un dano que o empobrecido pola disposición patrimonial non ten o deber xurídico de soportar. **Quen obra sabendo que fai o que non debe facer non pode pretender ser indemnizado por iso co argumento de que a contraparte tamén sabía que facía o que a lei non lle permite.**

En consecuencia, non se pode apreciar a concorrência da necesaria boa fe como presuposto de aplicación da institución. (.../...)”

Máis recentemente a sentenza número 333/2023 do 09.11.2023 do JUZGADO DE LO CONTENCIOSOADMINISTRATIVO Nº 2 de Santa Cruz de Tenerife pon de manifesto o seguinte (\* a negrita e o subliñado é propio):

“(.../...)”

### **QUINTO.- Beneficio Industrial.**

*Igualmente se ha considerado en las últimas resoluciones y en base al ingente número de recursos basados en facturas impagadas procedentes de contratos ilegales, y con el fin de desincentivar tal práctica, el no reconocimiento del beneficio industrial, por lo que se considera adecuado proceder a tal deducción*

(.../...)

Dice la STS 462/2013 de 11 de enero, recurso 5892/2012 "(...)/(...)" **Ahora bien, cuando el artículo 1106 CC regula la indemnización de perjuicios lo hace en relación con el incumplimiento de las obligaciones, regulado en el artículo 1101, y como se ha razonado antes, el efecto del incumplimiento de una obligación y el efecto de la nulidad de un contrato, del que, en su caso, pudiera nacer una obligación, no son equiparables. De lo contrario, se llegaría a la situación paradójica de que desde el punto de vista de las obligaciones nacidas del contrato la anulación de éste y su validez generarían iguales efectos, pues si la anulación del contrato y en consecuencia la de las obligaciones derivadas del mismo, produce en cuanto a estos el efecto de establecer como indemnización por su incumplimiento el deber de abono del lucro cesante que se hubiese obtenido del cumplimiento de la obligación, a la postre la parte perjudicada por la anulación del contrato percibiría de la contraria el mismo beneficio que si el contrato hubiese sido válido; y ello sin la carga sinalagmática que representa para ella el cumplimiento de las prestaciones del contrato. Sin negar que el artículo 65 cuestionado determine el deber legal de indemnizar, no solo daños, sino también perjuicios, lo que no cabe es que, para la identificación de éstos, con todo el problematismo que ello pueda acarrear, dichos perjuicios puedan establecerse acudiendo al régimen legal de algo diferente a la nulidad de la obligación, como es su incumplimiento.**

La invalidez y la resolución del contrato son instituciones diferentes a las que no cabe duda que el legislador ha querido dar una regulación diferenciada. La invalidez del contrato supone que la obligación no ha llegado a nacer válidamente y la resolución del contrato supone privar de efectos a una obligación válidamente nacida al mundo del derecho.

De todo lo anterior se desprende que, sin negar que además del daño deban indemnizarse los perjuicios, y que estos sean diferenciables de aquellos, esa identificación y prueba no puede consistir en la de los perjuicios derivados del incumplimiento de una obligación existente, que es precisamente lo que se hace al considerar como tales perjuicios el lucro cesante ligado al incumplimiento de obligación."

En el mismo sentido STSJCL 636/2013 de 15 de abril recurso 796/2011.

Entiendo que en base a dicha doctrina, **no cabe hablar de una culpa exclusiva y automática de la Administración, sino que dicha culpa habrá de fijarse en cada expediente de contratación y a la luz especialmente que la mayor o menor diligencia desarrollada por el contratista.**

Como se ha expuesto **la falta de diligencia del contratista se antoja concurrente en el presente caso, al no haber aportado por aquél ni un solo elemento de prueba vinculante para las partes acreditativo de la existencia de la contratación, incumplimiento con ello las reglas más básicas exigibles a un ordenado comerciante en su actuación en el tráfico jurídico, sea con relación a la Administración o con cualquier operador privado(.../....) >>**

O Consello Consultivo de Castela e León sinala tamén sobre este particular no ditame 282/2016, de 28 de xullo, o seguinte (a negrita e subliñado é propio):

**"(.../....) Para aplicar el límite derivado de la buena fe o el principio de confianza legítima para proteger una situación correcta digna de tal protección en un supuesto de revisión de oficio es necesario que el interesado desconozca la ilegalidad de la actuación de la Administración y que no haya actuado de forma imprudente al desconocerla. Esta exigencia es coherente con el fundamento de la protección de la confianza en la seguridad jurídica que solo ampara a quien está en la creencia de la legalidad de la actuación administrativa y en la medida en que dicha creencia se mantenga."**

Asemade, o Consello consultivo de Andalucía no ditame 40/2022, de 27 de xaneiro expón o seguinte (o subliñado e a negrita é propio):

*“(..../....) Así, este órgano ha señalado en reiteradas ocasiones que **el contratista que consiente una irregular actuación administrativa prestando por su parte unos servicios sin la necesaria cobertura jurídica sin oposición alguna, se constituye en copartípe de los vicios que el contrato pueda adolecer, dando lugar a que recaigan sobre el mismo las consecuencias negativas de tales vicios.** En esta dirección el Consejo Consultivo ha insistido en que resulta improbable que quien contrata con la Administración desconozca, por mínima que sea su diligencia, que no puede producirse una contratación prescindiendo de todo procedimiento. “*

**Oitavo.4.-** Finalmente, en canto aos intereses de demora fai alusión o alegante ao ditame do consello de Estado 606/2020, de 27 de maio de 2021, e a doutrina do Tribunal Supremo ( sala do Contencioso Administrativo, Sección 4ª), fixada na sentenza núm. 605/2020, de 28 de maio , que – indica- ven referida aos supostos de prestacións realizadas a solicitude da Administración 7 unha vez finalizada a duración do contrato de servizos que considera é o que ocorre neste caso.

En relación a esta alegación, remítase a que subscribe ao sinalado no informe de intervención citado de data 15 de xaneiro de 2024 (CVD: 0NVk9qfPDAV59oyZRdYp), no que, en relación aos intereses de demora, informouse que:

*<<(..../....) No que **respecta ao devengo de xuros de demora** cabe precisar que por aplicación do artigo 42.1 da LCSP a declaración de nulidade da contratación verbal **“llevará en todo caso consigo a del mismo contrato, que entrará en fase de liquidación, debiendo restituirse las partes recíprocamente las cosas que hubiesen recibido en virtud del mismo y si esto no fuese posible se devolverá su valor. La parte que resulte culpable deberá indemnizar a la contraria de los daños y perjuicios que haya sufrido”**.*

Conforme a normativa anterior, cando se declara a nulidade da contratación irregular, non se paga o “prezo” dun contrato inexistente, dado que se procede á restitución de prestacións in natura e, na súa falta, o abono da cantidade equivalente, así como ao abono, no seu caso, da correspondente indemnización. O procedemento de revisión de oficio (como, no seu caso, o de recoñecemento extraxudicial de crédito), como vía para o efectivo recoñecemento dunha obrigación que satisfaga o abono duns servizos prestados sen contrato formal excluíría a aplicación dos artigos establecidos na normativa sobre contratación pública en materia de demora e pago de intereses (art. 198.4 da LCSP).

De feito e sen ánimo de exhaustividade cabe citar:

- O Fundamento Xurídico segundo da STS 2426/2022 de 13.06.2022 (Nº de Recurso: 5437/2020, Nº de Resolución: 722/2022):

*“(..../....)*

*9.- De acuerdo con lo razonado, no acogemos las denuncias de la parte recurrente sobre infracción por la sentencia impugnada de los artículos 35.1 y 200.4 de la Ley 30/2007, de 30 de octubre de Contratos del Sector Publico, y 42.1 y 198.4 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Publico, ni procede en consecuencia el reconocimiento de intereses de demora en el período reclamado por la parte recurrente, que se inicia el 12 de junio de 2011, a los 60 días siguientes a la terminación y ocupación de las obras realizadas fuera de proyecto .*

*Por tal razón, al no resultar procedentes los intereses de demora en el período que reclama la parte recurrente, no es necesario el examen sobre la aplicación del tipo de interés que determina el artículo 7.2 de la Ley y 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen*



*medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, si bien cabe señalar al respecto, a mayor abundamiento, que el ámbito de aplicación de la citada ley, según dispone su artículo 3.1, se circunscribe a los pagos efectuados como contraprestación en las operaciones comerciales realizadas entre empresas, o entre empresas y la Administración, de conformidad con lo dispuesto en la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público y, como hemos razonado con anterioridad, en aplicación de los criterios jurisprudenciales de la Sala, no cabe calificar como contraprestación contractual sujeta a la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público, el pago a la recurrente de la indemnización fijada por la resolución de 19 de mayo de 2015 del Director gerente del Servicio Andaluz de la Salud.*

*En este sentido, la Exposición de Motivos de la Ley 3/2004, después de señalar que la norma legal tiene por objeto incorporar al derecho interno la Directiva 2000/35/CE, del Parlamento Europeo y del Consejo, de 29 de junio de 2000, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, precisa que "el alcance de esta directiva está limitado a los pagos efectuados como contraprestación en operaciones comerciales entre empresas y entre éstas y el sector público. No regula las operaciones en las que intervienen consumidores, los intereses relacionados con otros pagos como los efectuados en virtud de la legislación en materia de cheques y letras de cambio ni los pagos de indemnizaciones por daños*

*(.../....) “.*

- O Fundamento Xurídico Primeiro da STSJ Galicia 5671/2022 (Nº de Recurso: 7016/2022, Nº de Resolución: 290/2022) de 19.07.2022:

*“(...)/(...)”*

*Esta actuación para emendar o mal feito en casos de ausencia de procedemento de contratación, como presuposto do aboamento das obras ou servizos é o que late na recente STS nº 722/2022, de 13 de xuño( ROJ: STS 2426/2022 - ECLI:ES:TS:2022:2426 ) en cuxo FX 3º dá conta da previa revisión de oficio ante ausencia absoluta de procedemento, a partir da cal se fixa unha indemnización polas obras efectivamente realizadas, excluíndose determinadas cantidades coma determinados tipos de xuro ao non se tratar dunha situación contractual.*

*(...)/(...)”*

- O fundamento de dereito CUARTO da sentenza número 333/2023 do 09.11.2023 do JUZGADO DE LO CONTENCIOSOADMINISTRATIVO Nº 2 de Santa Cruz de Tenerife:

*“(.../....)*

**CUARTO.- Sobre los intereses moratorios reclamados decir lo siguiente:**

*Aplicando la doctrina expuesta al presente caso, no cabe sino reconocer el interés legal desde la fecha de la reclamación administrativa, no aplicando el previsto en la Ley 3 /2004 de lucha contra la morosidad.*

*Procedería así seguir el criterio seguido hasta la fecha por este Juzgado en el sentido de no aplicar a los casos de contratos irregulares cuyo gasto no está convalidado, el interés de la ley de contratos, por cuanto dicha anormalidad, no solo se deriva de la falta de forma, sino*

*del importe del contrato, sin marco jurídico que lo ampare y sin conformidad expresa de la Administración sobre dicho servicio, extremo éste último de capital importancia y a ponderar en cada caso concreto*

*(.../....) “>>*

En calquera caso, non é obxecto deste procedemento revisorio a determinación da indemnización que proceda, que de declarse a nulidade de pleno dereito da contratación verbal realizada, realizárase no ulterior procedemento de liquidación, onde deberá darse a preceptiva audiencia ao interesado.

**Novenoº.-** Os actos administrativos xeradores de gasto público están suxeitos a unha dobre condicionalidade. A Administración ha de estar habilitada pola Lei para producir o acto, pero ao propio tempo a actuación administrativa só pode desenvolverse dentro dos medios financeiros poñer ao dispor do xestor pola Lei orzamentaria. Iso comporta a suxeición do procedemento a unha dobre legalidade: dunha parte, a que denominamos legalidade administrativa, necesaria para ditar o correspondente acto ou resolución administrativa polo órgano competente axustándose ao procedemento establecido a tales efectos; e doutra parte, a legalidade financeira, que implica a necesidade de que o acto administrativo que xere unha obrigación económica a cargo da Administración do Estado conte coa debida cobertura orzamentaria e produciuse dacordo con as normas que disciplinan a execución do gasto público.

Os aspectos ou facetas en que se desenvolve o principio de legalidade administrativa concrétnanse en cada unha das normas sectoriais que especificamente regulan os distintos tipos de gastos, como pode ser, en materia de contratación pública, a vixente LCSP e as súas normas de desenvolvemento. Polo que respecta ao principio de legalidade financeira, son as previsións do TRLFL, do RD 500/1990 de 20 de abril e o RD 424/2017, entre outros, as que prevén que o gasto debe de ser aprobado, comprometido e recoñecido ou liquidado dacordo có disposto no seu articulado.

É na fase de recoñecemento da obriga onde concurre unha das especialidades máis importantes das obrigacións públicas, que a diferencian das privadas, e que deriva dunha das características singulares do crédito público, consecuencia da chamada “regla do servizo feito”. Así o artigo 59 do RD 500/1990, de 20 de abril dispón que:

*“1. Previamente al reconocimiento de las obligaciones habrá de acreditarse documentalmente ante el Órgano competente la realización de la prestación o el derecho del acreedor de conformidad con los acuerdos que en su día autorizaron y comprometieron el gasto.*

*2. Las Entidades locales establecerán, en las bases de ejecución del presupuesto, los documentos y requisitos que, de acuerdo con el tipo de gastos, justifiquen el reconocimiento de la obligación (...)”*

A base 23ª das de execución do orzamento 2023 prorrogado ao exercicio 2024 dispón o seguinte:

*“(...)As facturas deberán contar coa sinatura do alcalde ou, en caso de delegación, do concelleiro delegado da área correspondente que tivese autorizado ou disposto o gasto realizado, e que acredite a recepción de conformidade, así como a sinatura do técnico municipal ou persoal competente acreditando a correcta execución. No caso de que o importe da factura sexa superior a cinco mil euros (5.000,00 euros), a área deberá solicitar o seu informe (...)”*

As facturas documentos números 1- 000251 emitida o 30.06.2023 e número 1- 000302 emitida o 31.07.2023 carecen da sinatura de técnico municipal. Asemade, os informes asinados o 15.12.2023 (CVD: 0QCfyf+J27adH5sUPQKI) e o 27.12.2023 (CVD: 2ew3wk8yC56LPh3Nof1L) polo Ingeniero de Caminos Municipal

Jefe de la Sección de Servicios en contestación ao requerimento efectuado por esta intervención non se pronuncian claramente (afirmativa ou negativamente, sen ningún tipo de condicionante) en canto a se as prestacións foron ou non realizadas efectivamente. Para que esta intervención poida exercer axeitadamente o seu traballo, os informes técnicos deben ser concluíntes pois non está entre as miñas funcións facer cábalas en relación ao que os técnicos municipais poidan querer dicir nos mesmos pero sí está entre as súas funcións, especificamente no caso do posto de JEFE DE SECCIÓN DE SERVICIOS Código: AL151700006, a supervisión dos servizos prestados por empresas para o concello:

*“DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Dirigir la Unidad técnica de Servicios ejerciendo las funciones de Ingeniero Superior Municipal, dirigiendo y supervisando los trabajos del personal adscrito a dicha unidad. Responsable del mantenimiento de las infraestructuras urbanísticas de todo tipo y de servicios municipales. Informes técnicos sobre Proyectos de Urbanización. Elaboración de informes, proyectos y propuestas relacionadas con su sección. Supervisión de los servicios prestados por empresas para el Ayuntamiento.”*

Únicamente se lle pide que informe se os servizos están o non realizados, é dicir, só caben dous opcións: ou están realizados ou non o están. Esta falta de claridade unida ao feito de que as facturas carezcan da sinatura do técnico municipal o único que consegue é sembrar dúbidas a esta intervención a cerca da correcta realización dos traballos facturados.

Reitero a necesidade de acreditar a realidade da prestación facturada pois a corrección do prezo e a súa adaptación ao mercado é consecuencia directa desta, é dicir, a pregunta é simple: unha vez rematado o período contractual ¿realmente se estiveron a executar as prestacións nos mesmos termos e amplitude?. É aquí o quid da cuestión por canto se a resposta fose negativa e se estiveron a executar menos prestacións que as contratadas, o feito de tomar como referencia o prezo de adxudicación non garante que éste sexa igual ou inferior ao actual prezo de mercado.

Polo anterior, de declararse a nulidade o importe a percibir por EMPREGO SOCIAL, SL o será en concepto de indemnización e corresponderase có valor da prestación efectuada, é dicir, cós custos reais, pero non coas demais compensacións típicas dun contrato validamente celebrado por canto o empresario debe quedar indemne mais non pode obter un lucro equivalente ao dun contrato válido. Así pois, a fixación desta deberá realizarse seguindo un procedemento contradictorio, o cal podería concluír a improcedencia de abonar conceptos tales como o beneficio industrial nos casos nos que, como é o caso de EMPREGO SOCIAL, SL, non se aprecie boa fe por parte de quen coñece que está obrando ao marxe do dereito.

**Décimo.-** O Ditame número 84/2023 emitido o 31.03.2023 polo Consello Consultivo de Galicia refírese ao órgano competente nos seguintes termos: (\* o subliñado é propio)

*“(../..)Dunha banda, e segundo o establecido no artigo 41.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26.2.2014 (en diante LCSP), será competente para declarar a nulidade do acto de adxudicación do contratos o órgano de contratación, cando se trate de contratos dunha Administración pública. No presente caso, pretende revisarse un acto de adxudicación dun contrato realizado pola alcaldía do concello (que asinou a correspondente folla de pedido da obra), órgano que acorda iniciar o procedemento de revisión, e que deberá resolver definitivamente..(../..)”*

Tendo en conta o criterio do Consello Consultivo de Galicia, a pesar de que a prestación se ven realizando de forma irregular dende o 07.01.2017 pola caducidade do prazo contractual e continuidade ao abeiro dun contrato verbal, a competencia para a resolución da revisión de oficio corresponde ao Pleno da Corporación por ser éste órgano de contratación.

**Décimoprimeiro.-** A resolución de alcaldía número 536/2024 de 26 de abril resolveu solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a emisión pola vía de urxencia do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L. .

O Ditame número CCG 218/2024 emitido o 19.06.2024 polo Consello Consultivo de Galicia e con entrada no rexistro xeral na mesma data (núm. de entrada 20249000001589) o cal é do seguinte tenor literal:

<< (.../...) **Cuarta..** (.../...)

Pois ben, tanto dos informes da Secretaría e da Intervención, como das propias facturas, da proposta, e finalmente da resolución da Alcaldía pola que se acorda a remisión do expediente, resulta clara, inequívoca e pacificamente a existencia dunha orde verbal para a continuación do servizo unha vez finalizado o prazo legal de duración e as súas prórrogas. Este recoñecemento expreso é proba máis que suficiente da existencia do encargo verbal, e en consecuencia da existencia dun acto administrativo, que como tal, poderá ser sometido a un procedemento de revisión de oficio para verificar se está viciado de nulidade de pleno dereito. (.../...)

**Quinta.**

Trasladando todas as consideracións anteriores ao procedemento sometido a ditame, a proposta de resolución remitida propugna a nulidade do acordo de adxudicación ditado con ausencia total do procedemento previsto na normativa de aplicación, artigo 47.1.e) da LPAC, por infracción do previsto no artigo 37 da LCSP, que prohibe as contratacións verbais fóra dos casos de emerxencia, e tamén do previsto no artigo 173.5 do Real decreto lei 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e artigo 39.2.b) da LCSP, que considera causa de nulidade de pleno dereito nos contratos a carencia ou insuficiencia de crédito.

O informe da secretaria, a proposta da Intervención, e as resolucións da Alcaldía (tanto a de inicio coma o acordo de remisión do expediente a este órgano) constatan a total inexistencia de procedemento de licitación e de acto formal de adxudicación, e o carácter verbal da encomenda. A propia empresa reconece nas súas alegacións a existencia dunha situación irregular do servizo, sen prexuízo de invocar que en todo momento actuou de boa fe

Do exposto pode concluírse de forma manifesta e evidente e sen gran esforzo argumental, a ausencia total do procedemento legalmente establecido, sen que sexa preciso analizar polo miúdo os trámites establecidos na normativa de contratación. Abonda con indicar que, de acordo co citado artigo 37 da LCSP, as entidades do sector público non poderán contratar verbalmente, salvo que o contrato teña carácter de emerxencia. No mesmo sentido, das alegacións da mercantil e do resto dos informes obrantes no expediente, resulta unha conformidade neste extremo. En consecuencia, o xuízo deste órgano consultivo é favorable á revisión de oficio proposta polo concello.

**CONCLUSIÓN**

Por todo o anteriormente exposto, a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, por unanimidade dos seus membros, ditamina:

**“Que informa favorablemente a proposta de resolución á que o presente expediente se refire”. (.../...)**  
**>>**

Polo exposto, en base aos antecedentes mencionados e á lexislación aplicable, de conformidade có previsto no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, inicialmente e sen perxuício do que dispoña a Sra. Alcaldesa no que respecta á continuidade do servizo a cal, en todo caso, requirirá informes de secretaría e intervención, fórmulase a seguinte:

#### **“ PROPOSTA DE ACORDO**

**Primeiro.-** Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L. A contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L atópase incurso en causa de nulidade de pleno dereito de conformidade co disposto polo artigo 47.1.e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas por terse ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido e dado o incumprimento dos artigos 28, 36, 37, 116, 117, 131, 132, 151, 154, DA3ª da LCSP; dos artigos 213 e 214 do TRLFL e dos artigos 7, 8, 10 do Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

**Segundo.-** Notificar, para os efectos oportunos, o presente acordo á empresa EMPREGO SOCIAL, S.L.

**Terceiro.-** Remitir certificación deste acordo ao Consello Consultivo de Galicia.” >>

Visto que o 15.07.2024 remitín un correo electrónico á interventora ao que acheguei unha proposta de alcaldía rectificadora aos efectos de incluír a orde de continuidade no servizo ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo que se deriva do grave trastorno ao servizo público provocado pola declaración de nulidade.

Visto o informe de intervención referencia LMR CONTINUIDADE EMPREGO SOCIAL / 2024 có asunto *Informe de intervención complementario ao Informe-proposta de intervención referido á declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L* asinado por esta intervención o 17.07.2024 (CVD: Q9THq6rel980G35k8HPw) coas seguintes conclusións:

#### **“(…/…)IV) CONCLUSIÓN**

De conformidade có exposto, queda acreditado que a **situación irregular do servizo** de conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre é a **consecuencia directa de dous circunstancias:**

- A **inactividade do equipo de goberno con competencia en materia de contratación** do Concello de Cambre dado que, a pesar das reiteradas advertencias da intervención e da secretaría en orde a proceder á licitación do contrato extinguido, respondeu cunha absoluta inactividade vulnerando os principios rexen a contratación pública de igualdade, libre concorrència, publicidade e transparencia.

- **A connivencia da mercantil EMPREGO SOCIAL, S.L. no mantemento dunha situación irregular** da que era plenamente coñecedora e coa que se beneficiou de prestar un servizo sen ter competir en igualdade de condicións con outros licitadores.

**Advirto por escrito** que a valoración da concurrencia dun grave trastorno ao servizo público deberá examinarse con cautela e de forma **excepcional**, en función do caso concreto, **evitando que o interese xeral poida converterse, sen máis, nun comodín que permita dar cobertura xenérica para continuar a execución do contrato público, a pesar á declaración de nulidade.** Igualmente, é preceptivo que a orde de continuidade se **limite ao tempo imprescindible** polo que debe iniciarse de xeito inmediato e sen exceder dun prazo de 15 días hábiles oportuno expediente de contratación. Coa finalidade de garantir a existencia de crédito axeitado e suficiente, unha vez que pola alcaldía se defina o programa de actuación coas medidas e os tempos previstos para cada unha delas e con carácter previo á dictar a oportuna resolución, **solicitarase** a esta intervención a **emisión do certificado de existencia de crédito** xa que, se ben a data de sinatura deste informe o crédito a nivel de bolsa de vinculación 16\*.2\* ascende a 635.631,53 € (*as facturas imputáanse á aplicación orzamentaria 163.227.99 e a base 10ª das de execución do orzamento xeral establece o nivel de vinculación xurídica para os créditos dos capítulos 2 da Área de gasto 1 (Servizos públicos Básicos) a nivel de política de gasto respecto á clasificación por programas e de capítulo respecto á económica*), o correcto é que o crédito que resulte necesario esté retido (RC).

En calquera caso, **as facturas que se deriven a orde de continuidade serán obxecto de reparo suspensivo por aplicación do artigo 216.2.c) do TRLFL.** Asemade, **de ningún xeito poderán contemplar revisión de prezos** xa que o artigo 42.3 da LCSP refírese á “...continuación de los efectos de aquel y bajo sus mismas cláusulas...” e o feito de que a mercantil EMPREGO SOCIAL SL estivese a emitir facturas que foron aceptadas e abonadas polo Concello de Cambre demostra a existencia dun “acordo de voluntades”(../...)”

Vista a nota informativa da secretaria accidental do día 18.07.2024 (CVD: SupYqtfcTGsXdaiLDidx) que, entre outras cousas, di:

“(...)”

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**Primeira.-** Como presuposto, é obrigado sinalar que a nulidade da contratación verbal do servizo citado nos antecedentes o foi por concorrer a causa de nulidade de pleno dereito contida no artigo 47.1 e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común (actos dictados prescindido total e absolutamente do procedemento legalmente establecido). É dicir, a nulidade de pleno dereito da contratación verbal o foi pola causa máis grave.

Así, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea considera a contratación prescindido total e absolutamente do procedemento legalmente establecido (como é a contratación verbal) como a infracción máis grave do dereito comunitario ( Sentenza de 11 de xaneiro de 2005 (Stad Halle).

Polo tanto, a actual situación é consecuencia da actuación dos órganos de goberno do Concello consistente no encargo verbal, permitindo a prestación material do servizo de conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, non só contravindo a prohibición legal de contratar verbalmente senón, ademais, sen a necesaria cobertura xurídica formal- ao non proceder á convocatoria dun procedemento de licitación pública destinado á adxudicación e posterior formalización do correspondente contrato conforme ao disposto na normativa de contratación pública o que supón, dada a gravidade dos incumprimentos (reitérase o sinalado anteriormente verbo de que se trata da infracción máis grave do dereito comunitario) a nulidade da dita contratación verbal

E é que a situación na que se atopa a prestación do servizo ten a súa orixe na falta de licitación da súa contratación, isto é, da tramitación do oportuno expediente destinado á selección dun novo contratista, dotando así de cobertura xurídica formal á prestación do servizo, e iso pese ás advertencias feitas tanto por Secretaría e Intervención verbo da necesidade de proceder a súa contratación de acordo cos principios de igualdade, libre concorrancia, transparencia e publicidade e a través dos procedementos legalmente establecidos, coa necesaria concorrancia de todos os posibles licitadores interesados.

Así, pola secretaria xeral, nas notas informativas emitidas en relación- entre outros- a expedientes relativos a aprobación de facturas presentadas por EMPREGO SOCIAL, S.L. por este servizo, que a contratación (verbal) realizada contraviña a normativa de aplicación, que constituía unha transcendente irregularidade xurídica ao supoñer a omisión total e absoluta do procedemento legalmente establecido e constituír unha causa de nulidade de pleno dereito.

Tamén se informou reiteradamente pola secretaria xeral da necesidade de proceder a contratación de, entre outras, esta prestación. A título exemplificativo, poden citarse as notas informativas da secretaria xeral números 16/2022, 22/2022, 29/2022, 47/2022, 48/2022, 56/2022, 59/2022, 8/2023, 9/2023, 14/2023, 29/2023, 34/2023 ou 45/2023.

Así, por exemplo, na nota informativa de secretaria 45/2023, do 01.06.2023, sinalouse o seguinte:

#### “NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA 45/2023

Remitido a Secretaría o expediente TEDEC 2023/G006/000942, en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por esta Secretaría fanse as seguintes observacións:

Consta no expediente examinado informe do Interventor municipal JUA NUM 186/2023 –REPARO 48 R, de data 15 de maio de 2023(CVD: VFi1x4Bu4m9VZGD3Hy9b) de diversas facturas que nel se relacionan. No dito informe se fiscaliza de disconformidade sen efectos suspensivos, aínda que coa recomendación de subsanar os defectos antes de someter o expediente a aprobación, se poideran ser subsanables, e respecto aos non subsanables recomenda que non se reiteren en expedientes futuros.

Sínálase pola intervención municipal no informe citado, no partado “Observaciones”, entre outras cousas, que:

“1.- Se emite informe desfavorable a las facturas que se relacionan a continuación, motivado en la ausencia de procedimiento de contratación, ya que excede por importe y/o tiempo de duración de los límites que Ley 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, permite para el contrato menor, al tratarse de necesidades de carácter permanente y repetitivo (en varios ejercicios). Se insta por tanto el inicio del procedimiento administrativo de adjudicación de los siguientes contratos, en caso de que no se encuentre iniciado.

(.../...)

Se emite sin carácter suspensivo al tratarse de obligaciones de tracto sucesivo, a las que esta intervención ya emitió informe desfavorable con efectos suspensivos con fecha 18 de enero y 14 de marzo de 2023, por el mismo objeto y mismo motivo, por lo que no se reitera el carácter suspensivo del reparo.

(.../...)

2.- Se emite informe desfavorable a facturas presentadas con el siguiente objeto de contratación, tras la ejecución de prestaciones de servicios, realización de obras o suministros, que se contratan de forma individualizada, al no haberse tramitado la contratación de las prestaciones que se detallan a continuación, conforme a lo dispuesto en la LCSP:

(.../...)

Se emite sin carácter suspensivo al tratarse de obligaciones, a las que esta intervención ya emitió informe desfavorable con efectos suspensivos el 29 de enero de 2023 por el mismo objeto y mismo motivo, por lo que no se reitera el carácter suspensivo reparo.

Por lo que respecta a las facturas incluidas en el presente apartado, que se presentan para su aprobación y que constan en el presente informe, por tratarse de gastos que por su importe tendrían la consideración de contratos menores no están sometidos a fiscalización previa, por lo que no procede la emisión de informe de omisión de fiscalización.  
(.../....)”

Esta Secretaría á vista do sinalado no dito informe comparte o criterio desfavorable da intervención municipal agás polo que respecta á factura F/2023/516( verbo da que consta a adxudicación do contrato, como contrato menor) , e informa que os respectivos contratos referidos ás prestacións verbo da que o sr. Interventor motiva os seus reparos na ausencia de procedemento de contratación debéronse adxudicar (sempre que estivera debidamente xustificada a necesidade e idoneidade da contratación, así como o prezo) a través dos procedementos e formas de adxudicación establecidos na lexislación vixente ,resultando ademáis, que o artigo 37 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), prohíbe a contratación verbal, ao establecer que “Las entidades del sector público no podrán contratar verbalmente, salvo que el contrato tenga, conforme a lo señalado en el artículo 120.1, carácter de emergencia.”

O artigo 99.2 da LCSP dispón que non poderá fraccionarse o obxecto dun contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos aos procedementos de adxudicación que corresponda. Polo tanto infórmase que as contratación (verbais) realizadas contraveñen a normativa de aplicación, xa que as contratacións verbais están prohibidas expresamente pola lexislación vixente, o que constitúe unha transcendente infracción xurídica, ao supoñer unha omisión total e absoluta do procedemento legalmente establecido, e que constitúe unha causa de nulidade de pleno dereito.

O Consello de Contas no informe de fiscalización dos recoñecementos extraxudiciais de crédito exercicio 2018 sinala, entre outras cousas, que :”... IV.2.1.3. Obrigas que nacen prescindindo total e absolutamente do procedemento establecido. O RXCI regula por primeira vez no ámbito local a omisión de fiscalización previa nos termos expostos no epígrafe IV.1.2 deste informe: as obrigas con omisión de fiscalización non se poden imputar ao orzamento ata que se resolva a omisión segundo o procedemento previsto no RD 424/2017, procedemento que culmina cun Acordo do Presidente da entidade, Xunta de Goberno Local ou do Pleno, no que se decide se continuar ou non co procedemento, previo informe do interventor no que se pronunciará sobre a posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento (apreciada en función de se se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais que se produciron)”.

E conforme dispón o artigo 28 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, corresponde á intervención municipal apreciar a posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento xurídico, polo que entende a que subscribe que debe pronunciarse a Intervención municipal verbo da posibilidade ou conveniencia da revisión de oficio dos actos aos que se refire no informe de reparo.

No suposto examinado, polo que respecta ás facturas relacionadas no apartado 1 do informe da Intervención municipal non consta pronunciamento da Intervención verbo da posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento xurídico; e respecto das facturas á que se refire o apartado 2 indicase pola intervención municipal que non procede a emisión de informe de omisión de fiscalización; nin consta en ningún dos casos a previa revisión de oficio para declarar a nulidade .

Cómpre sinalar que, en relación á necesidade de revisión de oficio previo ao recoñecemento de obrigas nos supostos de inexistencia de procedemento de contratación , o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sala do Contencioso administrativo, na sentenza, de 19 de xullo de 2022 establece a necesidade de proceder a tal revisión de oficio para declarar a nulidade de pleno dereito como requisito previo ao recoñecemento da obriga, sinalando ,entre outras cousas, que:

”(.../:... ) En consecuencia, ante supostos coma o presente, de ausencia total de actividade administrativa contractual, debemos diferenciar dúas fases, unha primeira de declaración de nulidade de todo o actuado, e unha segunda de recoñecemento de obrigas da administración para evitar o seu enriquecemento inxusto,



se hai lugar a elas. Dicimos isto dadas as circunstancias concorrentes no presente litixio, que foron declaradas como feitos probados no FX 3º (parágrafos 1 a 4) e que non foron impugnados na apelación, onde queda meridianamente claro que non houbo o máis mínimo rastro de contratación administrativa, coa omisión groseira e grave das máis elementais normas de dereito administrativo. Neste escenario, non discutida polas partes a inexistencia absoluta de procedemento de contratación en ningún dos supostos (nin sequera nos de descontaminación e no de iluminación) é evidente que concorre unha nulidade de pleno dereito prevista no art. 32 do TRLCSP (análoga á actual do art. 39 LCSP no que agora interesa) e no art. 47.1.e. LPACAP.

Ante unha nulidade de pleno dereito, a propia administración tiña como mecanismo de reacción autónomo a revisión de oficio de actos nulos de pleno dereito. Neste sentido, se ben o TRLCSP refire só os actos de preparación e adxudicación, isto faise para establecer determinadas especialidades, sen que impida acudir con carácter xeral ao art. 106.1. LPACAP.

É por isto que cando en sede administrativa son consultados os órganos de asesoramento técnico do concello, Secretaría e Intervención, incidan nesta opción, que é á que se agarra o apelante. Só unha vez que se declara a nulidade de pleno dereito de todo o actuado, por inexistencia absoluta de procedemento de contratación, é cando hai que reparar as consecuencias que afecten negativamente a terceiros de boa fe, e cuxo contexto normativo pode ser o REC. Pero iso debe corresponder a unha fase ulterior do camiño administrativo. Esta actuación para emendar o mal feito en casos de ausencia de procedemento de contratación, como presuposto do aboamento das obras ou servizos é o que late na recente STS nº 722/2022, de 13 de xuño( ROJ: STS 2426/2022 - ECLI:ES:TS:2022:2426 ) en cuxo FX 3º dá conta da previa revisión de oficio ante ausencia absoluta de procedemento, a partir da cal se fixa unha indemnización polas obras efectivamente realizadas, excluíndose determinadas cantidades coma determinados tipos de xuro ao non se tratar dunha situación contractual.

No caso de autos, o Concello obviou non só o procedemento administrativo de contratación de forma groseira, senón o relativo á declaración de nulidade por el mesmo de oficio, que é a chave para a apertura do procedemento para o recoñecemento extraxudicial de créditos con orixe precisamente nunha actuación sen título ou con título nulo que non obstante é fonte de obrigas para a administración ao terse recibidos bens ou servizos en proveito da administración, sempre que se acrediten determinadas circunstancias.

Por esta razón debemos chegar á conclusión de que o Concello obviou un trámite previo que é preciso para activar o REC, polo que en ambos expedientes acumulados debe declararse a nulidade de pleno dereito de todo o actuado, abranguendo loxicamente todos os pagos feitos.

Estamos ante un caso en que a administración local fuxe cara adiante, cunha nova ilegalidade consistente en recoñecer un crédito sen seguir un procedemento con todas as garantías de forma e de fondo, para tratar de tapar a ilegalidade anterior de encargo de servizos e obras á marxe da contratación administrativa.

Non pode haber recoñecemento de crédito a favor dun particular se non hai causa que o xustifique. E a causa neste caso non pode ser outra que a inexistencia de contratación administrativa válida, e tal feito tiña que ser declarado pola propia administración pola vía da revisión de oficio de actos nulos de pleno dereito. Esta declaración era necesaria porque daba a medida de cal tiña que ser o ámbito precisamente do recoñecemento extraxudicial de crédito, que por outra parte tiña que facerse, nese momento si, como indica o xuíz de instancia no FX 5º, é dicir, no contexto xurisprudencial que impón a doutrina do enriquecemento inxusto en canto ao fondo, e coa tramitación dun expediente administrativo con todas as garantías en canto á forma. O xuíz anula os recoñecementos de crédito por ausencia todos estes elementos, e aí leva razón, só que previamente era necesario que o Concello declarase a nulidade de pleno dereito do actuado para, como se dixo, establecer o ámbito sobre o que se podía proxectar o REC.

(.../...)

Convalidar o mal feito esixe previamente recoñecer o que se fixo mal, e en termos xurídicos iso acádase mediante a revisión de oficio, que faltou nos dous expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito, e por iso deben ser declarados nulos de pleno dereito, non xa por incorrecta articulación do REC como indica o xuíz de instancia senón por adoeecer incluso do paso previo, que é a declaración de nulidade de pleno dereito do previamente actuado por contravir groseiramente a normativa sobre contratación administrativa.(.../...)

Polo exposto, , á vista da Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia , sala do contencioso administrativo de 19 de xullo de 2022 anteriormente citada se informa desfavorablemente o recoñecemento

das obrigas verbo das facturas sinaladas no informe de Intervención citado, agás a factura con número rexistro F/2023/516.

En todo caso infórmase da necesidade de proceder á contratación das diversas prestacións regulares que requira o Concello( considerando a excepcionalidade da contratación menor, os límites cuantitativos destes 40.000 euros para contratos de obras e 15.000 euros cando se trate de contratos de suministro o de servizos-, a prohibición de fraccionamento dos contratos, a duración máxima dun ano dos contratos menores e a prohibición da súa prórroga, así como a improcedencia de acudir a esta modalidade para satisfacer necesidadesprevisibles e recorrentes), e sempre que se atope debidamente xustificada polo servizo correspondente a necesidade da contratación e o importe aproximado das prestacións, de acordo cos principios de publicidade, libre concorrancia, igualdade e transparencia, e a través dos procedementos regulados na citada Lei, debendo en todos os casos constar no expediente debidamente xustificada a necesidade e idoneidade da contratación así como a xustificación do prezo do mesmo.

A Comisión consultiva de contratación administrativa da Xunta de Andalucía no seu informe 9/2009, de 15 de xuño sinala que:“(..../....)Los órganos de contratación han de ser conscientes de la indisponibilidad de las normas rectoras de la contratación pública; regla jurídicamente vinculada a la satisfacción del interés general y que opera como garantía de los principios básicos de publicidad, libre concorrancia y transparencia. Además, los métodos de contratación aberta y competitiva, en los que se aplican adecuadamente los descritos principios, permiten más concorrancia y la obtención de beneficios por ofertas más ventajosas, cuestión esta última que afecta a la eficiente utilización de los recursos públicos en un periodo como el actual, caracterizado por importantes restriccións presupuestarias. (..../....)”

É o que expoño nesta nota informativa que é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza, requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as observacións feitas poderán ampliarse nun informe emitido de acordo co que dispón a normativa de aplicación.”

Tamén pola intervención municipal se emitiron informes de reparo motivado na ausencia de procedemento de contratación, instando o inicio do procedemento administrativo de adxudicación, tal e como expón a Sra. interventora nos informes relacionados nos antecedentes.

Á vista do anteriormente exposto resulta que tanto por Secretaría como pola Intervención municipais veuse informando aos órganos xestores do Concello da situación irregular na que se atopaba a prestación do servizo así como da necesidade de proceder a súa contratación previa licitación a través dos procedementos previstos na normativa vixente, pois a empresa – EMPREGO SOCIAL S.L.- non foi seleccionada previa a correspondente licitación, o que supón unha contradicción co principio de legalidade no ámbito da contratación pública, que esixe a tramitación dun procedemento coas debidas garantías que aseguren a participación dos posibles licitadores e o acerto da Administración Pública.

Isto é, pese ás reiteradas advertencias de nulidade feitas por secretaria e as indicacións de Secretaría e Intervención da procedencia de tramitar o procedemento de contratación, a actitude pasiva dos órganos de goberno do Concello que teñen atribuída a competencia en materia de contratación é a orixe da actual situación, pois coñecendo que o anterior contrato se extinguira así como a necesidade de proceder a súa contratación, non adoptaron con tempo suficiente as decisións necesarias para garantir a continuidade do servizo, licitándoo; situación que podería terse evitado coa licitación e contratación do servizo.

O feito de manter a prestación sen licitar constitúe unha infracción moi grave do ordenamento xurídico, ao supoñer unha adxudicación directa prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, cunha flagrante , patente e palmaria erosión dos principios básicos que rexen a contratación pública de igualdade, libre concorrancia, publicidade e transparencia.

E tamén cómpre ter en conta a actitude do contratista (verbal) que tamén favoreceu a dita contratación verbal, obtendo un contrato sen concorrancia nin competencia. Á falta de acreditación da boa fe do contratista refírese a

Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 12 de novembro de 2021 e á Sentenza número 333/2023, do 9 de novembro de 2023 do Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Santa Cruz de Tenerife O Consello Consultivo de Andalucía sinala sobre este particular no seu ditame 40/2022, de 27 de xaneiro de 2022 o seguinte:

“(..../....) Así, este Órgano ha señalado en reiteradas ocasiones que el contratista que consiente una irregular actuación administrativa, prestando por su parte unos servicios sin la necesaria cobertura jurídica sin oposición alguna, se constituye en copartícipe de los vicios de que el contrato pueda adolecer, dando lugar a que recaigan sobre el mismo las consecuencias negativas de tales vicios. En esta dirección el Consejo Consultivo ha insistido en que resulta improbable que quien contrata con la Administración desconozca, por mínima que sea su diligencia, que no puede producirse una contratación prescindiendo de todo procedimiento”.

Hai que lembrar que a contratación administrativa é eminentemente formal, en garantía dos citados principios de igualdade, libre concorrência, publicidade e transparencia no gasto público. Por iso a ausencia de procedemento de contratación no suposto examinado conlevou a nulidade radical, e pode dar lugar a exacción de responsabilidades dos que participaron nesas irregularidades.

Pois cando a Lei establece uns procedementos para a formalización dos contratos, non só son garantía de transparencia e limpeza no proceso de contratación pública, senón tamén de seguridade entre as partes na determinación das prestacións e os dereitos recíprocos nados destes procedementos. Cando as partes prescinden de todas estas garantías, sen prexuízo das responsabilidades nas que poidan incurrir, tamén están renunciando á seguridade que proporciona a vía legal e asumindo o risco de que, ao cabo, non se poidan acreditar estes convenios verbais e as formas de actuación e pago non documentadas.

Atopámonos, polo tanto, cunha situación irregular, cun contrato nulo, ilegal, derivado dun encargo verbal nulo por incurrir na infracción máis grave do dereito en materia de contratación pública, e que podería terse evitado licitando a contratación do servizo. Neste punto, cabe lembrar o criterio da Xunta Consultiva de contratación do Estado en relación a estas situacións, segundo o cal, a solución a este tipo de problemas (Informe do 10 de decembro de 2018, expediente 86/18) estriba nunha dilixencia reforzada dos órganos de contratación e nun concepto ao que a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), outorga unha gran importancia como é a programación e planificación adecuada da súa actividade contractual, obriga esta de planificación recollida no artigo 28.4, que establece:

“4. Las entidades del sector público programarán la actividad de contratación pública, que desarrollarán en un ejercicio presupuestario o períodos plurianuales y darán a conocer su plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de información previa previsto en el artículo 134 que al menos recoja aquellos contratos que quedarán sujetos a una regulación armonizada”.

Preséntase agora unha situación á que o Concello debe darlle unha solución xa que un dos servizos de prestación obrigatoria en todos os municipios é o de limpeza viaria (artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local), e que puido terse evitado.

**Segunda.-** O artigo 42 da Lei de Contratos do Sector Público regula os efectos da declaración de nulidade, sinalando o seguinte:

«1. La declaración de nulidad de los actos preparatorios del contrato o de la adjudicación, cuando sea firme, llevará en todo caso consigo la del mismo contrato, que entrará en fase de liquidación, debiendo restituirse las partes recíprocamente las cosas que hubiesen recibido en virtud del mismo y si esto no fuese posible se devolverá su valor. La parte que resulte culpable deberá indemnizar a la contraria de los daños y perjuicios que haya sufrido.

La nulidad de los actos que no sean preparatorios solo afectará a estos y a sus consecuencias.

Si la declaración administrativa de nulidad de un contrato produjese un grave trastorno al servicio público, podrá disponerse en el mismo acuerdo la continuación de los efectos de aquél y bajo sus mismas cláusulas, hasta que se adopten las medidas urgentes para evitar el perjuicio (...).».

Toda vez que no borrador de proposta que consta no expediente se prevé acordar a continuidade do contrato que previamente se declara nulo, o presente informe centrarase no dito extremo.

Da lectura do apartado terceiro do precepto legal transcrito despréndese que o legislador apunta a posibilidade de que o interese público module os posibles efectos da invalidez dun contrato inválido (baixo as condicións que sinala), dispoñendo que se a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise un grave trastorno ao servizo público a posibilidade de dispoñer no mesmo acordo a continuación dos efectos de aquel baixo as mesmas cláusulas, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo. Polo tanto, para que se produza ese efecto deben concorrer unha serie de requisitos:

Que a declaración de nulidade producise un grave trastorno ao servizo público

Que o acordo de continuación se adopte no mesmo acordo no que se declara a nulidade do contrato

Que a continuidade sexa ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo. É dicir, o mantemento do contrato inválido debe limitarse ao tempo necesario para adoptar medidas urxentes que remedien a situación.

Este precepto citado contempla unha medida excepcional que, como tal, debe interpretarse de xeito restritivo, en función do caso concreto, evitando que a invocación do interese xeral poida converterse, sen máis, nun comodín que permita dar cobertura xenérica para continuar a execución do contrato público a pesares da súa declaración de nulidade.

Neste sentido cobra especial relevancia a motivación da orde pola que se dispón a continuidade da prestación, pois deben xustificarse as razóns imperiosas de interese xeral, concepto que veu utilizando abundantemente a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, en base a criterios de proporcionalidade.

Esta medida debe ter un carácter absolutamente provisional e polo tempo estritamente necesario - dí o artigo “hasta que se adopten medidas urgentes para evitar el perjuicio”. É por iso que deben marcarse límites máximos temporais, pois o que non resulta admisible é que unha medida de carácter provisional e excepcional faga que se prolongue “sine die” un contrato declarado nulo e, polo tanto, ilegal. Algúns autores propoñen que, ao considerarse unha medida provisional, o procedemento de contratación debería iniciarse no prazo de quince días que prevé o actual artigo 56.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común.

No suposto examinado, polo que respecta á motivación alúdese a un grave trastorno ao servizo público, pero non se especifica nin se contén un plan de actuación no que se concreten as medidas urxentes a adoptar para evitar o prexuízo, que entendo debería acompañarse a unha medida desta natureza (dado o seu carácter excepcional) para constatar o seu carácter provisional, o que impide comprobar a concorrencia deste extremo, polo que sen esta concreción non se consideran cumpridos os requisitos esixidos no artigo 42.3 da Lei de contratos do sector público.

En todo caso á vista da situación actual, que require da adopción por parte dos órganos decisorios do Concello de medidas necesarias tendentes a garantir a continuidade do servizo, tendo en conta que tal situación, como se indicou, ten a súa orixe na falta de licitación do contrato do servizo, e que puido evitarse polo órgano de contratación cunha actuación encamiñada a contratalo, é competencia dos órganos de goberno a adopción baixo a súa exclusiva responsabilidade das medidas necesarias a tal fin.

Iso sen prexuízo das responsabilidades a que, no seu caso, houbera lugar pola contratación “contra legem” e o seu mantemento no tempo.

Sobre este particular, a Comisión Xurídica Asesora da Comunidade de Madrid no ditame 5/2023, de 30 de marzo de 2023 sinala: “La utilización reiterada de la contratación verbal sobre un mismo contrato ya revisado puede determinar responsabilidades de cualquier índole”.

E no ditame 404/2022, de 27 de xullo de 2023 sinala o dito órgano consultivo que:

“(…/ ) No procedería por tanto volver a revisar lo que ya no existe, esto es, la contratación verbal irregular. Todo ello sin perjuicio de las responsabilidades que pudieran derivarse de esta contratación contra legem y su mantenimiento en el tiempo.”

En todo caso é perentorio que se proceda a licitación do contrato- ademais do resto dos que se atopan en precario-, de acordo cos principios de igualdade, libre concorrència publicidade e transparencia a través dos procedementos regulados na LCSP.

Finalmente cómpre reiterar o sinalado verbo da correcta planificación e programación da contratación pública como medio que, ademais de ser obrigatorio actualmente de conformidade co artigo 28 da LCSP, é crucial para evitar este tipo de situacións radicalmente ilegais que conlevan ademais o risco de que se faga un uso ineficiente dos recursos públicos.

Así o afirma a Axencia Valenciana Antifraude na Recomendación xeral “Planificación: herramienta clave para prevenir los riesgos de corrupción en las organizaciones”, na cal sinala que é “imprescindible que cada organización planifique la manera de gastar los recursos públicos en beneficio de la comunidad, tratando así la contratación como inversión meditada y justificada”, e que “planificar los contratos posibilitará su control interno (especialmente el control financiero permanente) contribuyendo así a minimizar los riesgos de corrupción, sus costes económicos y la ‘parálisis funcional’ al retrasar la ejecución de las prestaciones contratadas con la el consiguiente descrédito reputacional”.”.

**Visto que o artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local impón a todos os concellos a obriga de prestar, entre outros, o servizo de limpeza viaria.**

Visto que o **Tribunal Supremo ven entendendo como servizos esenciais os recollidos no citado artigo 26.**

Visto que estamos, pois, ante un **servizo esencial**, entendendo por este, en palabras do Tribunal Constitucional (STC 185/1995, de 14 de decembro, un servizo “**obxectivamente indispensable para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social dos particulares de acordo coas circunstancias sociais de cada momento e lugar, ou, dito con outras palabras, cando a renuncia a estes bens, servizos ou actividades priva ao particular de aspectos esenciais da súa vida privada ou social**”.

Visto que estamos ante un **servizo de prestación obrigatoria**, cuxo incumprimento, ademais dunha infracción do ordenamento xurídico, impide á veciñanza satisfacer as súas necesidades básicas da súa vida persoal e sociais.

Vistas as graves consecuencias que poden derivarse da non prestación deste servizo e tendo en conta que nos atopamos ante unha situación excepcional, non existindo outra opción posible.

Visto o artigo 42.3 da LCSP segundo o cal se a declaración administrativa de nulidade dun contrato prodúcese un grave trastorno ao servizo público, poderá dispoñerse a continuación dos efectos de aquel e baixo as mesmas cláusulas, ata que se adopten medidas urxentes para evitar o prexuízo.

Por todo o anterior, **PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:**

**Primeiro.-** Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L. A contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L atópase incurso en causa de nulidade de pleno dereito de conformidade co disposto polo artigo 47.1.e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas por terse

ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido e dado o incumprimento dos artigos 28, 36, 37, 116, 117, 131, 132, 151, 154, DA3ª da LCSP; dos artigos 213 e 214 do TRLFL e dos artigos 7, 8, 10 do Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

**Segundo.-** Continuar coa prestación do servizo consistente na LIMPEZA VIARIA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L. nos mesmos termos que se viña desempeñando, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo que se deriva do grave trastorno ao servizo público provocado pola declaración de nulidade.

**Terceiro.-** Notificar, para os efectos oportunos, o presente acordo á empresa EMPREGO SOCIAL, S.L. e dar traslado, a través da plataforma TEDEC, á Intervención Municipal e á Sección de Obras e Servizos.

**Cuarto.-** Remitir certificación deste acordo ao Consello Consultivo de Galicia.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. O prazo para interpoñer o recurso de reposición é de un mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015). O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente”.

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen dá lectura extractada da proposta.

Interveñen o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 19 de xullo de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0)

Abstencións: Once (11), dos/a Sres./a: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 19 de xullo de 2024 (CVD: y7TOCmsuurOOzqQEECWz).

### 2.3. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DOS POSTOS DE PERSOAL EVENTUAL

**Acceso á videoacta – 00:27:10 horas**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 29 de maio de 2024 (CVD: 5mLnagKKJeTF0zX3YIFB), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos Sociais, Recursos Humanos, Cultura, Deportes e Xuventude, na sesión ordinaria de data 20 de xuño de 2024, que transcrita di:

### «PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN DE CAMBRE

Visto o informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 7 de maio do 2024 (CVD: Pn5fP7UqRpMfy3cGwTO5), en relación coa miña providencia do 30 de abril do 2024 (CVD: JBZWYcLoDgh3vvj+0nay) para a modificación da Relación de Postos de Traballo para cambiar a denominación do posto de persoal eventual de asesor/a de Patrimonio polo de asesor/a de Servizos Sociais e Recursos Humanos modificando a súa xornada de traballo de tempo parcial pola xornada de traballo a tempo completo, para cambiar a denominación do posto de persoal eventual de asesor/a de Deportes polo de asesor/a de Cultura, Deportes e Xuventude, para cambiar a denominación dos postos de persoal eventual de secretario/a de Obras e Servizos e de asesor/a de Medio Ambiente e Mobilidade pola de asesores/as de Obras, Servizos, Urbanismo, Transportes e Medio Ambiente, e para modificar a xornada a tempo completo dun dos postos de asesores de Alcaldía por outra a tempo parcial do 85% da xornada laboral, quedando o persoal eventual na Relación de Postos de Traballo da seguinte maneira:

Posto	Funcións	Subgrupo	Comp. Destino	Comp.Específico *
1 Asesor/a Alcaldía	De confianza	C-2	18	15.604,96
1 Asesor/a Alcaldía (85% xornada tempo parcial)	De confianza	C-2	18	13.264,16
1 Asesor/a de Cultura, Deportes e Xuventude	De confianza	C-2	18	15.604,96
1 Asesor/a de Servizos Sociais e Recursos Humanos	De confianza	C-2	18	15.604,96
2 Asesores/as de Obras, Servizos, Urbanismo, Transportes e Medio Ambiente	De confianza	C-2	18	15.604,96

(\*) *Corresponde ao complemento específico aprobado no acordo do Pleno de xullo 2023 coa inclusión do incremento do 0,5% previsto no artigo 19.dos.2.a) da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de orzamentos xerais do estado para o 2023 (BOE nº 239 de 6 de outubro de 2023), pendente da aplicación do incremento adicional do 0,5% previsto no artigo 19.dos.2.b) da referida Lei.*

Visto o informe emitido pola interventora municipal en data 12 de maio do 2024 (CVD: T3o02M4v7zqxz/ezWpjr), que entre outras cousas di:

*“(.....) 2.- Como consecuencia da vulneración dos artigos 104.1 da LBRL e 201.1 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, os cales dispoñen que o número, características e retribucións do persoal eventual será determinado polo pleno de cada entidade local ao comezo do seu mandato e que estas determinacións só poden modificarse con motivo da aprobación dos orzamentos anuais, emítense un reparo suspensivo ao abeiro do artigo 216.2.c) do TRLFL.(.....).”*

Vista a proposta de modificación do cadro de persoal emitida o 21 de maio do 2024 (CVD: 6GPeKY8v4ar9M/GazIEG) polo xefe da Area de Urbanismo e Réxime Interior que inclúe as modificacións do persoal eventual incluídas na providencia da Alcaldía do 30 de abril do 2024.

Vista a proposta da Alcaldía do 22 de maio do 2024 (CVD: 0wGzaVt33dvkuknVnBq2) de rectificar a denominación dos postos incluídos no anexo de persoal na partida “912: Persoal de confianza (libre designación) que constan no expediente do proxecto orzamento 2024.

Vista a dilixencia da Intervención do 23 de maio do 2024 (CVD: XMhLY97E38FNGYxVX96m) que entre outras cousas di:

“(.....) En consecuencia, reitero o informado no meu informe referencia LMR ORZA /2024 asinado o 22.04.2024 (CVD: gxLVxl5NEUKb1LHI3Yib) referido ao proxecto de orzamento xeral 2024 e ao meu informe referencia LMR PERSONAL EVENTUAL / 2024 asinado o 12.05.2024 (CVD: T3o02M4v7zqxz/ezWpjr) no que emitín un reparo suspensivo ao abeiro do artigo 216.2.c) do TRLFL como consecuencia da vulneración dos artigos 104.1 da LBRL e 201.1 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia.( .....)”

Visto o informe emitido polo xefe da Area de Urbanismo e Réxime Interior en data 27 de maio do 2024 (CVD: YMiyXjKxlxHebf3x7f5B) no que entre outras cousas di:

“(.....) Nin que dicir ten que o número, características e retribucións do persoal eventual se determinarán polo Pleno ao comezo do seu mandato e se poderán modificar con motivo da aprobación dos orzamentos anuais, como establecen os artigos 104-1 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local e 201-1 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia. Xa se indicaba así no meu informe do pasado 7 de maio (CVD: Pn5fP7UqRpMfy3cGwTO5) polo que se formulaba proposta de acordo para a aprobación inicial da modificación da RPT para modificar as denominacións destes postos de persoal eventual.

Pero é que agora estamos precisamente en presenza dunha modificación destes postos de persoal eventual que vai unida á aprobación do orzamento para o 2024, por iso se modifica o anexo de persoal de dito documento, tamén a RPT no que a ditos postos se refire e tamén o cadro de persoal no que a este persoal eventual afecta, tal e como se indica no informe do pasado 21 de maio, polo que vai de seu que este reparo suspensivo xa de oficio se tería que eliminar.

Non obstante, dada a súa existencia e non retirada, e de conformidade co artigo 15-2 do Real Decreto 424/2017 polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades locais do sector público, expoño ao pleno, como órgano competente, discrepancia respecto ao reparo suspensivo emitido pola interventora municipal no seu informe referencia LMR Persoal eventual/2024 asinado o 12 de maio de 2024 á aprobación inicial da modificación da RPT no que respecta ao persoal eventual para a súa resolución polos fundamentos de Dereito expostos.”

Se eleva ao Pleno da Corporación a seguinte

## PROPOSTA

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo para cambiar a denominación do posto de persoal eventual de asesor/a de Patrimonio polo de asesor/a de Servizos Sociais e Recursos Humanos modificando a súa xornada de traballo de tempo parcial pola xornada de traballo a tempo completo, para cambiar a denominación do posto de persoal eventual de asesor/a de Deportes polo de asesor/a de Cultura, Deportes e Xuventude, para cambiar a denominación dos postos de persoal eventual de secretario/a de Obras e Servizos e de asesor/a de Medio Ambiente e Mobilidade pola de asesores/as de Obras, Servizos, Urbanismo, Transportes e Medio Ambiente, e para modificar a xornada a tempo completo dun dos postos de asesores de Alcaldía por outra a tempo parcial do 85% da xornada laboral, quedando o persoal eventual na Relación de Postos de Traballo da seguinte maneira:

Posto	Funcións	Subgrupo	Comp. Destino	Comp.Específico *
1 Asesor/a Alcaldía	De confianza	C-2	18	15.604,96
1 Asesor/a Alcaldía (85% xornada tempo parcial)	De confianza	C-2	18	13.264,16
1 Asesor/a de Cultura, Deportes e Xuventude	De confianza	C-2	18	15.604,96
1 Asesor/a de Servizos Sociais e Recursos Humanos	De confianza	C-2	18	15.604,96
2 Asesores/as de Obras, Servizos, Urbanismo, Transportes e Medio Ambiente	De confianza	C-2	18	15.604,96

(\*) Corresponde ao complemento específico aprobado no acordo do Pleno de xullo 2023 coa inclusión do incremento do 0,5% previsto no artigo 19.dos.2.a) da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de orzamentos xerais do estado para o 2023 (BOE nº 239 de 6 de outubro de 2023), pendente da aplicación do incremento adicional do 0,5% previsto no artigo 19.dos.2.b) da referida Lei.



2º.- Someter a información pública a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia o presente acordo modificativo da Relación de Postos de traballo polo prazo de 20 días, de conformidade co artigo 202 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á Sra. Díaz Baldomir, quen dá lectura extractada da proposta.

Intervén a concelleira do PP, Sra. Espiñeira Galán.

Faise constar que cando son as once horas e trinta e seis minutos a Sra. alcaldesa solicita orde ao público asistente, así como á voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández.

A continuación interveñen o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, a concelleira do PP, Sra. Espiñeira Galán, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 29 de maio de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0)

Abstencións: Dez (10), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez e Prieto Miramontes.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 29 de maio de 2024 (CVD: 5mLnagKKJeTF0zX3YIFB), que devén en acordo nos termos transcritos.

#### **2.4. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 797/2024, DO 28 DE XUÑO, PARA PARTICIPAR NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 2/2024” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, CUXAS BASES SE COÑECEN E ACEPTAN NA SÚA TOTALIDADE, CONFIRMANDO A APLICACIÓN DA ACHEGA PROVINCIAL ASIGNADA PARA O FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES QUE XA TIÑA INCLUÍDOS NO PLAN COMPLEMENTARIO AO POS+ 2024**

##### **Acceso á videoacta – 00:43:27 horas**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 5 de xullo de 2024 (CVD: BKa3isiEk8BHjLGk/r5/), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión ordinaria de data 24 de xullo de 2024, que transcrita di:

##### **«PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Con data 28 de xuño de 2024, por esta Alcaldía ditouse a Resolución núm. 797/2024, que transcrita di:

## “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que con data 3 de xuño de 2024, recíbese notificación da Excm. Deputación Provincial da Coruña na que se dispón unha asignación para o POS+ Adicional 2/2024 dun total de 1.169.029,59€, que ben poderá destinalos a gastos correntes do Concello, devengados durante o exercicio 2024, distintos dos financiados con cargo ao Plan Base, se así se solicitaron polo concello; ou ben destinalos a investimentos financeiramente sostibles.

Visto que segundo o disposto na devandita circular, os concellos que desexen financiar con cargo ao POS+ Adicional 2/2024 deberán presentar, a través da plataforma SUBTEL, desde o 10 de xuño ata o 28 de xuño de 2024 ás 15.00 horas, a seguinte documentación:

1. Acordo ou resolución de aprobación (Anexo XII)
2. Escrito asinado pola Alcaldía confirmando que os proxectos e demais documentación son os mesmos, segundo o modelo que figura como Anexo XXIII

Visto o acordo adoptado polo Pleno municipal na súa sesión extraordinaria do día 2 de febreiro de 2024, relativo á proposta de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024, que, entre outras cousas, di:

«(.../...)»

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	(A) Orzamento contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C = A-B) Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Proxecto básico e de execución de Mellora funcional da rúa Rocón. Concello de Cambre	124.709,04	0,00	124.709,04€
Mellora da rede de pluviais en rúa Otero Pedraio e na Patiña (Cela)	94.513,57	0,00	94.513,57€
Proxecto de execución das obras de reforzo do firme e reposición de beirarrúas desde a senda da Casilla ata o cruce AC-214 con DP-1706	145.499,32	0,00	145.499,32€
Obras de oportunidade na senda da Casilla, AC-214, Pks 7+145-8+045	54.629,09	0,00	54.629,09€
Obras de oportunidade na senda de A Xira, AC-214, pks 8+500-8+870	47.120,44	0,00	47.120,44€
<b>TOTAIS</b>	<b>466.471,46</b>	<b>0.00</b>	<b>466.471,46€</b>

»

Visto o informe do xefe a Área de Urbanismo e Réxime Interior, de data 24 de xuño de 2024 (CVD: yb20XU4tcKZVFtXAiqVH).

En uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,  
**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS + ADICIONAL 2/2024” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, confirmando a aplicación da achega provincial asignada para o financiamento dos investimentos

financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024, tal e como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
Proxecto básico e de execución de Mellora funcional da rúa Rocón. Concello de Cambre	124.709,04€	0,00€	0,00€	0,00€	124.709,04€
Mellora da rede de pluviais en rúa Otero Pedraio e na Patiña (Cela)	94.513,57€	0,00€	0,00€	0,00€	94.513,57€
Proxecto de execución das obras de reforzo do firme e reposición de beirarrúas desde a senda de A Casilla ata o cuce AC-214 con DP-1706	145.499,32€	0,00€	0,00€	0,00€	145.499,32€
Obras de oportunidade na senda de A Casilla, AC-214, pks 7+145-8+045	54.629,09€	0,00€	0,00€	0,00€	54.629,09€
Obras de oportunidade na senda de A Xira, AC-214, pks 8+500-8+870	47.120,44€	0,00€	0,00€	0,00€	47.120,44€

<b>Achega provincial asignada ao concello no POS + Adicional 2/2024</b>	1.169.029,59€
<b>Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS + Adicional 2/2024</b>	466.471,46 €
<b>Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 2/2024</b>	702.558,13€

**Segundo.-** Declarar que, tal e como consta no cadro transcrito no punto primeiro desta resolución, non hai achega municipal ao financiamento dos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2024.

**Terceiro.-** Someter a eficacia deste acordo á condición suspensiva da súa ratificación polo Pleno municipal.”

Visto o disposto na citada resolución, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 797/2024, do 28 de xuño, para participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2024” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, confirmando a aplicación da achega provincial asignada para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024”.

**Segundo.-** Remitir certificación deste acordo á Deputación Provincial da Coruña.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós, quen explica a proposta.

Interven a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, e o concelleiro de UxC, Sr. González Leirós.

Cando son as once horas e cincuenta e catro minutos, e tras pedir orde, a Sra. alcaldesa solicita a unha das persoas que se atopan entre o público asistente que abandone o salón de sesións.

*(Neste intre abandona a sesión a persoa do público)*

Cando son as once horas e cincuenta e cinco minutos, a Sra. alcaldesa solicita a outra das persoas que se atopan entre o público que igualmente abandone o salón de sesións.

*(Neste intre abandona a sesión a persoa do público)*

Cando son as once horas e cincuenta e seis minutos continúa a sesión. Intervenían o concelleiro de UxC, Sr. González Leirós, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 5 de xullo de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (14), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0)

Abstencións: Seis (6), dos/as Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez e Prieto Miramontes.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 5 de xullo de 2024 (CVD: BKa3isiEk8BHjLGk/r5/), que devén en acordo nos termos transcritos.

## **2.5. MOCIÓN URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA**

### **Acceso á videoacta – 01:07:10 horas**

		concepto de facturacións de subministración de electricidade emitidas e non aboadas, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á asesoría xurídica da excma. Deputación provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola excma. Deputación provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
824/2024	05-07-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 27/05/2024, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: MJME
825/2024	05-07-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: JIG
826/2024	05-07-2024	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 9 de xullo de 2024, ás 9.00 horas
827/2024	08-07-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: ZBH
828/2024	08-07-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 5 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: LChCh
829/2024	08-07-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: NPdeS
830/2024	09-07-2024	Considerar desistida a NMdaSdaC da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 27/3/2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
831/2024	09-07-2024	Considerar desistido a LABF da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 23/05/2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
832/2024	09-07-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
833/2024	09-07-2024	Arquivar o expediente ao terse constatado que as deficiencias detectadas na evacuación das augas pluviais provenientes da nave industrial sita na rúa Polígono, O Temple foron corrixidas, de acordo co disposto polos arts. 153.2, 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
834/2024	09-07-2024	Arquivar o expediente ao terse constatado que as deficiencias detectadas no muro de peche de cachotería, sito en Cambre foron corrixidas, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
835/2024	09-07-2024	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2024 correspondente ao mes de febreiro que comprende 266 recibos e 140 cotas cero por un importe total de 1.333,60 €
836/2024	09-07-2024	Suspender inmediatamente obras que se están a realizar na parcela sita en Brexo, consistentes na rehabilitación integral dunha vivenda unifamiliar, sen título habilitante, de

		acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a RGV co obxecto de determinar a compatibilidade das obras e o uso proxectado co ordenamento urbanístico vixente, de conformidade co disposto polo artigo 152.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
837/2024	09-07-2024	Desestimar o recurso de reposición presentado por JVC por canto que as alegacións realizadas versan fundamentalmente sobre a procedencia da orde de demolición ditada no expediente, que xa é firme, polo que non cabe volver a reconsiderar a decisión adoptada nin tampouco introducir cuestións novas, sen que por outra parte os documentos presentados, consistentes en diversas liquidacións de taxas e facturas, sirvan para acreditar fehacientemente que a hornacina e o contador da auga se atopasen no mesmo lugar desde o ano 2018, xa que nada indican ao respecto
838/2024	09-07-2024	Considerar desistido a JLVR da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 27/05/2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
839/2024	10-07-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a JTV co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente das obras consistentes nunha conexión á rede pública de sumidoiros, sen título habilitante, proveniente da parcela sita en Pravio, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
840/2024	10-07-2024	Iniciar expediente de orde de execución á comunidade de propietarios do edificio sito en Cambre, para a corrección do vertido denunciado, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
841/2024	10-07-2024	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a BChT, con periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, de 1000,00 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 16 de decembro de 2022 pola que se lle ordenou que derrubase o pendello construído na parcela sita en Cecebre, ao non ter procedido á presentación da documentación que lle foi requirida dentro do prazo concedido ao efecto, de acordo co disposto polos artigos 152.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro de 2016, do solo de Galicia
842/2024	10-07-2024	Arquivar o expediente ao ter procedido a interesada a rozar a parcela afectada. Iniciar expediente de orde de execución a DP S.A para a roza da vexetación existente na finca sita no Temple, segundo o disposto nos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
843/2024	10-07-2024	Desestimar as alegacións presentadas por JPS por canto que se constatou que non procedeu a retirar os materiais residuais existentes na finca, senón ao seu soterramento, realizando un movemento de terras carecendo do preceptivo título habilitante
844/2024	10-07-2024	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en 9 mesas durante o ano 2024 fronte á pizzería situada na parroquia do Temple, Cambre, condicionada a que as 3 mesas pequenas se instalen adosadas á fachada do edificio e sen sobrepasar o fronte do local e as outras seis mesas se instalen na isleta da beirarrúa situada fronte ao local segundo o croquis que se achega, deixando libre en ambos casos un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: ND, SL
845/2024	10-07-2024	Suspender inmediatamente os vertidos de augas residuais provenientes da parcela sita en Cela, de acordo co disposto nos artigos 40 e 41 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro de protección ambiental de Galicia
846/2024	10-07-2024	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en oito mesas con catro

		cadeiras cada unha durante o ano 2024 fronte á panadería degustación situada na parroquia do Temple, condicionada a que a terraza se instale adosada á fachada do edificio, sen sobrepasar a fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: CPSeH, SL
847/2024	10-07-2024	Autorizar á titular da licenza de taxi número 13, a substituír o vehículo co que presta servizo, marca Citroen, modelo C-Elysse Bluehdi 100SHINE, matrícula 5807KGG, por outro de nova adquisición, marca Skoda Octavia, matrícula 0849MFP. Solicitante: MFG
848/2024	10-07-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 21 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita na parroquia de Cecebre. Solicitante: UFD, DE, S.A
849/2024	10-07-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 15 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita na parroquia de Anceis. Solicitante: UFD DE, SA
850/2024	10-07-2024	Autorizar ao titular da licenza de taxi número 4 a substituír o vehículo co que presta servizo, marca Renault Laguna, matrícula 5039HRG, por outro de nova adquisición, marca Toyota Corolla, matrícula 1138MHF. Solicitante: JMGM
851/2024	11-07-2024	Dar de baixa no padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia e falecemento ás persoas dende a data que consta, isto de conformidade co informe emitido pola encargada do Padrón municipal de Habitantes de data do día 11 de xullo de 2024 e en virtude do establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
852/2024	11-07-2024	Dar de alta no padrón municipal de habitantes de Cambre, por cambio de residencia e nacemento e autorizar os trocos de domicilio e modificación de datos persoais, así como renovar a inscrición no padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e comprobar a residencia dos cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e outros estados pertencentes ao Espazo Económico Europeo de todas as persoas nas datas que constan, isto de conformidade co o informe emitido pola encargada do Padrón municipal de Habitantes de data do día 11 de xullo de 2024 en virtude do establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
853/2024	11-07-2024	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 117, letra C no cemiterio municipal de Cambre solicitada en data 02 de xullo de 2024 ao obxecto de inhumar o cadáver LASP falecido o día 23 de xuño de 2024 e cuxo cadáver foi inhumado no dito nicho en data día 24 de xuño de 2024. Solicitante: MLPN
854/2024	12-07-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 16 de xullo de 2024
855/2024 (corresponde ao día 10 de xullo)	10-07-2024	Declarar a ineficacia da comunicación previa para executar unha canalización de 32 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica para uso agrícola á finca sita na parroquia de Cambre. Solicitante: UFD DE, S.A
856/2024	15-07-2024	Delegar no concelleiro don Juan González Leirós a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de MLC eAFM
857/2024	15-07-2024	Delegar na concelleira dona María Yolanda Díaz Baldomir a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de LMS e AGF
858/2024	15-07-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 1 metro lineal para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica ao edificio sito na rúa Abeleira, parroquia do Temple. Solicitante: UFD DE, S.A.

859/2024	16-07-2024	Aprobar o reintegro dos fondos non xustificados da subvención concedida para a contratación de persoas perceptoras de RISGA no ano 2019, a prol da Xunta de Galicia por importe de 1.752,82 euros
860/2024	16-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a MRI por non residir no citado domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
861/2024	16-07-2024	Levantar os reparos formulados pola intervención de data 19 de xuño de 2024 tendo en conta o informe emitido polo enxeñeiro técnico industrial municipal, responsable do contrato, con data 11.07.2024. Aprobar as facturas por importe total de 85.893,70 euros
862/2024	16-07-2024	Rexeitar a petición de RAMR respecto da devolución do importe de 300, correspondente á bonificación do 50 por cento do importe da sanción
863/2024	16-07-2024	Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal no informe de intervención de data 18 de setembro de 2023 tendo en consideración o informe da educadora social co conforme da coordinadora de servizos sociais de data 10 de xullo de 2024
864/2024	17-07-2024	Aprobar a programación de especialidades formativas acreditadas pola Xunta de Galicia para a impartición dos certificados de profesionalidade no Centro Municipal de Formación do Concello de Cambre, en modalidade presencial. Solicitar á xefatura territorial da consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Coruña unha subvención para a realización das anteditas accións formativas, segundo o establecido nos módulos económicos, Anexo IV "Relación de especialidades formativas que poden ser obxecto de subvención na convocatoria, con indicación das que teñen a consideración de prioritarias a nivel Galicia ou nivel comarca, do importe dos módulos económicos por hora e alumno/a, e da obriga de ser o caso, de impartir o módulo transversal de prevención de riscos laborais", así como os módulos transversais establecidos no artigo 30.1 e 30.2. da citada orde do 1 de xullo de 2024
865/2024	17-07-2024	Declarar a xubilación forzosa da funcionaria de carreira M <sup>a</sup> TMN con efectos do 17 de xullo de 2024, de conformidade cos artigos 67.4 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, 68.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e 205 e Disposición transitoria sétima do Texto refundido da Lei xeral da seguridade social aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, de 30 de outubro
866/2024	17-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a RDL, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
867/2024	17-07-2024	Aprobar as facturas e gastos por un importe total de 163.995,76 euros
868/2024	18-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a JJCF por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
869/2024	18-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a AKMM, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
870/2024	18-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos

		dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a MDS por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
871/2024	18-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a JMML, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
872/2024	18-07-2024	Aprobar, con efectos do 2 de xullo de 2024, a relación de solicitudes admitidas con praza na actividade Campamento pequenos no Grove (Pontevedra), do programa xuvenil municipal "O Verán Xa Está Aquí". Aprobar, con efectos do 13 de xullo de 2024, a relación de solicitudes admitidas con praza na actividade Campamento maiores no Grove (Pontevedra), do programa xuvenil municipal "O Verán Xa Está Aquí"
873/2024	18-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a MSGS, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
874/2024	18-07-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 64 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita, parroquia de Cambre. Solicitante: UFD DE, S.A
875/2024	18-07-2024	Convocar os procesos de selección para a cobertura en propiedade das prazas de bibliotecario arquivista, incluída na Oferta Pública de Emprego do 2022, e dúas de axentes de protección civil, incluídas nas Ofertas de Emprego Público do 2022 e 2023, respectivamente. Aprobar as bases xerais e específicas reguladoras desta convocatoria
876/2024	18-07-2024	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal asinado o día 16.07.2024 e continuar coa tramitación do expediente. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para adxudicar o contrato da subministración de liñas, cadros eléctricos temporais e restantes elementos para proporcionar enerxía e iluminación aos espazos de celebración da VII romaría galaico romana – Galaicoi. Adxudicar o contrato da subministración de liñas, cadros eléctricos temporais e restantes elementos para proporcionar enerxía e iluminación aos espazos de celebración da VII romaría galaico romana - Galaicoi, ao licitador Iluminación Naveiro, S.L. no prezo ofertado de 10.000,00 € sen IVE, 12.100,00 € (IVE incluído)
877/2024	18-07-2024	Cesar con data 18 de xullo de 2024 ao bibliotecario interino GDM polo transcurso do prazo máximo de tres anos establecido para a cobertura interina de vacantes, artigos 10.1 a) y 4 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, e 23.2 a) e 23.3 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
878/2024	19-07-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 23 de xullo de 2024
879/2024	19-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a JJVC por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
880/2024	19-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a IT por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais

881/2024	19-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía JARL, YASJB, ACBSJ, SIRSJ, AdeSJA e DJdeSJB por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
882/2024	19-07-2024	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 24 de xullo de 2024
883/2024	19-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a JLFM por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
884/2024	24-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a JGMR, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
885/2024	24-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a JABR por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
886/2024	23-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a AADV por non residir no citado domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

#### Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 9 de xullo de 2024

- Proposta relativa á contratación das subministracións necesarias para o desenvolvemento dos cursos do Plan Formativo para o Emprego PLAN AFD. Expediente TEdC número 2023/C005/000015.
- Proposta relativa á ampliación do prazo de execución da obra "Mejora funcional y accesibilidad del Parque Ramón Barba. Fases 1 y 2" (expediente 2022/C003/000011) en dous meses e dez días, tal e como solicita o contratista mediante escrito rexistrado de entrada o día 1306.2024 ao número 202499900003889.

#### Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 16 de xullo de 2024

- Proposta relativa á aprobación do expediente para a contratación do "Servizo de organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares", mediante o procedemento aberto suxeito a regulación armonizada (con multiplicidade de criterios de adxudicación de apreciación automática), cun valor estimado de 559.308,31 euros e cun orzamento base de licitación para dous anos de 297.133,93 euros (IVE incluído), dividíndose o obxecto do contrato en dous lotes (lote núm. 1 "Servizo de organización e desenvolvemento do módulo de actividades e dos módulos de complemento educativo" e lote núm. 2 "Servizo de catering")
- Proposta relativa á devolución da garantía definitiva no expediente número 2019/C005/000011, para a "Subministración consistente no alugueiro, incluído mantemento, dun sistema biométrico para o control de presenza do alumnado e persoal



docente dos cursos do Plan AFD 2019- 2020 durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga aos cursos académicos 2020- 2021, 2021-2022 e 2022-2023

### 4.3. ROGOS

**Acceso á videoacta – 02:07:41 horas**

#### ROGOS DO PP PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900005059 o día 27 de xullo de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

**1º rogo - Acceso á videoacta – 02:07:47 horas**

Lee o rogo o Sr. Vázquez Pérez.

“Ademais dos continuos problemas e deficiencias do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), agora engádese o absoluto descontrol nos pagos, nestas últimas semanas estanlle chegando aos usuarios do SAF cartas para cobrar recibos do servizo con máis dun ano de atraso, onde non se especifican os servizos cobrados para poder comprobar se foron efectivamente prestados e non se lles facilita por parte do concello a información solicitada e correctamente desagregada, sendo ademais esta acumulación de recibos un enorme prexuízo económico para os usuarios, xa que teñen que aboar de golpe todas as cantidades pendentes con data límite a mediados de agosto.

Dende o Partido Popular non entendemos semellante negligencia e sobre todo con este colectivo tan vulnerable, por tanto solicitamos que se leve a cabo de maneira urxente a aplicación de medidas por parte do concello e da empresa para solucionar este grave problema, empezando por xustificar a que se deben os servizos cobrados e se especifiquen correctamente, que se revise o sistema e a partir de agora se fagan efectivos os cobros do servizo o mes seguinte tal e como especifica a normativa, que de maneira detallada nos recibos se desagreguen os servizos prestados e se faga chegar esa información aos domicilios, que se contesten as solicitudes de información realizadas por rexistro polos usuarios canto antes, e que se depuren responsabilidades por parte dos responsables de controlar o servizo e o sistema de cobros, empezando por unhas explicacións claras e reais por parte da concelleira de Servizos Sociais.”

*(Cando son as trece horas e oito minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro de UxC, Sr. Boga Moscoso, que se reincorpora ás trece horas e once minutos, durante a contestación ao rogo)*

A Sra. Díaz Baldomir contesta o rogo. Interveñen o Sr. Vázquez Pérez, a Sra. Prieto Miramontes e a Sra. alcaldesa.

**2º rogo - Acceso á videoacta – 02:24:00 horas**

Lee o rogo a Sra. Piñeiro Fernández.

“Este rogo que presenta o Partido Popular vai dirixido a unha parroquia en concreto aínda que por desgraza non é a única en sufrir un abandono xeneralizado nos seus servizos básicos e esenciais. O Partido Popular roga ao Goberno municipal a implicación e o destino do investimento necesario para modernizar o que por lei lle corresponde ao lugar de Peirairo na parroquia de Bribes. Falta de beirarrúas, arranxo de marquesiñas, actualización de contedores, estudo do perigo do acceso a esta parroquia, en definitiva rogamus ao goberno de

Unión por Cambre o seu compromiso coas necesidades de Peirao aínda que electoralmente non lles interese.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Intervenñen a Sra. Prieto Miramontes e a Sra. Piñeiro Fernández.

*(Cando son as trece horas e vinte e oito minutos, auséntase da sesión a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández).*

### **3º rogo - Acceso á videoacta – 02:30:32 horas**

Lee o rogo a Sra. Espiñeira Galán.

“Os veciños de Lendoiro teñen que convivir con lixo que non se retira os días acordados, mércores e domingo, ao igual que o acceso aos contedores cada vez faise máis complicado pola maleza existente, remito as fotos da súa situación. Este problema dáse con carácter xeral por todo Lendoiro. Rógase que se tomen as medidas necesarias e solicítase que se limpen os accesos a estes.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

### **ROGO DO PSDEG-PSOE PRESENTADO POR ESCRITO**

Rexistrado de entrada ao núm. 202499900005058 o día 26 de xullo de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que redactado en castelán e traducido ao galego, di:

### **Único rogo - Acceso á videoacta – 02:31:36 horas**

Lee o rogo a Sra. Rodríguez López.

“Tras meses agardando a intervención nas gradas do campo de fútbol dos Pinares de Brexo-Lema, rogamos que nos informen cal é o seu estado.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

### **ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO**

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900005057 o día 26 de xullo de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

### **1º rogo - Acceso á videoacta – 02:32:42 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“Rematado por este ano 2024 os actos de celebración do Galaicoi, a valoración que se pode facer despois de asistir tanto en directo como na súa difusión polos medios axeitados, destaca cada vez con máis pulo, o feito das guerras, das loitas, da forza en definitiva, pasando a ser o eixo fundamental desta festa castrexa.

Dende o BNG, apostamos, como non pode ser doutro xeito, pola difusión da nosa cultura, pero non entendemos que despois de tantos anos de celebrar este acontecemento, se chegue a tal nivel de estancamento en canto á súa pedagogía e disfrute. Espadas (de antenas ou non) e os escudos galaicos, non poden ser case que a única imaxe desta celebración.

Non podemos esquecer, que este festexo, leva boa parte do noso orzamento de cultura e festas, polo que lamentamos profundamente que dende o goberno municipal, como ideólogos dela, non se teña feito unha revisión e consideración dos seus derroteiros.

Non se entende así, como o persoal que leva a cabo representacións teatralizadas non sexan agora feitas dende o noso tecido asociativo, cando teñen amosado que son capaces con tempo de levalo a cabo co maior dos éxitos.

Rogamos, a este goberno municipal, que reflexione sobre este xeito de actuar, e teña en conta a achega que como grupo municipal lle facemos, atendendo sempre ao sentir da nosa veciñanza.”

O Sr. Boga Moscoso contesta o rogo. Intervén a Sra. Prieto Miramontes.

## **2º rogo - Acceso á videoacta – 02:42:09 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

«Cos orzamentos que proveñen da Deputación o Concello de Cambre vai levar a cabo unha “remodelación” do entorno da igrexa de Sta. María de Cambre, atendendo a que non dispón de “un itinerario peonil accesible”. Fálase nese proxecto de que as “condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos.” etc.

Nós, como grupo municipal do BNG, non podemos máis que ter por horizonte, a igualdade, e a non discriminación sexa no campo que sexa.

E por isto, e por cuarta ou quinta vez, traemos aquí o caso da mobilidade dende o Apeadeiro cara a Fraís pasando por Sobreguexe en Cecebre. Digo mobilidade, porque a xente nova ou maior que dependa de axuda para poderse desprazar, sabe que por vivir nesa zona do Concello de Cambre, está condenada a permanecer na súa casa sen poderse desprazar, aínda tendo vehículo manual ou motorizado adaptado para a súa circunstancia.

Por que???

Porque o que no seu día foi construída como beirarrúa, foise enchendo de terra nun dos seus lados, e porque a terra que non se retira no seu momento, fai o seu labor, producindo herbas (boas e as denominadas malas) que impiden a circulación.

Facendo unha comparativa co que inicialmente acabo de mencionar da igrexa de Cambre, nace o agravio comparativo, difícil de entender, difícil de soportar, cando resulta que os teus dereitos están avalados polas achegas que como veciña/o estás obrigada/o.

Rogamos, que dunha vez por todas, se teña en conta non esta discriminación, senón o que claramente é unha inxustiza.

E que non se nos poña como desculpa, temas solucionables como son o das expropiacións ou negociacións coas veciñas/os propietarias/os, xa que noutros concellos teñen a mesma problemática e resólvena.»

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

### **3º rogo - Acceso á videoacta – 02:45:58 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“Temos no noso concello bastantes asuntos que dependen do que pode ser o PXOUM, coma por exemplo a Antena de Anceis.

Xa que se a estas alturas, tiveramos unha ferramenta coma esa, saberíamos cales son os lugares da nosa xeografía destinados para ese fin.

Dende a súa aprobación inicial, tan só tivemos unha primeira xuntanza da Comisión informativa e Urbanismo destinada a esa finalidade.

Os meses van pasando, polo tanto os anos acompañarán no tempo, e sabemos que por parte da empresa contratada, non estaban aínda informadas a totalidade as alegacións veciñais.

A que agarda o Goberno municipal para seguir co proceso e convocar de novo a esa comisión, rematando ese período de contestación ás alegacións?

Rogamos que se convoque de novo, e que non se poña de desculpa que estamos no verán.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

### **ROGOS DE AV PRESENTADOS ORALMENTE**

#### **1º rogo oral - Acceso á videoacta – 02:47:43 horas**

O Sr. Castro Uzal formula o seguinte rogo:

Di que na rúa Luis Seoane, o paso elevado xusto antes do cuartel da Garda Civil, no Temple, ten todo o empedrado roto, solto ou levantado, e di que viron que na rúa paralela, Anxel Fole, xa foi substituído por un pavimento continuo de formigón, polo que consideran necesaria esa reparación.

#### **2º rogo oral - Acceso á videoacta – 02:48:13 horas**

O Sr. Castro Uzal formula o seguinte rogo:

Di que xa nesta época que están do ano, xa case a mediados ou finais do verán, di que cre que xa é necesaria unha limpeza do paseo marítimo do Temple, tanto das beirarrúas como das malas herbas que medran arredor das flores, das árbores pequenas, etc.

#### **3º rogo oral - Acceso á videoacta – 02:48:36 horas**

O Sr. Castro Uzal formula o seguinte rogo:

Di que solicitan unha revisión dos muros de cachotería antigos, de pedra, que están caendo ou a punto de caer, sobre todo na zona de Amil; di que os camiños son estreitos e que hai zonas onde é bastante dificultoso pasar co coche.

### **4.4. PREGUNTAS**

**Acceso á videoacta – 02:49:47 horas**

**PREGUNTAS DO PP PRESENTADAS POR ESCRITO**

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900005059 o día 27 de xullo de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

**1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:49:48 horas**

Lee a pregunta o Sr. Lamela Vázquez.

“Dada a época na que nos atopamos cos posibles incendios derivados das altas temperaturas do verán e dada a mala xestións que o Goberno municipal está levando a cabo coa roza e o seu calendario, o Partido Popular pregunta cando van a realizar a roza en Peirairo número 53 e os seus arredores (véxase nas fotos presentadas) onde a maleza está moi preto das casas e os vehículos teñen dificultades para poder pasar. Pedimos concreción na resposta.”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

**2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:51:14 horas**

Lee a pregunta o Sr. Lamela Vázquez.

“O Partido Popular pregunta: Como pensan organizarse para garantir a seguridade dos actos programados polo concello como exemplo o Rock in Cambre?”

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

**3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:51:54 horas**

Lee a pregunta o Sr. Lamela Vázquez.

“Tendo en conta as altas temperaturas e a estación na que nos atopamos: Cando se levará a cabo a limpeza dos contedores públicos?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

**PREGUNTAS DO PSDEG-PSOE PRESENTADAS POR ESCRITO**

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900005058 o día 26 de xullo de 2024, xunto co rogo presentado para este pleno, que redactadas en castelán e traducidas ao galego, din:

**1ª e 2ª preguntas - Acceso á videoacta – 02:53:04 horas**

Lee as preguntas a Sra. Prieto Lamas.

“No pleno anterior indicóusenos que o persoal de reforzo para o SAF estaría contratado a principios de xullo e que neste mes tamén se incorporaría o de inclusión. A día de hoxe ningún está traballando:

- Poderían dicirnos os motivos?
- Cal é a planificación que hai destas incorporacións?”

A Sra. Díaz Baldomir contesta as preguntas.

**3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:54:00 horas**

Lee a pregunta a Sra. Rodríguez López.

“A día de hoxe non se sabe nada do proxecto de reforma do campo de fútbol de Lendoiro da Barcala:

En que situación se atopa o proxecto de reforma do campo de fútbol de Lendoiro da Barcala?”

O Sr. López Saborido contesta a pregunta.

**PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO**

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900005057 o día 26 de xullo de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

**1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:54:39 horas**

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

«Cal é o motivo, polo que as distintas superficies de titularidade municipal son tratadas con diferentes raseiros á hora de facer as rozas e mantemento correspondente?

E se non son de titularidade demostrable, pero si con elementos colocados polo concello, e rozados “as veces” que se siga o mesmo procedemento en igualdade de trato.»

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

**2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:56:01 horas**

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Queda máis ou menos un mes para que a nave de Amazon sita no polígono de Espíritu Santo en Cecebre, pase a estar en funcionamento, segundo as novas aparecidas nos medios de difusión.

Dende o BNG, e coñecendo de primeira man os problemas de circulación do noso Concello de Cambre, por non ter previstas áreas de circunvalación das zonas máis conflictivas, preocúpanos en moi alto grao, o que pode provocar esta nova actividade, que se vén a sumar ao movemento en alza de furgonetas de reparto.

Que nos pode informar a señora alcaldesa despois desa visita aclaratoria cos responsables locais da empresa?”

A alcaldesa, Sra. Pan Lesta, contesta a pregunta.

**3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:59:11 horas**

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.



“Despois de que a señora alcaldesa acudise a unha xuntanza ao local social do Apeadeiro de Cecebre, esta puido apreciar o estado lamentable en que se atopa en canto a humidades e estado hixiénico-sanitario na súa parte soto (sen falar do exterior, que parece dunha barriada excluída).

Como coñecedores dos problemas que causan os fungos na saúde da xente, dende o BNG estamos alarmados de que calquera día non aparezan casos derivados do uso dun local, que o Concello (sabedor) mantén nese estado coa irresponsabilidade que acompaña o acto.

Dígnanos: que van facer para que os/as nenos/as e demais usuarios/as poidan facer uso do local para as actividades que leven a cabo, coa seguridade imprescindible?”

A alcaldesa, Sra. Pan Lesta, contesta a pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, ás catorce horas e dous minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretario accidental nesta sesión, dou fe.

Vº e praxe  
A presidenta  
(Asinada dixitalmente)

María Dolores Pan Lesta

O secretario accidental  
(Asinada dixitalmente nesta data polo técnico de  
xestión de Administración Xeral que actuou como  
secretario accidental na sesión)  
Fernando Manuel Garrido Negreira